1 GARCÍA DE ENTERRÍA, Eduardo e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Tomás Ramón, *Curso de Dereito Administrativo, vol. II*, Ed. Civitas, Madrid, 2000 pág. 541 citado en CHOLBI CACHÁ, Francisco Antonio e MERINO MOLINS, Vicente, *Execución de sentenzas no proceso contencioso -administrativo e inembargabilidade de bens públicos*, pág.33.

Malia os esforzos do legislador veremos que, na práctica, son moitos os supostos nos que non se cumpren os fallos xudiciais. Esta cuestión está especialmente agudizada nos procesos urbanísticos tendo en conta os intereses implicados nesta clase de litixios.

1.2 O dereito á execución de sentenzas como parte do dereito constitucional á tutela xudicial efectiva

O artigo 24.1 CE reconece o dereito á tutela xudicial efectiva e prohíbe a indefensión establecendo que: *“Todas as persoas teñen dereito a obter a tutela “efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos lexítimos, sen que en ningún caso, se poida producir indefensión”.*

A concreción de dereitos do artigo 24.1 foi un labor levado a cabo pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional (TC). Segundo esta doutrina englobaría os seguintes dereitos: dereito de acceso á xustiza; dereito á obtención dunha resolución de fondo sempre que se cumpran os requisitos procesuais para iso², que en ningún caso supón dereito a obter unha resolución favorable ás pretensións do litigante; dereito a unha sentenza motivada, isto é unha sentenza fundada en dereito que non sexa arbitraria nin irrazoable e que non incorra en erro patente; dereito a unha sentenza congruente; dereito aos recursos que legalmente se establezan e, como última dimensión do artigo 24.1, o dereito á execución das sentenzas.

Analizaremos brevemente esta última vertente do dereito.

Doutrina e xurisprudencia viñeron entendendo que a tutela xudicial non será efectiva se o mandato que esta contén non se cumpre. Así, a STC 32/1982 do 7 de xuño³ dispuxo que o dereito á tutela xudicial efectiva *“esixe tamén que o fallo xudicial se cumpra e que o recorrente sexa repostado no seu dereito e compensado, se houbese lugar a iso, polo dano sufrido; o contrario sería converter as decisións xudiciais e o recoñecemento dos dereitos que elas comportan en favor dalgunhas das partes en meras declaracións de intencións.”* (Fdto. Jco. Nº 2).

Hai que poñer aquí de manifesto que un dos presupostos do dereito constitucional, que estamos a examinar, é que as resolucións xudiciais a executar sexan firmes, isto é, que non sexan susceptibles de recurso ningún, o que como veremos non significa que as sentenzas non firmes non sexan susceptibles de execución a través da execución provisional de sentenzas, pero esta execución provisional non formará parte do dereito fundamental.

1.3 A execución de sentenzas no ámbito contencioso-administrativo e os problemas específicos que se formulan no dereito urbanístico

A LXCA de 1998 incorpora nos seus artigos 103 a 113 o réxime legal da execución de sentenzas. O artigo 103.1 LXCA apártase definitivamente da atribución ás Administracións Públicas da potestade de facer executar as sentenzas e atribúe esta competencia ao **xuíz ou tribunal que coñeceu do asunto en primeira instancia**.

2 STC 9/1981, do 31 de marzo (RTC 1981/9) Fdto. Xco. Nº 4.

3 STC 32/1982, do 7 de xuño (RTC 1982/32) Fdto. Xco. Nº 2.

Poñendo este artigo en relación coas regras de competencias da propia LXCA, en materia urbanística van ser os Xulgados Contencioso -Administrativos e os Tribunais Superiores de Xustiza (TSX) os que van levar o peso da execución. O artigo 8 LXCA establece a competencia dos Xulgados C-A para coñecer, en única ou primeira instancia, os recursos que se deduzan fronte aos actos de entidades locais con exclusión das impugnacións de calquera clase de instrumentos de plan urbanístico, e, segundo o artigo 10 LXCA, os TSX van ser os competentes para coñecer, en única instancia, dos recursos de actos das entidades locais e das comunidades autónomas cando o seu coñecemento non estea atribuído aos xulgados do contencioso, así como fronte ás disposicións xerais emanadas das entidades locais e das comunidades autónomas. Isto supón que, a grandes trazos, e en materia urbanística, a competencia de execución corresponde a:

1. os Xulgados do Contencioso -Administrativo respecto das sentenzas derivadas dos recursos fronte a licenzas urbanísticas.
2. os TSX en relación ás sentenzas derivadas de impugnacións de plans e instrumentos de plan urbanístico aprobados polas entidades locais.

A pesar da obriga legal e constitucional de execución de sentenzas, o certo é que a práctica urbanística nos mostra numerosos casos en que este deber é incumplido. Este malestar foi posto de manifesto pola xurisprudencia administrativa que, recollendo pronunciamentos do TC, concluíu que *“convén insistir nesta última dimensión do dereito á tutela xudicial, porque é certamente aquí, nos incumprimentos administrativos disimulados ou indirectos, onde se ocultan os maiores riscos tanto para o sistema xurídico xeral coma para os dereitos dos particulares”*⁴.

A base legal para que se produzan estes incumprimentos encóntrase en dous supostos que recolle o artigo 18.2 da LOPX e especificamente o artigo 105 da LXCA: a imposibilidade material ou legal de executar unha sentenza e a expropiación dos dereitos e interese recoñecidos fronte á Administración Pública nunha sentenza firme.

Faremos aquí unha referencia ao **principio de proporcionalidade** e a súa incidencia nesta materia. Con carácter xeral, este principio supón a necesidade dunha adecuación ou harmonía entre o fin de interese público que se persiga e os medios que se empreguen para alcanzalo, polo tanto, se cabe unha medida menos gravosa que satisfai igualmente o fin perseguido o principio de proporcionalidade levaranos a aplicala. Se ben, como puxo de relevo o TS na Sentenza do 2 de outubro de 2002⁵ *“nos casos de actuacións que, como a que se axuiza, contradín o plan urbanístico, a Administración resulta obrigada a restaurar a realidade física alterada ou transformada por medio da acción ilegal. Non ten posibilidade de optar entre dous ou máis medios distintos polo que non resulta de aplicación o principio de proporcionalidade”*. Por iso, o principio de proporcionalidade xoga á hora de elixir a medida a aplicar na sentenza, moderando a aplicación da drástica medida de demolición cando o desaxuste legal sexa mínimo, pero non para modular a execución unha vez establecida nesta a medida de derrubamento.

4 ATS do 16 de novembro de 2002 (XUR 2002/266664) (Fdto.Xco. 2º) recollendo a doutrina constitucional establecida na STC nº167/1989.

5 STS do 2 de outubro de 2002 (RX2002/8858) Fdto. Xco. nº 2.

O problema principal que nos encontramos no dereito urbanístico é o de deslindar cando estamos ante un caso de imposibilidade legal e cando ante supostos de execución fraudulenta. Os casos máis patentes de inexecución de sentenzas urbanísticas prodúcense como consecuencia da existencia dun fallo xudicial que obriga á demolición dun inmovible. Nestes supostos é frecuente que nos encontremos coa aprobación dun plan posterior ou unha ulterior licenza que vai dar cobertura xurídica a esa obra ilegal. O elemento clave para discernir se estamos ante unha imposibilidade ou ante un caso defraudatorio vai vir dado pola existencia ou non de **“finalidade de eludir o cumprimento do fallo xudicial”**.

O artigo 118 do Texto Constitucional prevé que as sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes de Xuíces e Tribunais son de obrigado cumprimento e recolle a obriga de prestar a colaboración requirida por eles, tanto no curso do proceso como na execución do resolto. Neste sentido, o TC puxo de manifesto na súa Sentenza 312/2006 do 8 de novembro⁶ que as resolucións xudiciais han de ser cumpridas polo ente público

o cal ha de levalas a cabo coa necesaria dilixencia, sen obstaculizar o cumprimento do acordado, por impoñelo o artigo 118 da Constitución, e cando tal obstáculo se produza, o xuíz adoptará medidas necesarias para a súa execución sen que se produzan dilacións indebidas, pois o atraso inxustificado na adopción das medidas indicadas afecta no tempo á efectividade do dereito fundamental.

Os artigos 103.2 e 3 LXCA e 17.2 LOPX insisten neste deber de colaboración aínda que na práctica esta **colaboración é máis ben escasa**: a realidade demostra que os Concellos, non só non prestan a colaboración requirida no ámbito urbanístico, senón que a través da interposición indiscriminada dos recursos pretenden a máxima dilación posible dos procesos xudiciais, especialmente no caso de condenas de demolición polas consecuencias políticas que pode carrexar levar a termo a execución. En moitas ocasións, as administracións locais baséanse na falta de medios materiais para levar a cabo este deber, por iso, sería interesante que na LXCA se regulase uns mecanismos concretos para facer efectiva esta obriga e previse a necesidade de acudir a instancias superiores como a Comunidade Autónoma en caso de falta de medios das administracións locais.

O que si fai a LXCA en relación con este deber de colaboración, é prever as consecuencias derivadas do incumprimento deste deber, que poderá levar consigo a imposición de multas coercitivas así como a dedución do oportuno testemuño para esixir a responsabilidade penal que puidese corresponder (testemuño por un posible delito de desobediencia) (artigo 112 da LXCA).

2 Execución de sentenzas: os posibles contidos do fallo

2.1 O contido da execución en sentenzas contenciosas.

No ámbito urbanístico, o normal é que o fallo considere dúas actividades a realizar: unha de carácter xurídico destinada a modificar o acto anulado e outra de carácter fáctico ou mate-

6 STC 312/2006 do 8 de novembro (RTC 2006/312).

rial que vai transformar a realidade física e que normalmente levará consigo a demolición do ilegalmente construído.

O **artigo 71 da LXCA** é o que recolle nos seus catro apartados os distintos pronunciamentos que a sentenza pode conter:

1. Sentenza estimatoria con decisión anulatoria: no apartado a) sinálase que a sentenza *“declarará non ser conforme a Dereito e, no seu caso, anulará total ou parcialmente a disposición ou acto recorrido ou dispoñerá que cese ou se modifique a actuación impugnada”*.

En materia urbanística, en moitas ocasións o fallo xudicial refírese á anulación xurisdiccional dunha licenza urbanística que deu lugar a unha determinada construción. A esta declaración de nulidade dunha licenza séguelle, como complemento material, a demolición do indebidamente construído con fundamento na licenza anulada.

Formulouse que acontece cando a parte dispositiva da sentenza só anula a licenza pero garda silencio en relación do construído ao abeiro desta. Neste sentido, é moi clarificadora a STS do 7 de xuño de 2005⁷ ao dispoñer que *“... tratándose de obras realizadas ao abeiro dunha licenza que contravén normas urbanísticas, a anulación desta comporta a obriga de demolición daquelas; de sorte que, nin a sentenza que acorda esta, aínda que non tivese sido pedida, é incongruente, nin se supera o sentido do título executivo cando se ordena tal demolición na fase de execución...”*.

2. Sentenza estimatoria de pretensión de recoñecemento de situación xurídica individualizada. No apartado b) do artigo 71 recóllese o suposto dunha pretensión de *“recoñecemento e restablecemento dunha situación xurídica individualizada”*, en cuxo caso o fallo *“recoñecerá a devandita situación xurídica e adoptará cantas medidas sexan necesarias para o pleno restablecemento desta”*; con esta última referencia adiantase ao fallo un pronunciamento propio da execución.

No ámbito urbanístico encontrámonos con sentenzas nas que se recoñece o dereito dun particular a que se lle conceda unha licenza urbanística. Na execución desta clase de sentenzas pode formular problemas un posterior cambio de normativa que faga que a licenza concedida sexa contraria a dereito. Nestes supostos a xurisprudencia optou por acordar a imposibilidade legal cun carácter moi restritivo: só se vai producir a imposibilidade se a execución da sentenza vai supoñer un obstáculo serio para a execución do novo plan⁸.

3. No apartado c) do artigo 71 LXCA refírese ao suposto en que a parte dispositiva consista *“na emisión dun acto ou na práctica dunha actuación xuridicamente obrigatoria”*, como pode ser o outorgamento dunha licenza indebidamente denegada, e se considera a posibilidade de que a sentenza estableza un prazo para que se cumpra

⁷ STS do 7 de xuño 2005 (RX 2005/5244) Fdto. Xco. 7º.

⁸ STS do 4 de maio de 1994 (RX 1994/4146) relativa a unha licenza para ampliar unhas naves industriais, formulada a imposibilidade de execución como consecuencia dunha nova ordenación urbanística que transformara en vial e zona verde parte do terreo en que se debía realizar a ampliación da industria, o TS revogou a sentenza apelada que si determinara a imposibilidade baseándose en que o Concello de Camprodón non xustificou cal era a incidencia da ampliación no novo plan e se os intereses públicos aos que respondía se verían afectados ou non.

o fallo, recolléndose así unha posibilidade de excepcionalar o prazo de 2 meses que se prevé para a execución voluntaria da sentenza.

4. Sentenza estimatoria de pretensión de indemnización de danos e prexuízos, que recolle o último apartado do artigo 71.1 no seu apartado d) LXCA.

2.2 Supostos propios de dereito urbanístico

Sen ánimo de exhaustividade, imos analizar algúns dos supostos de sentenzas urbanísticas e os problemas que se formulan na súa execución:

- Sentenzas que acordan a demolición de obras executadas sen licenza ou supostos de obras que superan a licenza outorgada.
- Sentenzas que acordan a anulación de licenzas outorgadas.
- Sentenzas que anulan un Plan Urbanístico.
- Sentenzas anulatorias de instrumentos de execución urbanística (proxectos de compensación, reparcelacións...)
- Outras sentenzas relativas á disciplina urbanística (sancións, ordes de execución, declaración de ruína...)

Vexamos agora, superficialmente, que adoita suceder para que as sentenzas rematen inexecutadas.

1. Sentenzas que acordan a demolición de obras executadas sen licenza ou supostos de obras que superan a licenza outorgada

Ao igual que sucede respecto ao suposto xa mencionado de anulación da licenza, neste caso, tamén se recolleu a necesaria obriga de derrubamento do construído sen a preceptiva licenza.⁹

En canto a se existe diferente tratamento entre os supostos de obras finalizadas ou en curso de execución Geis i Carreras¹⁰ conclúe dicindo, tras unha exhaustiva análise xurisprudencial, que o feito de que as obras non estean finalizadas non condiciona o seu derrubamento, o que moitas veces acontece é que o feito de que as obras estean xa rematadas encarece o custo, o que provoca un trasfondo económico que provoca que xurdan máis tácticas evasivas do cumprimento da sentenza.

Neste punto convén facer unha sucinta referencia ao suposto do artigo 319 do Código Penal (CP) que se refire ao suposto de obras ilegais en solo non urbanizable en cuxo apartado 3º dispón que os xuíces poderán ordenar a demolición. A reforma operada pola L.O. 5/2010 non modificou este punto que segue atribuíndo aos xuíces a posibilidade e non a obriga de ordenar a demolición do construído cometendo este tipo legal, o certo é que a reforma

9 SSTS do1 de marzo de 2005 (RX 2005/2367) e do 23 de xuño de 2008 (RX 008/3263).

10 GEIS I CARRERAS, Gemma, *A execución de sentenzas urbanísticas*, Barcelona, Atelier, 2009, páx. 88.

se podía ter aproveitado para impoñer como consecuencia necesaria da comisión do tipo delituoso a demolición o que sería consonante coa xurisprudencia do TS que vimos citando.

En canto aos supostos de obras que superan a licenza outorgada o mecanismo ou subterfuxio que se utiliza habitualmente para eludir a execución da sentenza é ou ben acudir á imposibilidade material da súa execución ou ben o outorgamento dunha licenza nova que ampare toda a construción (suposto no que se acudirá á imposibilidade legal).

2. Sentenzas que acordan a anulación de licenzas outorgadas

O motivo de fondo da anulación pode ser:

- Ben a vulneración dun plan urbanístico: nestes casos a Administración intentará modificar o Plan para legalizar a construción ilegal. Poden citarse os seguintes exemplos xurisprudenciais.
 - Caso de Deià (Mallorca) no que se acordou a demolición de catro edificios por ilegalidade de licenzas; o Concello aproba un plan especial polo que resultan legalizadas. O TS en Sentenza do 1 de marzo de 2005¹¹ entende que non cabe alegar imposibilidade legal neste suposto por se considerar un subterfuxio para impedir o cumprimento dunha decisión xudicial.
 - Caso do Fortín da Raíña (Tarragona), no cal se acordou inicialmente a ilegalidade da licenza ao estar concedida en zona verde con vulneración do plan urbanístico. Neste suposto o que fixo o concello foi, paralelamente ao proceso xudicial no que se impugnaba a licenza, revisar e adaptar o PXOU convertendo ese espazo nunha zona de equipamento privado para o uso de bares e restaurantes. No proceso de execución alegouse imposibilidade legal que non foi admitida nin polo TSX nin polo TS (STS do 1 de marzo de 2001¹²). As modificacións introducidas no PXOU de Tarragona foron declaradas nulas polo TSX e en casación o TS que entendeu que nos encontrabamos ante un caso de desviación de poder (STS do 5 de abril de 2001¹³).
- Ben a vulneración da lei ou regulamento: nestes casos adoitan entrar en xogo as validacións lexislativas da que é prototipo o suposto da presa de Itoiz.

3. Sentenzas que anulan un Plan Urbanístico

Aquí englobaríamos os supostos de:

- Anulación do PXOU, que formula a posible ilegalidade dos plans derivados.
- Anulación dos plans derivados, en cuxo caso a Administración o que adoita facer é aprobar, revisar, modificar o plan xeral que legaliza o plan derivado se se trata dunha anulación parcial ou ben, se a anulación do plan derivado é total, aprobará un novo plan que substitúe o ilegal.

11 STS do 1 de marzo de 2005 (RX 2005/2367).

12 STS do 1 de marzo 2001 (RX 2001/2367).

13 STS do 5 de abril 2001, (ver tamén STS do 18 de febreiro de 2004 (RX 2004/3160), que desestima recurso de casación.

Neste sentido hai que destacar que o TS entendeu que a anulación dos instrumentos de planificación urbanística deixan a salvo as licenzas firmes por razóns de seguridade xurídica.

4. Sentenzas anulatorias de instrumentos de execución urbanística

Os xuíces e tribunais tamén poden estimar a anulación dos instrumentos de xestión. Dende esta óptica, hai que ter en conta que a anulación dun plan traerá como consecuencia, na maior parte das ocasións, a anulación dos instrumentos de xestión xurdidos sobre a base deste.

Podemos citar como exemplos destas anulacións as seguintes:

- Anulación do proxecto de reparcelación, aquí vanse ver afectados moitos propietarios e terceiros adquirentes e, por iso, os tribunais adoitan ser remisos a levar a cabo a demolición; a execución nestes supostos pasa pola redacción dun novo proxecto de reparcelación, e así entendérono diversas Sentenzas do TS¹⁴. Non obstante, noutros casos optouse por acordar unha imposibilidade material sobre a base de que non se podía devolver os terreos en cuestión por estar situadas nelas dotacións, espazos públicos e solares de substitución doutros terreos que o impedían, entendendo que o procedente era unha indemnización de danos e prexuízos (STS do 30 de decembro de 2009¹⁵).
- Anulación do proxecto da Xunta de Compensación, nestes supostos sería importante adoptar medidas preventivas que paralicen o proxecto dende o momento da súa impugnación ante a xurisdición contenciosa.
- Anulación da expropiación urbanística, que levará consigo a reversión da expropiación urbanística, por exemplo por unha desafectación por alteración da causa expropiatoria que implicará necesariamente a reversión ao anterior propietario na execución do fallo da sentenza.
- Anulación dun convenio urbanístico de execución, nestes casos a xurisprudencia entendeu que procedería a demolición do construído, así a STS do 22 de decembro de 2008¹⁶.

5. Sentenzas relativas á disciplina urbanística

Son moitos os supostos que se poden englobar aquí: sancións, ordes de demolición, declaración de ruína, etc. En ocasións, estas sentenzas non se executan porque non hai un terceiro que inste a execución destas; pensemos por exemplo no caso das sancións, á Administración non lle interesará executar a sentenza polos custos políticos que pode levar consigo e se os xuíces non exercitan as facultades que lles outorga o ordenamento (e que trataremos máis adiante), a realidade práctica demostra que moitas delas rematan inexecutadas.

14 STS do 24 de maio 1993 (RX 1993/3503) e STS do 27 de xullo de 2005 (RX 2005/6732).

15 STS do 30 de decembro 2001 (RX 2010/3024).

16 STS do 22 decembro 2008 (RX 2009/365).

3 As distintas clases de execución

Segundo a LXCA podemos diferenciar as clases de execución de sentenzas que analizaremos de forma superficial para poder analizar máis detidamente as principais causas de inexecución.

3.1 Execución voluntaria

Segundo o artigo 104 do texto legal

“1. Logo que sexa firme unha sentenza, o Secretario xudicial comunicarao no prazo de dez días ao órgano que tivese realizado a actividade obxecto do recurso, co fin de que, recibida a comunicación, a leve a puro e debido efecto e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo, e no mesmo prazo indique o órgano responsable do cumprimento daquel.

2. Transcorridos dous meses a partir da comunicación da sentenza ou o prazo fixado nesta para o cumprimento do fallo conforme ao [artigo 71.1.c\)](#), calquera das partes e persoas afectadas poderá instar a súa execución forzosa.

3. Atendendo á natureza do reclamado e á efectividade da sentenza, esta poderá fixar un prazo inferior para o cumprimento, cando o disposto no apartado anterior o faga ineficaz ou cause grave prexuízo.”¹⁷

Enténdese que esta forma de execución sería a canle normal de cumprimento de sentenzas, se ben na práctica son moi poucas as sentenzas urbanísticas que se cumpren no período voluntario.

3.2 Execución forzosa

3.2.1 Introducción

Presuposto para iniciar a execución forzosa das sentenzas é o cumprimento de todos e cada un dos trámites para a execución voluntaria. Por iso, unha vez cumpridos aqueles e transcorridos os prazos sinalados no artigo 104 LXCA, é cando se pode proceder ao inicio da execución forzosa das sentenzas.

¹⁷ Este artigo foi reformado pola L.37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual. Os requisitos que se derivan da regulación da LXCA son:

- A sentenza debe ser firme.
- O artigo 104 esixe que se comunique a sentenza *“no prazo de dez días ao órgano que tivese realizado a actividade obxecto do recurso”*. A comunicación ao órgano que tivese realizado a actividade obxecto do recurso, e, polo tanto, non a que se puidese facer ao representante procesual da Administración, é a que vai determinar o inicio do cómputo de prazo de 2 meses de execución voluntaria que se establece como regra xeral na LXCA. O prazo para realizala é de dez días.
- Con anterioridade á reforma do ano 2011 dábase outro prazo de 10 días a continuación para remitir ao órgano xudicial notificación de recibo da mencionada comunicación. E só a partir desa notificación de recibo comezaba o día a quo do cómputo do prazo da execución voluntaria. Con bo criterio suprimíase ese segundo prazo co fin de axilizar a tramitación. A continuación a Administración receptora debe indicar ao Xulgado ou Tribunal executor da sentenza o *“órgano responsable do cumprimento daquel”*.
- O prazo de execución voluntaria é o de *“dous meses a partir da comunicación da sentenza”*, se ben hai que ter en conta que:
 - O suposto previsto no artigo 71.1.c) LXCA permite que a mesma sentenza poida *“establecer prazo para que se cumpra o fallo”* nos casos nos que a Administración fose condenada á emisión dun acto ou á práctica dunha actuación xuridicamente obrigatoria.
 - O artigo 104.3 LXCA contempla a posibilidade de establecer un prazo inferior.

No artigo 108 LXCA establécense os distintos modos de execución das sentenzas que serán analizados no último epígrafe do traballo relativo ás facultades procesuais de que dispoñen os xuíces e tribunais para levar a efecto as sentenzas.

3.2.2 Aspectos procesuais

A vía arbitrada pola LXCA é a da cuestión incidental a que se refire o artigo 109 LXCA¹⁸. Sobre a base deste precepto podemos dicir:

- Que este sería a canle procedemental axeitada para tramitar, non só a solicitude de execución forzosa, senón tamén cuestións tales como:
 - os supostos de nulidade de pleno dereito dos actos e disposicións contrarios aos pronunciamentos das sentenzas do artigo 103.4 LXCA para determinar se se ditanon para eludir os pronunciamentos das sentenzas;
 - os supostos de actuacións administrativas de carácter material posteriores á sentenza que contraveñen os pronunciamentos do fallo;
 - ou os casos de imposibilidade material ou legal da execución, a que logo nos referiremos.
- Prazo de tempo para instar este incidente, o artigo 109 limitase a dicir *“mentres non conste en autos a total execución da sentenza”*. Formulouse aquí se existe un prazo de caducidade desta acción. A doutrina veu discutindo sobre a posibilidade de aplicar a esta orde xurisdiccional o prazo de 5 anos de caducidade que prevé a LAC no seu artigo 518 ou se o prazo sería o previsto con carácter xeral no artigo 1964 CC de 15 anos. Este último é o que o TS entende aplicable debido ao peculiar sistema de execución das sentenzas contencioso-administrativas (así veuno a recoller na Sentenza do 7 de xuño de 2005¹⁹, fundamento xurídico número décimo cuarto).

Ademais, como puxo de manifesto a doutrina *“pode renovarse tantas veces sexa mester”*²⁰ mentres non conste en autos a total execución non existindo límite ao número de veces da súa utilización.

18 Segundo artigo 109 da LXCA:

“1. A Administración pública, as demais partes procesuais e as persoas afectadas polo fallo, mentres non conste en autos a total execución da sentenza, poderán promover incidente para decidir, sen contrariar o contido do fallo, cantas cuestións se formulen na execución e especialmente as seguintes:

- 1. Órgano administrativo que se ha de responsabilizar de realizar as actuacións.*
- 2. Prazo máximo para o seu cumprimento, en atención ás circunstancias que concorran.*
- 3. Medios con que se ha de levar para efecto e procedemento a seguir.*
- 2. Do escrito formulando a cuestión incidental o Secretario xudicial dará traslado ás partes para que, en prazo común que non excederá de vinte días, aleguen o que consideren procedente.*
- 3. Evacuado o traslado ou transcurrido o prazo a que se refire o apartado anterior, o Xuíz ou Tribunal ditará auto, no prazo de dez días, decidindo a cuestión formulada”.*

19 STS do 7 de xuño 2005 (RX 2005/5244).

20 BELTRÁN DE FELIPE, M.: “Comentario ao artigo 109, en Comentarios á Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa de 1998”, Edición especial da Revista Española de Dereito Administrativo, Madrid, 1999, pág. 775 citado en GARCÍA SANZ e OUTROS op. cit, pág. 25.

Esta amplitude obxectiva unida á amplitude temporal coa que está configurado leva consigo riscos para a propia execución de sentenzas porque en moitas ocasións ese incidente é utilizado con vontade dilatoria.

- Órgano xurisdiccional competente: o artigo 103.1 da LXCA atribúe a competencia para a execución das sentenzas ao Xulgado ou Tribunal que coñecese do asunto en primeira ou única instancia.
- Lexitimación: o precepto atribúe lexitimación á Administración pública, as demais partes procesuais e as persoas afectadas polo fallo, con esta última expresión inclúense persoas interesadas na execución do fallo aínda que non comparecesen no proceso principal. O concepto “*persoas afectadas*” tamén foi analizado pola xurisprudencia e así a STS do 7 de xuño de 2005²¹ determinou que, por tales, había que entender aquelas que poidan ver menoscabados ou prexudicados os seus dereitos ou os seus intereses lexítimos por efecto da execución ou inexecución da sentenza e iso con independencia de que interviñesen ou tivesen podido facelo no proceso principal, despois de renunciar a iso. Esta ampliación da lexitimación ás “persoas afectadas” ten unha grande importancia porque permite solicitar a execución aos inquilinos de vivendas que non foran partes no proceso, pero que como tales van ser os primeiros afectados pola sentenza.

A doutrina formulouse se malia a dicción literal do artigo 109 tamén estaría lexitimado o propio órgano xurisdiccional para instar a execución forzosa. FERNÁNDEZ VALVERDE²² considera que si estaría lexitimado posto que sería un contrasentido ampliar a lexitimación para a execución da sentenzas a persoas afectadas pola mesma que non foron parte no litixio e impedir ao mesmo tempo que o Tribunal que resolveu o litixio non o poida realizar de oficio no exercicio da súa potestade xurisdiccional.

En materia urbanística fórmulanse dúas cuestións diferenciadas da doutrina xeral en materia de lexitimación:

- En primeiro lugar a lexitimación do **Ministerio Fiscal** (MF) para instar a execución da sentenza no ámbito urbanístico e ambiental. Nesta materia están implicados uns fortes intereses xerais que fixeron que se lle recoñeza legalmente lexitimación ao MF pola Lei de Responsabilidade Ambiental Lei 26/2007 do 23 de outubro (disposición adicional oitava).
- En segundo lugar fórmulase se en materia urbanística se pode invocar tamén en fase de execución o exercicio da **acción pública**: neste sentido hai que destacar a STS do 7 de xuño 2005 (RX 2005/5244), ditada no asunto de Pazo de Quiñones, neste caso o auto recorrido en casación xa outorgaba lexitimación á Asociación, invocando o artigo 104.2 LXCA, por consideralas persoas afectadas, xa que se trataba de veciños do ámbito físico próximo ao punto de situación dun edificio que constituía unha pantalla disonante coa contorna paisaxística e coas características das casas da contorna, pero o TS engade que, ademais, as devanditas persoas estarían tamén lexitimadas como

21 STS do 7 de xuño 2005 (RX 2005/5244).

22 FERNÁNDEZ VALVERDE, Rafael “A execución das sentenzas no ámbito urbanístico” *Revista de urbanismo e Edificación*, Aranzadi, núm.20/2009, páx.26.

consecuencia do carácter público que o noso ordenamento xurídico atribúe á acción para esixir a observancia da lexislación urbanística.

En sentenza do 23 de abril de 2010²³ o TS ratifica este criterio ao resolver un recurso de casación fronte a un auto ditado polo TSX de Madrid que non admitía a comparecencia en autos de varias asociacións de veciños e ecoloxistas por entender que o concepto de “persoas afectadas” a que se refire o artigo 109 da LXCA non pode facerse extensivo a todo o conxunto da sociedade, aos habitantes dunha Comunidade Autónoma ou dunha cidade nin tampouco ás entidades que teñan como obxectivos a defensa de intereses difusos relacionados coa legalidade urbanística ou co medio cando ese fin societario sexa o único título en que se basee a lexitimación. Tampouco se estendería sen máis á pluralidade indeterminada de destinatarios da norma que era o PXOU de Madrid. Pois ben, neste caso o TS estima o recurso de casación interposto fronte ao auto manifestando que a transcendencia da protección da legalidade urbanística que levou ao lexislador a ampliar a lexitimación en canto ao acceso aos órganos xurisdiccionais debe ter algunha consecuencia no recurso contencioso administrativo tanto na fase declarativa coma na fase de execución, entendendo o Alto tribunal que neste suposto a asociación recorrente “Ecoloxistas en Acción -Coda” pode comparecer na execución para exercitar as accións tendentes unicamente ao exacto cumprimento da sentenza²⁴.

3.3 Execución fraudulenta

Brevemente, posto que será obxecto de análise máis detidamente no epígrafe 5 do presente traballo, diremos que con esta denominación nos referimos a aqueles supostos nos que malia que a Administración procede formalmente á execución da sentenza ditada, mediante os pronunciamentos, actos ou actuacións para iso necesarios pero, con todo, o resultado obtido non conduce xustamente á finalidade establecida pola propia lei; isto é, en realidade non se alcanza a cumprir a sentenza na forma e termos que nesta se consignan para conseguir levala a puro e debido efecto²⁵.

En realidade englobaríanse aquí dous supostos concretos:

- O recollido no artigo 103 nos seus números 4 e 5 que dispón que: *“4. Serán nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios aos pronunciamentos das sentenzas, que se diten coa finalidade de eludir o seu cumprimento”*. A través deste artigo pódese proceder á anulación da modificación do plan ou posterior licenza ditada coa finalidade de eludir o cumprimento do fallo xudicial, supostos que o TS cualificou como de desviación de poder.
- En segundo lugar, a execución fraudulenta da sentenza pode vir determinada como consecuencia dunha actividade material da propia Administración que contraviñer os pronunciamentos do fallo contemplado no artigo 108.2 que determina que nestes casos *“o Xuíz ou Tribunal, a instancia dos interesados, procederá a repoñer a situa-*

23 STS do 23 abril 2010 (RX 2010/4711).

24 “Execución de sentenza. Personación en execución de sentenza. A acción pública en materia de urbanismo, na fase de execución” *Revista Práctica Urbanística*, número 95, xullo 2010, páx. 62-64.

25 FERNÁNDEZ VALVERDE, Rafael “A execución de sentenzas no ámbito urbanístico” *Revista de urbanismo e Edificación*, Aranzadi núm. 20/2009.

ción ao Estado esixido polo fallo e determinará os danos e prexuízos que ocasionar o incumprimento”.

3.4 Execución provisional

Como destaca Martínez de Pisón²⁶ a execución provisional pode converterse nunha alternativa para vencer unha específica modalidade de resistencia administrativa ao cumprimento das sentenzas: a do seu recurso indiscriminado para evitar a súa firmeza.

A regra xeral en canto á execución de sentenzas é que serán executables cando adquiren firmeza. Así e todo, admítese a execución provisional cando se encontre pendente de recurso, se ben esta execución quedará condicionada, no que se refire á súa efectividade, a que a propia sentenza recorrida e executada non sexa revogada pola sentenza que dite o tribunal que coñeceu do recurso.

A LXCA configura con carácter xeral os recursos xudiciais con efecto suspensivo aínda que considera a posibilidade da execución provisional nos artigos 84 e 91 sempre que se adopten determinadas cautelas para evitar o uso de recursos cunha finalidade dilatoria da satisfacción da pretensión obxecto do recurso.

Da regulación legal o que nos interesa aquí poñer de manifesto son os límites á execución provisional que contempla a LXCA e que vai supoñer a práctica inaplicabilidade deste tipo de execución en materia urbanística.

- En primeiro lugar un **límite de carácter xurídico** que contempla a propia LXCA e que esixe ao xuíz que faga un xuízo de previsibilidade, avaliando as consecuencias que se poidan producir coa execución provisional da sentenza co fin de ver se as consecuencias que a execución provisional pode producir poderán ser paliadas no suposto de revogación da resolución recorrida. Hai que destacar o diferente matiz que se contén nos 2 artigos, así o 84 fala de *“situacións irreversibles ou prexuízos de **imposible** reparación”* fronte ao disposto no artigo 91 que se refire a *“situacións irreversibles ou causar prexuízos de **difícil** reparación”*. Que o lexislador utilizase diferentes termos nun e outro supón que a execución provisional no recurso de casación estea máis limitada posto que abonda aquí con que se poida producir un prexuízo de difícil reparación (e non de imposible reparación) para que o órgano xudicial non poida acordar a execución provisional.
- En segundo lugar, se o auto é estimatorio da execución provisional o xuíz deberá establecer as medidas necesarias para evitar ou paliar os prexuízos que se puidesen producir nos casos de revogación do fallo executado. Se se acordan **medidas preventivas** só se procederá a despachar a execución cando se constituísen estas. Ademais, hai que prestar **caución abondo** para responder dos posibles prexuízos aínda que co matiz de que se é a Administración a que insta a execución provisional quedará exenta de prestar a devandita caución tratándose de recurso de apelación (artigo 84.5).

26 MARTÍNEZ DE PISÓN APARICIO, IÑIGO “A execución provisional de sentenzas no contencioso-administrativo”. Cuadernos Cívitas primeira edición 1999, pág. 55.

A necesidade de prestar caución é un límite práctico á posibilidade de executar provisionalmente a sentenza ao igual que con carácter xeral o é a caución en materia de medidas preventivas; pero o certo, é que no ámbito urbanístico supón un freo aínda maior, posto que as consecuencias económicas que se poden derivar da execución provisional son moitas veces de enorme importancia e obrigaría a fixar unhas caucións demasiado elevadas que as partes favorecidas polo fallo non poderían soportar. Ademais, en moitas ocasións ocasionaríanse situacións irreversibles polo que os órganos xudiciais procederán a denegar a execución provisional.

Dende o punto de vista teórico, é unha boa medida para evitar a dilación dos procesos xudiciais a través dos recursos e a súa consecuente eternización, pero as dificultades prácticas polas razóns expostas fan que sexa unha figura practicamente inviable en materia urbanística. Hai poucos casos nos que se acordase unha execución provisional, destacamos o suposto que deu lugar á STS do 27 Xullo 2005²⁷, nela estímase un recurso de casación fronte a un auto do TSX de Andalucía que acordaba a execución provisional dunha sentenza anulatoria dun proxecto de reparcelación, a execución provisional consistía na elaboración dun novo proxecto e fíxárase unha caución de 60.000 euros. O TS entende que os prexuízos que se derivarían da nova reparcelación tendo en conta as dimensións do polígono a concesión de licenzas para 245 vivendas, a posible falta de coincidencia entre as parcelas resultantes de ambas as dúas parcelacións, entre outros aspectos, non quedaban cubertas con esa caución, revogando o auto de execución provisional.

4 Causas de inexecución de sentenzas urbanísticas

4.1 Introducción

Debemos partir do principio xeral que rexe en materia de execución: toda sentenza debe ser cumprida nos seus propios termos, non obstante, este principio xeral vese fortemente excepciónado en dous supostos que recollen os artigos 105 LXCA e 18.2 LOPX: a imposibilidade material ou legal de executar unha sentenza e a expropiación de dereitos e intereses lexítimos recoñecidos fronte á administración pública nunha sentenza firme.²⁸

27 STS do 27 xullo 2005 (RX 2005/6732).

28 Artigo 105 LXCA: “1. Non poderá suspenderse o cumprimento nin declararse a inexecución total ou parcial do fallo. 2. Se concorresen causas de imposibilidade material ou legal de executar unha sentenza, o órgano obrigado ao seu cumprimento manifestarao á autoridade xudicial a través do representante procesual da Administración, dentro do prazo previsto no apartado segundo do artigo anterior, co fin de que, con audiencia das partes e dos que considere interesados, o Xuíz ou Tribunal aprecie a concorrencia ou non das devanditas causas e adopte as medidas necesarias que aseguren a maior efectividade da executoria, fixando no seu caso a indemnización que proceda pola parte en que non poida ser obxecto de cumprimento pleno. 3. Son causas de utilidade pública ou de interese social para expropiar os dereitos ou intereses lexítimos recoñecidos fronte á Administración nunha sentenza firme o perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, o temor fundado de guerra ou o quebranto da integridade do territorio nacional. A declaración da concorrencia dalgunha das causas citadas farase polo Goberno da Nación; poderá tamén efectuarse polo Consello de Goberno da Comunidade Autónoma cando se trate de perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns e o acto, actividade ou disposición impugnados proviñese dos órganos da Administración da devandita Comunidade ou das Entidades locais do seu territorio, así como das Entidades de Dereito público e Corporacións dependentes dunha e outras. A declaración de concorrencia dalgunha das causas mencionadas no parágrafo anterior haberá de efectuarse dentro dos dous meses seguintes á comunicación da sentenza. O Xuíz ou Tribunal a quen competa a execución sinalará, polo trámite dos incidentes, a correspondente indemnización e, se a causa alegada fose a de perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, apreciará, ademais, a concorrencia do devandito motivo.”

Así, a imposibilidade de execución configúrase na lexislación como unha excepción ao principio xeral de que unha sentenza se debe executar nos seus propios termos por motivos de legalidade (imposibilidade legal) ou por motivos de tipo fáctico (imposibilidade material), pero non por motivos de interese público, tal e como conclúe o profesor GÓMEZ-FERRER CANTO²⁹.

No ámbito urbanístico, gran parte das sentenzas firmes vanse encontrar no momento da súa execución ou ben cunha imposibilidade material pola forza dos feitos ou ben ante unha decisión administrativa ou normativa que legalizou o que foi declarado ilegal na sentenza. As razóns son varias, unha delas é a longa duración do proceso contencioso, de modo que cando a sentenza adquire firmeza pasou un lapso de tempo demasiado longo no que a situación de feito cambiou tanto que é moi difícil poder volver repoñer as cousas ao estado anterior á anulación xudicial.

4.2 Imposibilidade material

Podemos dicir que hai imposibilidade material cando nos encontramos cun obstáculo de carácter físico que non permite executar a sentenza porque o obxecto desapareceu ou porque se destruíu,³⁰ se ben, a mera existencia de dificultades prácticas non supón *per se* que esteamos en presenza de imposibilidade material.

En materia urbanística é habitual alegar a imposibilidade material cando se ordena o derribamento parcial como acontece cando só unha parte da construción supera a licenza outorgada e por iso só unha parte é ilegal.

Esta causa, que debe ser interpretada restritivamente³¹, foi aplicada en diversas ocasións pola xurisprudencia, así cabe destacar entre outras:

- Auto do TS do 11 abril de 1990 (RX 1990/3639) que acepta a imposibilidade material de execución dunha sentenza que ordenara a demolición parcial dun edificio ao considerar que quedara probado tecnicamente que a demolición era imposible e só cabería unha demolición total do edificio. A demolición total foi considerada como un atentado ao principio de proporcionalidade entre o estritamente lícito e a medida que o sancionara.
- STS do 13 de decembro de 1990 (RX 1990/9963) que tamén acepta a imposibilidade material na demolición parcial dun edificio porque iso supoñería un grave risco para a estabilidade de todo o edificio.

Artigo 18 LOPX: “1. As resolucións xudiciais só poderán deixarse sen efecto en virtude dos recursos previstos nas Leis. 2. As sentenzas executaranse nos seus propios termos. Se a execución resultar imposible, o Xulz ou Tribunal adoptará as medidas necesarias que aseguren a maior efectividade da executoria, e fixará en todo caso a indemnización que sexa procedente na parte en que aquela non poida ser obxecto de cumprimento pleno. Só por causa de utilidade pública ou interese social, declarada polo Goberno, poderán expropiarse os dereitos recoñecidos fronte á Administración Pública nunha sentenza firme, antes da súa execución. Neste caso, o Xulz ou Tribunal a quen corresponda a execución será o único competente para sinalar por vía incidental a correspondente indemnización”.

29 GÓMEZ FERRER RINCÓN, Rafael. *A imposibilidade de execución das sentenzas no proceso contencioso-administrativo*, Thomson-Civitas, Cizur Menor (Navarra), 2008, páx. 264.

30 M. C. ESCUDERO HERRERA *Os obstáculos á efectividade das sentenzas no contencioso -administrativo e as súas solucións* citado por GEIS I CARRERAS op. cit. páx. 205-206.

31 STS do 26 de xaneiro de 1999 (RX 1999/357) que desestimou a presenza da devandita causa na reconstrución ilegal do teatro romano de Sagunto STS do 2 de febreiro de 2000.

- STS do 27 de xullo de 2001 (RX 2001/8327) que confirma o auto do 20 de abril de 1998 do TSX de Galicia en canto a apreciar unha causa de imposibilidade material na execución dunha sentenza que obrigaba á demolición de dúas plantas dun edificio de Ourense en canto se extralimitaba do que permitía o plan urbanístico. O TS parte de que a única solución técnica viable sería a demolición total do edificio posto que a demolición parcial deixaría afectado ao edificio de tal maneira que non se podería garantir no sucesivo a seguridade das persoas.

A inviabilidade técnica é, efectivamente, a causa que vai determinar unha imposibilidade material de execución das sentenzas, que se poida determinar se concorre ou non esta causa de inexecución dependerá sempre, polo tanto, dos **ditames periciais de carácter técnico**.

Non obstante o anterior, hai que poñer de manifesto as seguintes cuestións:

- Hoxe en día o estado da técnica permite facer fronte a moitos supostos que antes se configuraron como de imposibilidade material: STS do 7 de decembro de 2002 (RX 2002/10840) no que o Concello das Pontes de García Rodríguez formula a excepción de imposibilidade material na execución dunha sentenza de condena ao derrubamento da terceira planta dunha casa cuartel da Garda Civil sobre a base de que afectaría á totalidade do edificio. O TS entendeu que a proba practicada no incidente demostrou que non se causarían prexuízos irreparables no edificio. Hoxe en día a técnica ofrece solucións abondo como para que as sentenzas urbanísticas poidan executarse, limitándose a excepción de imposibilidade material a casos moi excepcionais.
- Hai que diferenciar a inviabilidade técnica, que si pode dar lugar a unha causa de imposibilidade material, da mera dificultade ou complexidade técnica que non se pode configurar como tal³².
- Principio de proporcionalidade: normalmente este principio é invocado polas partes obrigadas a executar a sentenza para que se permita manter intacta parte da superficie dun edificio que se entendeu ilegal, así, a xurisprudencia considerou que a aplicación do principio de proporcionalidade está en boa medida ligada ao grao de ilegalidade da construción: canto máis ilegal sexa a construción menos aplicabilidade pode ter este principio, é dicir, o principio de proporcionalidade xoga no proceso xudicial previo cando a ilegalidade é mínima, pero non é invocable en fase de execución para minimizar as consecuencias do fallo.

Por último, hai que poñer de manifesto que acordada a imposibilidade material se se modifica o estado da técnica ou as condicións se pode reiniciar execución, a partir do artigo 109 LXCA, ata que non conste en autos a total execución da sentenza.

4.3 Imposibilidade legal

A imposibilidade legal de execución de sentenzas trae a súa causa do cambio sobrevido da norma que fundamentaba o acto e a conseguinte modificación dos efectos na situación xurídica. Isto prodúcese con frecuencia no ámbito urbanístico cando a posterior alteración

32 STS do 22 de novembro de 2005 (RX 2006/4140) citada por GÓMEZ FERRER RINCÓN *op.cit.* páxs. 190-191.

do plan urbanístico fai legal o contido do acto anulado. Trátase dun límite á execución de sentenzas, unha excepción ao principio xeral de execución das sentenzas nos seus propios termos por motivos de legalidade³³.

Constitúe unha excepción que, a pesar de ser aplicable á xeneralidade do ordenamento administrativo, incide de xeito especial no ámbito urbanístico, así cabe aquí recoller as palabras o propio TS na Sentenza do 6 de xuño de 2001 (RX 2001/3813) que pon de manifesto que: *“a natureza normativa do plan, que serve de cobertura ás licenzas e, a súa modificabilidade no tempo, fan moito máis elásticas as execucións de sentenza neste ámbito do que o son noutros campos do proceso contencioso, pois o cambio de lexislación aplicable é susceptible de xerar inexecucións de sentenza que, dificilmente, teñen cabida noutros ámbitos administrativos. “(Fdto. Xco. 1º).*

Unha das causas que subxace na execución de sentenzas é precisamente o longo lapso de tempo que transcorre ata que efectivamente é executada, como sostén GEIS I CARRERAS, a execución do fallo dunha sentenza eternízase e chega a prazos de dez ou quince anos e no peor dos casos, queda paralizada a execución pola concorrencia da excepción de imposibilidade legal, establecéndose unha relación directa entre o longo período transcorrido e a notoriedade da imposibilidade legal no ámbito urbanístico na medida en que resulta insostible que durante o prazo de 15 anos non se dite unha nova normativa que afecte ao fallo³⁴. Polo tanto, é necesario axilizar a xustiza e a fase de execución para reducir os supostos de imposibilidade legal e dar unha maior efectividade aos fallos xudiciais:

- **Deducir o oportuno testemuño de particulares para esixir a responsabilidade penal** que puidese corresponder -por delito de desobediencia do artigo 410 Código Penal (CP)-(artigo 112 b) LXCA). Formulouse pola doutrina se o carácter facultativo co que se expresa o artigo 112 fai que esta medida sexa só unha posibilidade ou se, pola contra, é unha manifestación do deber xeral de denuncia dos ilícitos penais, que se vería reforzado por obriga de executar a sentenza que ten o propio tribunal. Neste sentido a STC 298/1994 do 14 de novembro avoga por considerar unha obriga do

tribunal adoptar as medidas previstas na LXCA para vencer a resistencia da Administración executada.

Así mesmo, á vista da redacción do artigo 112 LXCA, non parece aplicable a necesidade de imposición de tres multas coercitivas a que fai referencia o artigo 48.10 LXCA antes de poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal.

7 Conclusións

O TC reiteradamente afirmou que o dereito de tutela xudicial efectiva comprende o dereito a obter a súa execución. A execución de sentenzas é a última fase procesual pero é a que vai materializar a efectividade da protección xurisdiccional e que vai garantir a tutela xudicial do artigo 24.1 da CE. O artigo 103.1 LXCA atribúe esta competencia de facer executar as sentenzas ao xuíz ou tribunal que coñeceu do asunto en primeira instancia, apartándose da atribución ás Administracións Públicas desa potestade.

En materia urbanística, a práctica indícanos que son moitas as sentenzas que rematan inexecutadas. A regra xeral é que toda sentenza debe ser cumprida nos seus propios termos, se ben este principio vese excepcionado en dous supostos que recollen os artigos 105 LXCA e 18.2 LOPX: a imposibilidade material ou legal de executar unha sentenza e a expropiación de dereitos e intereses lexítimos recoñecidos fronte á administración pública nunha sentenza firme.

En relación coa ***imposibilidade material*** a xurisprudencia é moi restritiva na súa aplicación, posto que na actualidade o estado da técnica permite facer fronte a moitos supostos que antes se configuraron como tales, xa que a técnica permite agora derrubamentos parciais de vivendas e construcións. A concorrencia desta causa deberá ser apreciada polo xuíz ou tribunal atendendo aos informes técnicos e periciais que se emiten.

O tema da ***imposibilidade legal*** é unha cuestión complexa que dá lugar a moitos supostos na práctica xurisdiccional urbanística como consecuencia de modificacións do réxime xurídico aplicable á execución da sentenza. Así, a Administración poderá, sobre a base do exercicio do ius variandi, realizar unha modificación ou revisión do plan ou ditar unha nova licenza que ampare a construción ilegal, e isto suporá que a execución da sentenza ditada (que en moitos casos consistirá na demolición do construído) sexa contraria á nova regulación.

Fronte a unha doutrina minoritaria que entendía aplicable a esta materia o principio de proporcionalidade ao entender que a execución nestes casos *“iría en contra das máis elementais normas da lóxica e do respecto á riqueza creada o levar a cabo a demolición dun edificio que podería ser reedificado a liña seguida”*, a doutrina xurisprudencial maioritaria recente avoga por unha concepción restrinxida da imposibilidade legal.

Así, non toda modificación posterior vai supoñer unha legalización ex post facto, senón que vai ser necesario que responda a unha necesidade de interese xeral, de modo que non fose ditada coa mera finalidade de eludir a execución da sentenza. O máis importante é que o cambio normativo ou a posterior licenza legalizadora estean suficiente motivados e non constitúan unha mera dispensa particular prohibida polo ordenamento xurídico (art.º 52.2 L. 30/92 e art.º 101.2 LOUGA que recolle o principio de inderogabilidade singular).

A liña entre esta causa de imposibilidade legal e a execución fraudulenta é moi fina e doadamente conculcable, por iso, será a Administración a que ten que xustificar a oportunidade da modificación para afastar as sospeitas dun uso defraudatorio das súas potestades urbanísticas. Prodúcese, así, un investimento da carga da proba: o acto xa non quedaría amparado pola lexitimidade que o ordenamento lle outorga senón que a Administración terá que acreditar que non se ditou coa finalidade elusiva.

Seguindo coa tendencia restritiva, a partir do 2006 encontrámonos tamén cunha serie de sentenzas que esixen, para apreciar esta causa de inexecución, non só o mero cambio da clasificación urbanística, senón a necesidade de que dite se unha nova resolución administrativa que xustifique a plena licitude e ampare a actividade e as obras que debían ser obxecto de demolición.

Dende o punto de vista práctico, a consecuencia de apreciar esta imposibilidade é a transformación do fallo, ordinariamente, nunha indemnización de danos e prexuízos. Isto vai xerar unha grande insatisfacción entre os recorrentes que tras un longo e custoso proceso van obter no ámbito urbanístico unha sentenza meramente declarativa e non van ver satisfeita a pretensión exercitada de demolición do construído ou peche do establecemento que os perturba. Isto vai supoñer unha consolidación das edificacións ou a perpetración dos usos co mero transcurso do tempo, posto que a longa duración dos procesos contenciosos favorece estes cambios normativos: dificilmente non haberá en quince anos unha modificación do plan.

O anterior, unido a que o normal é que ante a execución dunha sentenza a Administración busque calquera solución -incluída a modificación do plan -antes de se enfrontar ao pagamento das posibles indemnizacións millonarias que tería que aboar en supostos de demolicións de edificios que contaban por exemplo cunha licenza ilegal, fai que no ámbito urbanístico proliferasen este tipo de “solucións” ante unha sentenza condenatoria.

A iso tamén habería que engadir as consecuencias políticas que se poden derivar do cumprimento das sentenzas, posto que unha demolición pode supoñer un importante lastre político de cara a futuras eleccións, por iso, en moitos casos farase todo o que se poida para evitar a execución.

Aínda que, podemos concluír que a xurisprudencia se mostra cada vez máis remisa a apreciar as causas de imposibilidade intentando facer prevalecer o dereito fundamental á execución das sentenzas como parte inescindible e indispensable do dereito á tutela xudicial efectiva.

Para diferenciar un suposto fraudulento dun verdadeiro caso de imposibilidade legal tense en conta o ***momento temporal*** en que se produciu a modificación do réxime xurídico, sendo, en boa lóxica, máis sospeitosos os casos en que a modificación é posterior ao pronunciamiento xudicial. Pero isto é só un indicio máis na determinación do fin defraudatorio: nin pode significar per se que as modificacións anteriores a ese momento sexan lexitimas, nin que as posteriores van ser fraudulentas en todos os casos. O importante é determinar se esa modificación se motivou no interese xeral ou se se trata dunha mera legalización traída ao caso concreto.

Con este estudo intentamos achegarnos aos principais problemas que se formulan na práctica urbanística en sede xudicial, centrándonos especialmente no problema de inexecución de sentenzas urbanísticas, pola relevancia práctica que ten, e facendo unha análise das principais correntes xurisprudenciais na materia co obxecto de analizar como está a ser tratado este tema ante os tribunais. Do exposto podemos soste unha certa tendencia a interpretar restritivamente as causas de inexecución e avogar por unha práctica xudicial cada vez máis respectuosa co dereito á execución das sentenzas como parte integrante do dereito fundamental do artigo 24.1 CE. Ademais, o dereito á execución de sentenza se non pode concibir unicamente como un dereito do particular senón que é tamén un interese público o que está implicado niso, como fundamento do Estado do Dereito, que demanda que se cumpran as sentenzas dos Tribunais e que se cumpran nos seus propios termos.

8 Bibliografía

- ALBAR GARCÍA, Javier; OLIVAN DEL CACHO, Javier; ZAPATA HÍJAR, Juan Carlos Execución de sentenzas, procedementos e garantías Vol. I.-. Bolsa de Investigación Consello Xeral do Poder Xudicial/Fundación Wellinton. Madrid, 2006.
- BOCOS REDONDO, Pedro. «Acerca da imposibilidade de executar sentenzas por cambios sobrevidos de plan». *Revista de Práctica Urbanística*. Número 90- febreiro 2010, páxs.102-103.
- COMINGES CÁCERES, Francisco de, «Os plans urbanísticos xerais na xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia», documento electrónico.
- FERNÁNDEZ VALVERDE, Rafael. «A execución das sentenzas no ámbito urbanístico» .*Revista de Urbanismo e edificación*. Aranzadi núm. 20/2009. Editorial Aranzadi S.A., Pamplona. 2009, páxs. 15-35.
- FERNÁNDEZ VALVERDE, Rafael. «A execución das sentenzas no ámbito urbanístico, parte segunda». *Revista de Urbanismo e edificación*. Aranzadi núm. 21/2010. Editorial Aranzadi S.A., Pamplona. 2009, páxs. 15-47.
- GEIS I CARRERRAS, Gemma. *Execución de sentenzas urbanísticas*, Atelier, Barcelona, 2009.
- GÓMEZ-FERRER RINCÓN, Rafael. *A imposibilidade de execución de sentenzas no proceso contencioso*. Thomson-Civitas, Cizur Menor (Navarra), 2008
- LIZARRAGA, José Antonio, «Tutela xudicial efectiva e imposibilidade legal de execución de sentenzas en materia urbanística» *Revista Aranzadi Doctrinal* núm.3/2009. Editorial Aranzadi S.A., Pamplona. 2009.
- MARTINEZ DE PISÓN APARICIO, Íñigo. *Execución Provisional de Sentenzas*, Civitas, Madrid 1999.
- MOLINA CRESPO, Francisco de Asís. «Mitos e realidades no dereito penal medio ambiental: ben xurídico protexido, intervención mínima, tipos en branco, cuestións prexudiciais». Encontro de Maxistrados e Fiscais do Foro Medioambiental Granada, 23 e 24 Abril 2009. Documento Electrónico.

SESSANO GOENAGA, Javier Camilo, «A protección penal do medio ambiente peculiaridades do seu tratamento xurídico» Revista electrónica de ciencia penal e criminoloxía RECPC 04-11 (2002)

TRAYTER JIMÉNEZ, Juan Manuel. *O control do Plan urbanístico*. Civitas, Madrid, 1996.

TORRES LÓPEZ, María Asunción. *Extensión e límites da xurisdición contenciosa no urbanismo*. Comares, Granada, 2001.

Relación de sentenzas e autos

Sentenzas do TC

STC 9/1981 do 31 de marzo

STC 32/1982 do 7 de xuño

STC 61/1997 do 20 de marzo

STC 148/1989 do 21 de setembro

STC 212/91 do 11 de novembro

STC 298/1994 do 14 de novembro

STC 61/1997 do 20 de marzo

STC 120/1998 do 15 de xuño

STC 73/2000, do 14 de marzo

STC 2/2003 do 16 de xaneiro

STC 187/2005 do 4 de xullo

STC 312/2006 do 8 de novembro

STC 22/2009 do 26 de xaneiro

Sentenzas e Autos do TS

STS do 21 de marzo de 1988 (RX 1988/2183)

ATS do 11 abril de 1990 (RX 1990/3639)

ATS do 28 de 1990 (RX 1990/2264)

STS do 13 de decembro de 1990 (RX 1990/9963)

ATS do 6 de abril de 1992 (RX 1992/2623)

Regap



ESTUDOS E NOTAS

STS do 24 de maio 1993 (RX 1993/3503)
STS do 11 de novembro 1993 (RX 1993/8202)
STS do 4 de maio de 1994 (RX 1994/4146)
STS Sala 1ª do 4 de decembro de 1996 (RX 1996/8810)
STS do 25 de xuño de 1998 (RX 1998/4561)
STS do 23 de xullo de 1998 (RX 1998/5883)
STS do 21 de xaneiro de 1999 (RX 1999/351)
STS do 26 de xaneiro de 1999 (RX 1999/357)
ATS do 23 de xullo de 1999 (RX 1999/5895)
STS do 8 de outubro de 1999 (RX 1999/7206)
STS do 27 de novembro 1999 (RX 2000/1378)
STS do 4 de marzo de 2000 (RX 2000/2456)
STS do 18 de abril 2000 (RX 2000/4943)
STS do 1 de marzo 2001 (RX 2001/2367)
STS do 5 de abril 2001 (RX 2004/317)
STS do 6 de xuño de 2001 (RX 2001/3813)
STS do 27 de xullo de 2001 (RX 2001/8327)
STS do 30 de decembro 2001 (RX 2010/3024)
ATS do 16 de novembro 2002 (XUR 2002/266664)
STS do 2 outubro 2002 (RX 2002/8858)
STS do 7 de decembro de 2002 (RX 2002/10840)
STS Sala 2ª do 16 de xaneiro 2003 (RX 1991/9448)
STS do 10 de decembro de 2003 (RX 2004/107)
STS do 10 de decembro de 2003 (RX 2004/317)
STS do 18 de febreiro de 2004 (RX 2004/3160)
STS do 7 de xuño 2005 (RX 2005/5244)
STS do 1 de marzo de 2005 (RX 2005/2367)
STS do 22 de novembro de 2005 (RX 2006/4140)

STS do 7 de xuño 2005 (RX 2005/5244)
STS do 27 de xullo de 2005(RX 2005/6732)
STS do 13 de xuño 2006 (RX 2006/4606)
STS do 21 de xuño 2005 (RX 2005/8968)
STS do 1 de marzo de 2006 (RX 2006/2070)
STS do 28 de marzo de 2006 (RX 2006/3138)
STS do 26 de setembro de 2006 (RX 2006/6665)
STS do 14 de febreiro 2007 (RX 2007/1803)
STS do 19 de febreiro de 2008 (RX 2008/601)
STS do 10 de marzo de 2008 (RX 2008/1612)
STS do 18 de marzo de 2008 (RX 2008/1756)
STS do 9 de abril de 2008 (RX 2008/2035)
STS do 23 de xuño de 2008 (RX 2008/3263)
STS do 10 de xullo de 2008 (RX 2008/5733)
STS do 17 de novembro de 2008 (2008/5964)
STS do 22 decembro 2008 (Rx 2009/365)
STS do 23 abril 2010 (RX 2010/4711)

Regap



ESTUDOS E NOTAS

Novo réxime do silencio administrativo en licenzas urbanísticas

Nuevo régimen del silencio administrativo en licencias urbanísticas

New regime of the administrative silence in urbanistic licenses



FRANCISCO JAVIER NOVOA JUIZ

Funcionario con Habilitación de Carácter Estatal, Técnico Urbanista e Secretario do Concello do Grove (España)
secretario@concellodogrove.com

Recibido: 22/09/2013 | Aceptado: 05/06/2014

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Resumo: *A través deste artigo preténdese lembrar o establecido como doutrina legal tras moitos vaivéns mediante entre outras a STS do 28 de xaneiro de 2009 en relación co sentido do silencio nas solicitudes de licenza de obra, e a culminación desta doutrina no art. 23.2 do Real Decreto Lei 8/2011 do 1 de xullo xa derogado pola Disposición Derrogatoria Única da Lei 8/2013 do 26 de xuño de rehabilitación, renovación e rexeneración urbanas, e que dicía así: “o vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución expresa lexitimará o interesado que deducise a solicitude para entendela desestimada por silencio administrativo”.*

Palabras clave: *licenza de obra, silencio administrativo, competencia autonómica en materia de urbanismo.*

Resumen: *A través de este artículo se pretende recordar lo establecido como doctrina legal tras muchos vaivenes mediante entre otras la STS de 28 de enero de 2009 en relación con el sentido del silencio en las solicitudes de licencia de obra, y la culminación de esta doctrina en el art. 23.2 del Real Decreto Ley 8/2011 de 1 de julio ya derogado por la Disposición Derrogatoria Única de la Ley 8/2013 de 26 de junio de rehabilitación, renovación y regeneración urbanas, y que decía así: “el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado la resolución expresa legitimará al interesado que hubiere deducido la solicitud para entenderla desestimada por silencio administrativo”.*

Palabras clave: *licencia de obra, silencio administrativo, competencia autonómica en materia de urbanismo.*

Abstract: *Through this article we try to remember it as legal doctrine established after many ups and downs through the STS including January 28, 2009 in relation to the meaning of silence in building permit applications, and the culmination of this doctrine in the art. 23.2 of Royal Decree Law 8/2011 of July 1 and repealed by Unica Repeal Provision of Law 8/2013 of June 26 rehabilitation, urban renewal and regeneration, and that said so: “The deadline has not been given maximum resolution expresses the person concerned to legitimize has withheld the request to understand”.*

Key words: *building license, administrative silence regional competition in urban planning.*

Índice: *1. Achegamento aos antecedentes normativos e evolución. 1.1. Aspecto urbanístico do silencio. 1.1.1. Normativa recente. 2. Breve referencia á normativa autonómica. 3. Conclusións. 4. Epitafio.*

1 Achegamento aos antecedentes normativos e evolución

- O silencio administrativo é unha institución garantista que permite ao cidadán actuar no caso de falta de resposta da administración correspondente no prazo establecido para o procedemento en cuestión.
- É práctica habitual nas administracións esquecer o requisito legal establecido no art.42.4 da LRJPAC segundo o cal *“En todo caso, as Administracións públicas informarán aos interesados do prazo máximo normativamente establecido para a resolución e notificación dos procedementos, **así como dos efectos que poida producir o silencio administrativo, incluíndo a devandita** mención na notificación ou publicación do acordo de iniciación de oficio, ou na comunicación que se lles dirixirá ao efecto dentro dos dez días seguintes á recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Neste último caso, a comunicación indicará ademais a data na que a solicitude foi recibida polo órgano competente.”*

Coa LRXPAC, estableceuse o sentido dos silencios administrativos en función de quen incoase o proceso así como do contido da pretensión solicitada a diferenza da normativa do 58 que se refería aos actos presuntos anoándose ao sentido desestimatorio de toda petición formulada ante a administración.

Así, o silencio positivo ten o efecto de acto administrativo finalizador vinculando polo tanto ao órgano actuante na súa resolución posterior se a houber que non poderá ir en contra do sentido positivo dese silencio, porén, no caso do silencio negativo, atopámonos ante unha ficción que habilita ao solicitante para interpoñer os recursos pertinentes en defensa dos seus intereses sen prexuízo da posibilidade da administración de apartarse do sentido do silencio nun momento posterior.

1.1 Aspecto urbanístico do silencio

Centrándonos no aspecto urbanístico do silencio, debemos remontarnos ao **Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 17 de xuño de 1955** (derrogado tacitamente nalgúns artigos incumprindo o regulado na Disposición Final 1ª da Lei 7/85 de 2 de abril o que deriva nunha grande inseguridade xurídica) que contemplaba no seu artigo 9 con carácter xeral, o silencio positivo no caso de non resultar rematado o proceso nin suspendido, cando transcorrese **un mes** desde a incoación no suposto das licenzas menores e **dous meses** para o caso das maiores, desestimándose a petición por silencio ao uso do contemplado no actual art.43.1 da LRXPAC que establece que *o silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o [artigo 29 da Constitución](#), aqueles cuxa estimación tivese como consecuencia que se transferisen ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, así como os procedementos de impugnación de actos e disposicións.*

O Real Decreto 1346/76 de 9 de abril polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana di no seu artigo 178.3 o que será o novo réxime desde ese momento, precepto estatal básico ao que aínda agora se refiren múltiples sentenzas e doutrinas, así di: *“o procedemento de outorgamento das licenzas axustarase*

ao previsto na Lexislación de Réxime Local. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo, facultades en contra das prescricións desta lei,....”.

É palmario que esta nova redacción rompía co réxime anterior e se “*ubi lex non distinguit nec nos distinguere debemus*”, parece claro que non daba lugar a interpretacións a devandita lectura pero iso non foi así a raíz da entrada en vigor da Lei 4/99 de 13 de xaneiro de modificación da LRPAC.

Xa nestes momentos comezaron a aparecer, anticipándose a doutrina máis recente, pronunciamentos xurisprudenciais como o da Sala 3ª do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1986 que, reproducindo o espírito da lei, establece no seu fundamento de dereito oitavo que “*a maior abundamento, haberá que lembrar, unha vez máis, que a imposibilidade de conseguir por silencio, o que non poida obterse por acto expreso, non é ningunha novidade do precepto do art. 178.3 da vixente Lei do Solo EDL1992/15748, xa que o mesmo o que fai é recoller unha doutrina xurisprudencial que ía formándose de tempo atrás, cada vez con maior determinación*”.

Cronoloxicamente apróbase o Real Decreto Lexislativo 1/92 de 26 de xuño que segue a liña marcada polo lexislador urbanístico e establece no seu artigo 242.6 que *en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico*.

O devir deste artigo a todas luces elocuente na súa redacción analízase no fundamento de dereito Sexto da Sentenza en Casación da Sala 3ª do TS de data 28 de abril de 2009 (cuxa pretensión era recorrer unha denegación de autorización autonómica para vivenda en solo non urbanizable entendendo que o silencio tiña efectos positivos e rematadores do procedemento, sendo en todo caso un acto administrativo nulo do art.62.1.f) da LRPAC revisable de oficio; casaba sobre a infracción dos artigos 43.2, 43.3 e 62.1.f) da LRPAC en relación co art.116.4 da Lei 2/2001 de 25 de xuño de Ordenación Territorial e Réxime Urbanístico de Cantabria incumprindo neste último punto o disposto polo art.86.4 da Lei de Xurisdición Contencioso-Administrativa que non admite como motivo de impugnación en casación a vulneración de normativa autonómica) que precisa o seguinte que reproduzo de maneira resumida:

- No art. 242.6 do Real Decreto Lexislativo 1/92 de 26 de xuño dispúxose que *en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico*.
- O devandito precepto foi declarado lexislación básica do Estado no propio texto refundido, o que confirmou o TC na súa sentenza 61/97 de 24 de marzo, atendendo á súa vinculación co título competencial recoñecido en favor do Estado no art. 149.1.18 da Constitución.
- Tras a entrada en vigor da Lei 4/99 de 13 de xaneiro que modificou o réxime xeral do silencio administrativo regulado na LRPAC, certo sector da doutrina e algúns Tribunais, consideraron que o amentado artigo 242.6 resultara desprazado pola devandita reforma legal e que, en consecuencia, as licenzas ou autorizacións urbanísticas debían considerarse outorgadas por silencio en todo caso polo mero transcurso de prazo, aínda que resultaren incompatibles coa normativa urbanística aplicable. Suposto, no cal



a administración estaría obligada a revisar de oficio a licenza ou autorización “contra legem” mediante o procedemento regulado nos arts. 102 e 103 da LRPAC co recoñecemento dunha indemnización...

- Estas dúbidas despexáronse nas sentenzas ditadas por esta Sala do TS o 17 de outubro de 2007 nos recursos de casación núm. 9397/2003 e 9828/2003... pois o artigo 43.2 da LRPAC, na redacción dada pola Lei 4/99 **cóidase de advertir que a estimación por silencio o será, ou poderá así ser entendida agás que unha norma con rango de lei ou norma de Dereito Comunitario Europea estableza o contrario sendo esa norma o citado art.242.6 do TRLS de 1992** que non foi derogado, senón mantido en vigor pola Disposición derogatoria única da Lei 6/98...
- Doutrina ratificada en recente sentenza de 28 de xaneiro de 2009, ... onde se declara que tanto o art. 242.6 da Lei de Solo de 1992 e o art.8.1.b), último parágrafo do Texto Refundido da Lei de solo aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2008 de 20 de xuño, son normas con rango de leis básicas estatais, en cuxa virtude e conforme ao disposto no precepto estatal tamén básico 43.2 da LRPAC modificado pola Lei 4/99 de 13 de xaneiro, non poden entenderse adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da ordenación territorial ou urbanística.

1.1.1 Normativa recente

Polo tanto, o art. 242.6 do Real Decreto Legislativo 1/92 tivo un longo camiño existencial ata reproducirse no actual art. 8.1.b) do TRLS de 2008, xa que nin a Disposición Derrogatoria única da Lei 6/98 de 13 de abril nin a posterior da Lei 8/2007 o declararon non vixente.

Xa máis recentemente a STS de 7/11/2011 en recurso 227/2009 contra sentenza da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia de 23 de outubro de 2008, segue a doutrina legal marcada facéndose eco do **Real Decreto Lei 8/2011 de 1 de xullo** de adopción de diversas medidas relativas entre outras ao incremento da seguridade xurídica no sector inmobiliario cuxo **artigo 23** se alíña decididamente entre outras coa STS de 27 de xaneiro de 2009 como reconece expresamente o apartado VI do Preámbulo da devandita disposición, no que se resalta así mesmo que **a regra da imposible adquisición por silencio administrativo de facultades ou dereitos que contraveñan a Ordenación Territorial ou Urbanística xa estaba contido no art.8.1.b) do Texto Refundido de 2008, ao que atribúe carácter básico e que a nova disposición legal non vén senón a confirmar.**

2 Breve referencia á normativa autonómica

As diferentes normativas autonómicas reproducen o establecido no art .242.6 do TRLS 92 por ser lexislación básica como expuxen anteriormente e así entre outras:

- Disposición Adicional Cuarta da Lei das Cortes Valencianas 6/94 de 15 de novembro: *En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades en contra das prescricións desta lei, dos Plans, Proxectos, Programas ou Ordenanzas ou en xeral, en termos contrarios, opostos ou desconformes coas previsións da ordenación urbanística. A solicitude de licenza urbanística que non sexa resolta polo concello*

dentro dos prazos legais, sen prexuízo das prórrogas que sexan procedentes, entenderase estimada, agás que o seu contido sexa constitutivo de contravención grave e manifesta da ordenación urbanística, en cuxo caso se entenderá desestimada”.

- Art.5.2 da Lei Catalá 2/2002 de 14 de marzo: *En ningún caso poden considerarse adquiridas por silencio administrativo facultades urbanísticas que contraveñan esta lei ou o planeamento urbanístico.*
- Art.176 da Lei Aragonesa 5/99 de 25 de marzo: *Transcorrido o prazo de resolución sen notificarse esta, o interesado poderá entender estimada a súa petición por silencio administrativo, nos termos establecidos na lexislación do procedemento administrativo común. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico...*
- Art. 195 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia: *En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou planeamento urbanístico.*

3 Conclusións

Vemos que a normativa urbanística autonómica reproduce a doutrina legalmente establecida e a literalidade da normativa básica que por ese carácter de básica, amparado no art.149.1.18 e 149.1.1 da CE, non se pode contravir.

Pero o Real Decreto Lei 8/2011 de 1 de xullo no seu art.23 vai máis alá e reitera nunha disposición xeral multisectorial e na que **non se aprecia a extraordinaria e urgente necesidade**, polo menos neste aspecto, xa que como se expuxo neste traballo, tanto a xurisprudencia como a doutrina e en fin, o lexislador no recente que non último texto refundido da Lei de Solo xa contemplaba a imposibilidade de adquirir por silencio administrativo licenzas urbanísticas cando estas fosen *contra legem*, establece en primeiro lugar os actos que están suxeitos a AUTORIZACIÓN OU APROBACIÓN ADMINISTRATIVA, obviando o termo “licenza” co fin de adecuarse á nova nomenclatura derivada da normativa comunitaria e non ferir sensibilidades autonómicas, e a continuación modifica o réxime de silencios administrativos existentes en materia urbanística ata o momento ao contemplar como regra xeral o SILENCIO NEGATIVO para as solicitudes que afecten a actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e o subsolo (...) así:

Artigo 23. Silencio negativo en procedementos de conformidade, aprobación ou autorización administrativa.

1. *Os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e o subsolo que se indican a continuación requirirán do acto expreso de conformidade, aprobación ou autorización administrativa que sexa preceptivo segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística:*
 - a) *Movimentos de terras, explanacións, parcelacións, segregacións ou outros actos de división de fincas en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.*



- b) *As obras de edificación, construción e implantación de instalacións de nova planta.*
- c) *A ubicación de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.*
- d) *A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva que, polas súas características, poidan afectar á paisaxe.*
- e) *A primeira ocupación das edificacións de nova planta e das casas a que se refire a letra c) anterior.*

2. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución expresa lexiti-mará ao interesado que tiver deducido a solicitude para entendela desestimada por silencio administrativo.

Á vista da redacción da disposición non cabe máis que interpretar que a intención, o espírito, é o de garantir a seguridade xurídica neste caso en prexuízo do cidadán contravindo en certa medida o establecido polo lexislador anterior, tanto no texto refundido da Lei de Solo de 2008 e a Lei 4/99 de 13 de xaneiro de modificación da LRPAC.

Por último, quero facer unha reflexión en relación co **silencio nas licenzas de primeira ocupación** pois se ben, parece que queda meridianamente claro á vista do artigo enunciado o carácter negativo do mesmo, da lectura da sentenza do TSX de Andalucía na súa Sala do Contencioso-administrativo de 28 de xuño de 2011, cabe inferir o contrario xa que de maneira moi elocuente establece en Fundamento de Dereito 5º que *o que se pretende por medio deste proceso, é que se entenda outorgada, aínda por silencio positivo, unha licenza de primeira ocupación, e aínda que a conformidade da licenza co planeamento se fai xeral para todas elas (...) o certo é que a través da licenza de primeira ocupación parece incerto que poida contrastarse a anterior conformidade cando non é ese o seu obxecto, senón das de obras, pois a de primeira ocupación ten por obxecto a comprobación de se o realizado se axustou ao proxectado.*

É por iso que se está no caso de considerar que a doutrina legal antes recollida nestes fundamentos (refírese á doutrina establecida do silencio negativo *contra legem*, STS 28/01/2009, entre outras) ***non debe ser de aplicación naquelas licenzas urbanísticas que non teñen como obxecto determinar a conformidade da obra proxectada co Plan, senón do construído co autorizado, de forma que a súa denegación haxa de ser sempre expresa, so pena que o silencio teña efectos positivos, e non convertindo este proceso de cualificación nunha revisión dunha licenza de obras anteriormente outorgada que chegou a ser inatacable ante a xurisdición contencioso-administrativa e contra a que só pode actuarse a través da revisión administrativa de oficio.***

Aí deixo esta controversia para que se poida dirimir ou ben pola xurisprudencia ou ben pola tan de moda e manida forma de regular a través de reais decretos leis, sen prexuízo de que cada aplicador do dereito, xa sexa habilitado ou técnico informe o que estime conveniente sometendo o seu parecer a outro mellor fundado en dereito.

4 Epitafio

En todo caso, valla este artigo para refrescar e reflexionar sobre o sentido do silencio nas licenzas urbanísticas, mais, como manifestei ao longo do mesmo, é vasta a profusión legislativa administrativa actual e así, o vértice sobre o que xiraba este traballo, o art.23.2 do Real Decreto Lei 8/2011 de 1 de xullo foi derogado recentemente pola Disposición Derrogatoria Única 6ª da Lei 8/2013 de 26 de xuño de rehabilitación, renovación e rexeneración urbana polo que entendo volvemos ao réxime anterior máis axustado á normativa autonómica que establece o silencio administrativo negativo nas licenzas *contra legem*.

Pero o legislador non podía limitarse a rectificar e derogar o citado artigo sen máis, polo que dá unha última volta de rosca e modifica, a través da Disposición Final 12ª.5 da Lei 8/2013 de 26 de xuño, o art.9 do Real Decreto Legislativo 2/2008 de 20 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo regulando unhas excepcións ao silencio positivo agás *contra legem* que son *numerus clausus* e que ampara nos títulos competenciales do art.149.1.;13;18 e 23 da CE como lexislación básica:

7. *Todo acto de edificación requirirá do acto de conformidade, aprobación ou autorización administrativa que sexa preceptivo, segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, debendo ser motivada a súa denegación. En ningún caso poderán entenderse adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contrañan a ordenación territorial ou urbanística.*
8. ***Con independencia do establecido no apartado anterior, serán expresos, con silencio administrativo negativo, os actos que autoricen:***
 - a) ***Movrmentos de terras, explanacións, parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.***
 - b) ***As obras de edificación, construción e implantación de instalacións de nova planta.***
 - c) ***A ubicación de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.***
 - d) ***A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a devandita corta se derive da lexislación de protección do dominio público.***

Entendo que este ciro copernicano non será o último nun pequeno lapso de tempo ca que bate frontalmente coas competencias autonómicas en materia urbanística e é de difícil aplicación en confrontación coas normativas rexionais.

Remato lembrando o principio de seguridade xurídica ao que deben someterse os poderes públicos conforme o art. 9.3 da CE e que desgraciadamente oscila perigosamente.



O ferrocarril: transformación territorial e urbana en Galicia

El ferrocarril: transformación territorial y urbana en Galicia

The railroad: territorial and urban transformation in Galicia



VÍCTOR RAMOS RODRÍGUEZ

Alumno do Curso Superior de Técnico de Urbanismo (Galicia, España)
victor.ramos.rodriguez@gmail.com

Recibido: 30/10/03/2013 | Aceptado: 05/06/2014

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Resumo: *O estudo da infraestrutura ferroviaria en Galicia e os seus efectos sobre a ordenación territorial e urbana, permitiu valorar a repercusión que significou desde a súa aparición, en 1873, ata a actualidade.*

A investigación centrouse nas cidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, dada a claridade coa que se puideron identificar tanto iniciativas socioeconómicas coma o marco intelectual que as avalaba en cada caso e, para iso, remontouse aos anos previos á revolución industrial, finalizando nas distintas propostas de renovación e rexeneración urbana para os barrios das distintas estacións, achegándose un coñecemento da realidade territorial e urbana galega a través da historia do ferrocarril.

Palabras clave: *urbanismo, ordenación do territorio, ferrocarril, infraestrutura, Galicia.*

Resumen: *El estudio de la infraestructura ferroviaria en Galicia y sus efectos sobre la ordenación territorial y urbana, ha permitido valorar la repercusión que ha significado desde su aparición, en 1873, hasta la actualidade.*

La investigación se ha centrado en las ciudades de Santiago de Compostela, A Coruña y Vigo, dada la claridad con la que se han podido identificar tanto iniciativas socioeconómicas como el marco intelectual que las respaldaba en cada caso y, para ello, se ha remontado a los años previos a la revolución industrial, finalizando en las distintas propuestas de renovación y regeneración urbana para los barrios de las distintas estaciones, aportándose un conocimiento de la realidad territorial y urbana gallega a través de la historia del ferrocarril.

Palabras clave: *urbanismo, ordenación del territorio, ferrocarril, infraestructura, Galicia.*

Abstract: *The study of railroad infrastructure in Galicia and its effects on territorial and urban planning, has allowed to value the repercussion that it has meant from its appearance, in 1873, until present.*

The research has centred on the cities of Santiago de Compostela, A Corunna and Vigo, because of the clarity with which we have identified the socioeconomic initiatives as the intellectual frame that was endorsing them in each case

and, for it, we have returned back to the years before the Industrial Revolution, finishing in the different proposals of renovation and urban regeneration, because of railroad high velocity, in the neighborhoods of the different stations, being contributed a knowledge of Galician territorial and urban reality across history of railroad.

Key words: urban planning, territorial planning, railroad, infrastructure, Galicia.

Índice: 1. *Introdución* 1.1. *O contexto galego ante a chegada do primeiro ferrocarril* 2. *Os primeiros trazados ferroviarios (1861-1939). Polaridades e transformacións* 2.1. *Factores socio-económicos* 2.2. *O ferrocarril: novos horizontes, novas oportunidades* 2.3. *A primeira liña ferroviaria en Galicia: Cornes-Carril* 2.4. *O ferrocarril nas cidades da Coruña e Vigo: o salón urbano* 2.4.1. *A cidade da Coruña* 2.4.2. *A cidade de Vigo* 3. *As estacións de segunda xeración (1939-1987). A infraestrutura: motor urbano* 3.1. *A mellora dos trazados e das capacidades. O administrador único* 3.2. *O Plan Nacional de estabilización Económica e os Plans de Desenvolvemento* 3.3. *A reestruturación das estacións. Renovación funcional e reestruturación urbana* 3.3.1. *Santiago de Compostela* 3.3.2. *A Coruña* 3.3.3. *Vigo* 4. *Conclusións primeiras. As estacións de terceira xeración* 4.1. *Os elos soltos: potenciais nodos de actividade?* 4.2. *Redees capilares: eficacia e racionalidade* 4.3. *Interconexión do sistema: a estación como condensador urbano* 5. *Bibliografía*

1 Introducción

As infraestruturas e os medios de transporte foron considerados ao longo da historia como elementos clave no proceso de desenvolvemento de cidades e países. A natureza dos distintos asentamentos, as súas oportunidades e as súas demandas, inspiraron ao ser humano, desde Hipódamo de Mileto ata as formulacións actuais de cidades de nova planta, para evidenciar as súas deficiencias e tratar de evolucionar as estratexias coa intención de proveer á súa estrutura, local e territorial, dunha maior eficacia á hora de resolver problemas cada vez máis complexos.

A mobilidade, sen lugar a dúbidas, é un dos temas capitais en todos estes procesos de construción, reestruturación e renovación.

Se consideramos que o territorio desempeña un papel fundamental á hora dalbergar un asentamento e, polo tanto, na medida na que facilita os transportes e as comunicacións dentro dun marco xeográfico, Galicia atopouse sucesivamente nunha situación deficitaria debido á súa ubicación e a súa xeomorfoloxía, non resultando sinxelo para a man do home a construción de novas vías de comunicación que favorecesen o desenvolvemento económico e social.

A análise de determinados períodos históricos non moi lonxanos evidencia como a cabotaxe e as rutas atlánticas salvaron a este territorio dun maior illamento, se ben algúns destes obstáculos se superaron de maneira progresiva coa chegada do ferrocarril e a mellora da rede de estradas a mediados do século XIX.

A tradición relativa á construción do medio produciu ao longo do tempo unha considerable cantidade de acercamentos á ordenación do territorio e o planeamento urbano, tan diversos como o son as orixes dos seus autores, podendo establecer algunhas relacións que aínda na actualidade teñen un importante impacto tanto nos plans como nas políticas que os sustentan. Produto diso é a realidade coa que actualmente traballamos.

Os debates xerados arredor das diversas teorías, económicas, urbanísticas, políticas, etc. derivaron na aplicación práctica destas, determinando en gran medida a forma na que as nosas cidades crecen e interaccionan co medio e coas súas poboacións vinculadas, sexa cal for o modo no que se produce esta relación: económico, social, cultural...

Neste sentido considérase relevante reflexionar sobre a repercusión que tiveron os trazados infraestruturais terrestres e, en especial, os ferroviarios, principalmente á hora de estruturar o territorio e establecer unha serie de relacións que, desde unha perspectiva xeralista, determinaron e condicionan as decisións presentes en materia de planificación a calquera escala.

Ao longo deste traballo reflexionábase sobre os procesos asociados á “revolución dos transportes” e, de forma máis acoutada, a tres exemplos do noso ámbito xeográfico inmediato, atendendo ao modo no que a nova infraestrutura condiciona a súa morfoloxía e dinamiza a renovación e reestruturación dos seus espazos.

O horizonte desta investigación non é outro que o contraste dos efectos do ferrocarril en Galicia ao longo da súa historia, centrándose en tres casos concretos: Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. No primeiro dos casos analizarase a repercusión da construción da primeira liña de ferrocarril, entre Cornes e Carril, e os efectos das estacións destino, mentres que, nos outros dous casos, o estudo centrarase na propia implantación das estacións na trama urbana. Formúlanse estes tres casos dadea a claridade coa que se perciben tanto as políticas como as formulacións desenvolvidas, con diversa fortuna, e o seu marco intelectual, preciso e determinado en canto aos seus obxectivos.

1.1 O contexto galego ante a chegada do primeiro ferrocarril. Transportes terrestres

Os transportes terrestres en Galicia fundamentábanse na rede de camiños reais debido á realidade física do seu territorio, o que ocasionaba que desde principios do século XVIII esta rexión se deixase á marxe, pois hai que ter en conta que desde Madrid se chegaba ata Astorga, continuando desde esta poboación cara Galicia por vías de orde inferior.

É importante mencionar que, ata a data na que nos atopamos, o acceso a Galicia producíase polo camiño medieval de Santiago. Esta situación preocupou ao marqués da Ensenada, baixo cuxo ministerio se proxectou a estrada de Madrid cara A Coruña, convertíndose o tramo entre esta cidade e Benavente no eixe neuráxico das comunicacións galegas.

No caso desta infraestrutura viaria resulta necesario expoñer cales eran os intereses da corte en comunicar Madrid, non a maior cantidade de poboación de Galicia, que neste caso se concentraba no sur da rexión, senón co porto da Coruña, sede dos Correos Marítimos desde 1764, habilitado para o comercio colonial desde 1765 e no que estaban situados a Capitanía Xeral, a Real Audiencia e, con posterioridade, o Real Consulado que, engadindo a proximidade do arsenal de Ferrol, reforzaban esta decisión estratéxica.

A execución deste camiño real realizase entre os anos 1763-1785 e comunica A Coruña, Betanzos, Lugo, As Nogais, Noceda, Pedrafita, Ruitelán, Villafranca del Bierzo, Bembibre, Manzanal de la Sierra, Combarros e Astorga que, co seu remate, permitiu a comunicación con Madrid nun prazo de 8 a 9 días no verán, e de 16 a 20 nas épocas de mal tempo. Ademais do camiño real a Madrid, nesa época promovéronse dúas estradas provinciais, unha entre A Coruña e Santiago de Compostela, e outra entre Santiago e Tui.

Nos inicios do século XIX, tal e como se pode constatar, Galicia só dispoñía de dúas rutas para o tráfico rodado, a ruta A Coruña-Betanzos-Lugo-Madrid e A Coruña-Santiago-Pon-



tevedra-Tui que, aínda sen amosar unhas condicións óptimas para a súa utilización, resultaban bastante aptas para os distintos medios de transporte.

A conexión rodada desde Madrid co sur da rexión non se producirá ata principios do século XIX, comunicándose Vigo con Madrid pasando por Puebla de Sanabria e Monterrei. Nestes mesmos anos construírse un camiño real entre Ferrol e Castela realizando un desvío do camiño real xeral a Madrid en Rábade, e cuxo trazado atravesaba Vilalba, As Pontes de García Rodríguez, Neda e Ferrol.

Esta estrutura primaria de camiños, xunto cunha serie de trazados transversais cuxa execución se dilatará no tempo, será a que vertebre as comunicacións terrestres de Galicia ata a aparición do ferrocarril a finais do século XIX.

Neste sentido é interesante ter coñecemento do estado da cuestión en materia de infraestruturas de comunicación terrestre coa aprobación da Lei de Ferrocarrís de 1855:

Cadro 1. Estado das estradas galegas en decembro de 1855

Estradas xerais	km	Comentarios
Madrid - A Coruña	549,51	Rematada
Ferrol - Rábade	84,68	13,93 km construídos e 30,64 en construción
Ourense - Pontevedra	91,37	27,86 construídos e 63,51 en construción
Madrid - Vigo	591,72	173,83 construídos (95 entre Ourense e Pontevedra) e 213,95 en execución
Estradas transversais	km	Comentarios
Santiago - Lugo	90,26	44,57 construídos e 45,69 km en construción
Betanzos - Ferrol	39,00	16,72 construídos e 22,28 en construción
Santiago - Ourense	101,41	45,69 construídos e 55,72 en construción
Roupar - Viveiro	42,90	15,04 en execución
Lugo - Quiroga	81,90	27,86 construídos e 5,57 en construción
A Coruña - Vigo	151,56	Rematada

Fonte: Memoria sobre o estado das Obras Públicas en España en 1856, presentada ao Excmo. Sr. Ministro de Fomento pola Dirección Xeral de Obras Públicas, Madrid, Imprenta Nacional, 1856

As transformacións da rede viaria galega completáranse, tras a aprobación da Lei de Ferrocarrís, coas estradas provinciais e locais, grazas á nova categorización da Lei de Estradas de 1857, que establecía unha clasificación das vías en estradas de primeira, segunda e terceira orde, á súa vez tamén supuxo a consideración da importancia dos enlaces entre as vías ferroviarias e as estradas principais.

As estradas de primeira orde dirixíanse desde Madrid ás capitais de provincia, departamentos de mariña e puntos onde estaban establecidas as alfándegas marítimas, habilitadas para o comercio de importación e exportación, ficando incluídos neste grupo os ramais que partían das estradas de primeira orde ou dunha liña de ferrocarril cara os puntos mencionados no anterior parágrafo ou os que enlazaban dous ou máis ferrocarrís sempre que transcorra o seu trazado por poboacións de máis de 15.000 habitantes.



Fig. 1. Mapa de itinerarios recoñecidos polo Exército. 1847

As estradas de segunda orde considerábanse aquelas que unían dúas capitais de provincia ou enlazaban o ferrocarril cunha estrada de primeira orde. Ao resto de vías englobábaselles na categoría de terceira orde.

Cadro 2. Rede viaria galega 1847-1865

Estradas	km	Número
Estradas de primeira orde	880,90	12
Estradas de segunda orde	500,50	16
Estradas de terceira orde	363,40	15
Camiños carreiros	274,10	38
Camiños de ferradura	5.406,70	153
Sendas	121,10	17
Total	7.546,70	251
Pontes	km	Número
Pedra	–	220
Cachotaría	–	52
Madeira	–	92
Pasaderas	–	22
S/D	–	199
Pizarra	–	2
Total	–	587

Fuente: Memoria sobre el estado das Obras Públicas en España en 1856, presentada al Excmo. Sr. Ministro de Fomento pola Dirección Xeral de Obras Públicas, Madrid, Imprenta Nacional, 1856

2 Os primeiros trazados ferroviarios (1861-1939). Polaridades e transformacións

2.1 Factores socio-económicos

Neste período Galicia caracterízase por ser unha das comunidades con maior dispersión e menor taxa de urbanización, ocupando un dos últimos postos a nivel nacional en termos de renda per cápita e volume dactivos industriais. As feiras e os mercados constituían os principais núcleos de intercambio, aínda que na maioría o volume das transaccións e a variedade dos produtos intercambiados resultaban moi reducidos. A economía galega da época caracterizábase por ser unha economía tradicional de pequena escala, cunha poboación con baixa capacidade de consumo e que vivía ao límite da subsistencia, e á que os malos camiños contribuíran pouco ao desenvolvemento destes tráxicos de mercadorías.

O predeominio de pequenas explotacións familiares agrícolas, pesqueiras e gandeiras, combinadas con actividades relacionadas coa manufactura doméstica plasmábase nun elevado autoconsumo, escasos excedentes e baixa actividade mercantil. O gando vacún constituía un dos produtos galegos máis atractivos para os negociantes procedentes de Portugal e o sur de España, ao igual que as salgadasuras de peixe, que se convertiron noutro dos produtos galegos máis atractivos para os comerciantes foráneos, constituíndose en principio como un produto con suficiente valor engadido como para compensar os retornos da distribución de viños e augardentes cataláns en Galicia. Dentro deste contexto, os tráxicos rexionais de mercadorías fluíron arredor dos portos e os principais centros de consumo da rexión, principalmente os núcleos máis poboados.

A fase de planificación urbanística ábrese no ano 1959 mediante a formulación do primeiro plan de zonificación e o plan de ordenación do polígono de Vite, formulado na súa primeira fase (1960) cunha intención de ocupar os bordos da vía de Xoan XXIII, mentres que o Ensanche, iniciado no ano 1947, pecha a súa expansión sobre os últimos tramos da vía de circunvalación N-550 constituíndo os principais crecementos da cidade neste período. Esta última actuación dará fachada ás instalacións ferroviarias formalizando a incorporación da estación á fachada urbana.

Na década dos anos 1960 ten lugar unha etapa desenvolvida e de forte carácter especulativo na que se executaron os ensanches rompendo coas directrices da formulación, o que en bastantes cidades repercutiu na desaparición dunha parte importante do patrimonio construído. No caso de Santiago, o primeiro Plan Xeral Municipal é redactado no ano 1965

por parte do arquitecto Julián Peña Peña, no que se incorporan os principais crecementos que están tendo lugar, ademais do trazado da avenida para dar acceso ao centro histórico e a circunvalación sur, desde o encontro da ronda do Ensanche coa estrada de Ourense, ata o arranque da estrada de Noia, o que enfatiza a visión radio-concéntrica que se ten da cidade.



Fig. 50. Plan de Julián Peña. 1965. Arquivo Municipal

A idea de limitar os crecementos polo noreste e noroeste convértese nunha das directrices fundamentais, xa que se limita a expansión debido a que se valora positivamente o medio e trátase de controlar os posibles crecementos que poidan perturbar a vocación monumental da cidade, adóptase unha actitude de protección, tratando de organizar o tecido urbano non só desde a súa relación co medio rural circundante, senón tamén desde o punto de vista da planificación da infraestrutura e a aplicación de criterios ambientais.

A actitude do plan de 1965 é contraditoria en canto ás decisións que se toman con respecto á cidade histórica e a súa posta en valor fronte á formulación de novos crecementos sobre as súas tramas periféricas, como por exemplo os desenvolvidos mediante Plans Parciais na Almáçiga, Belvís, Sar ou Vite, levados a termo entre os anos 1968 e 1972.

As formulacións iniciais, expostas na memoria do Plan de Julián Peña, aspiran a conter á cidade protexendo a estrutura existente, é dicir, preservando os espazos pero sen renunciar aos trazados infraestruturais novos.

O Plan parcial de Vite, cunha superficie de 50,42 Ha, e desenvolvido por Julio Cano Laso, é un bo exemplo da posta en práctica de estratexias de contención, pero participando do proceso de construción da cidade mediante a disposición de grandes espazos abertos, moi coidados desde o punto de vista ambiental, así como desde as perspectivas visuais.




Fig. 51. Plan de Vite. Julio Cano Lasso (1968). Fonte: Arquivo Municipal

Ponse de manifesto o carácter preponderante das infraestruturas á hora de estruturar e definir a forma da cidade.

A carga derivada da aplicación do Plan de 1965 enténdese como un pesado lastre sobre a trama urbana, en tanto que se executou dun modo pouco axeitado, debido á pouca cualificación das pezas de bordo, o que repercutirá sobre o Plan de 1974 redactado polo arquitecto Francisco Fernández Longoria.

Este documento representa o modelo do pensamento de desenvolvemento económico da época, baseado nun enfoque claramente desenvolvista, que trata de estruturar o seu crecemento en base á Lei do solo de 1956, mantendo os criterios herdados da anterior formulación e as instrucións de Belas Artes. A incapacidade do Plan derivou na realización da súa revisión, mediante a que se permitiu a continuidade dos procesos especulativos xerados ao longo da década de 1960, ocasionando a concentración de tecidos extremadamente densos, con grandes carencias de infraestruturas, equipamentos e sen un mínimo de calidade ambiental.



Fig. 52: Plan de Francisco Fernández Longoria.1974. Fuente: Archivo Municipal

A estación de Santiago de Compostela a partir deste momento, e durante os próximos anos, ademais de ser un dos factores que dinamicen as súas capacidades, será o elemento urbano que poña “límite” ao crecemento da cidade cara o sureste.

Para rematar o apartado deste capítulo faise alusión ao aeroporto de Lavacolla que, aínda que moi distanciada da cidade, xa desde a súa creación, en 1935, foi denominado “aeropuerto central de Galicia”. Ao principio da década dos 60 terá un volume de pasaxeiros bastante discreto, que irá incrementando progresivamente, grazas ao Plan de desenvolvemento aeroportuario correspondente ao trienio 1964-67 e as melloras nas instalacións que se levan a cabo: dotación de torre de control, unha terminal “axeitada aos tempos” e a pista de aterraxe máis longa do norte de España, con 2,5 km de lonxitude, que terá un papel importante tanto nos procesos de emigración como de transporte de tripulacións de pesqueiros.

3.3.2 A Coruña

A cidade da Coruña será testemuña duns importantes procesos de renovación e reestruturación urbana perfectamente identificables: a demolición de áreas con usos obsoletos, a transformación das infraestruturas e a implantación de novas industrias. En 1950 ve a luz o Plan de Modernización das Estradas Españolas, consistente nunha serie de medidas que

asegurarán o bo funcionamento das mesmas, como a construción de variantes, a eliminación de tramos perigosos e reasfaltado de firmes.




Fig. 53. Plan de Modernización da Rede de Estradas Españolas. 1951. Fonte: MOPU


Este plan constitúe o precursor dos proxectos de novos accesos ás cidades do Estado, onde Madrid resulta o punto central de saída de todas as estradas elaborando novos camiños de accesos. Na Coruña o reflexo desta nova política de renovación materializárase nas mellores dos accesos pola costa da N-VI e na construción da variante da estrada de Santiago, a Avenida de Lavedra.



Figuras 54 e 55. Avenida da Paisaxe e avenida de Lavedra. Fonte: arquivo La Voz de Galicia

Os novos eixes de acceso á cidade constituirán os eixes principais de expansión da mesma nas próximas décadas, ben pola localización de importantes equipamentos ou ben polo

desenvolvemento de polígonos de vivenda ou áreas industriais. Os trazados de acceso conflúen practicamente no mesmo punto da cidade, as proximidades das zonas portuarias e das estacións de ferrocarril do Norte (marrón claro), aínda en uso, cunha vinculación máis directa ao transporte de mercadorías, mentres que a estación de San Cristóbal (marrón escuro), unha vez inaugurado o novo trazado a Santiago en 1943, terá unha vocación máis orientada cara o transporte de pasaxeiros. A localización da refinería será periférica (verde).



Figuras 56 e 57. Avenida da Pasaxe e avenida de Lavedra.1957

Fonte: Elaboración propia. Ortofoto 56 IET

As formulacións recollidas nas novas estratexias do Estado respecto á captación de investimento exterior dan os seus froitos no que se refire á cidade a través da implantación dunha refinería, que será inaugurada en 1964, e que suporá a incorporación dunha nova fonte de enerxía e de riqueza, circunstancia que reforzará a posición do porto, que continuará co seu crecemento, e que xa nesas datas estaba consolidado entre os primeiros en movemento de carbón.



Figuras 58 e 59. Avenida da Paisaxe e avenida de Lavedra. Fonte: arquivo La Voz de Galicia

A situación da refinaría cumpre coas formulacións expostas con anterioridade respecto aos tipos de solo, zonas “vacantes” en áreas rurais, e que neste caso van da man de cuestións de carácter sanitario. A disposición da refinaría na zona de Bens polarizará paulatinamente cara esa área os futuros desenvolvementos de carácter industrial, ocasionando unha demanda de man de obra e polo tanto a captación de poboación. A cidade experimenta un considerable crecemento en todos os aspectos, incrementando progresivamente a poboación ata acadar máis de 130.000 habitantes.



Fig. 60. Crecementos desde 1755 ata 1947. Fonte: Precedo Ledo

A demanda de vivenda é unha evidencia e é por ese motivo polo que xorden novos barrios na cidade como o dos Maios, a Agra do Orzán, Labañou ou o polígono do Barrio das Flores, no que nos centraremos brevemente. A Obra Sindical do Fogar encarga a José Antonio Corraís que pense un novo asentamento para unha poboación que incrementaba o seu número grazas á presenza de industrias como a refinaría. Arquitectos de recoñecido prestixio como Andrés Fernández-Albalat, Ignacio Bescansa, Jacobo Losada ou José Luque Sobrini deron forma a un proxecto que levantou 2.000 vivendas sobre unha superficie de 17 hectáreas na entrada da cidade da Coruña.



Figuras 61 e 62. Avenida de Lavedra e Barrio das Flores. Fonte: arquivo La Voz de Galicia

A disposición do Plan Parcial sector B (marrón), coñecido como o Barrio das Flores, en relación á cidade respondía ás mesmas formulacións que os desenvolvidos en materia de ubicación de industrias, é dicir, a implantación estratéxica de polos “especializados” cara os que focalizar o crecemento urbano, pero sobre unhas novas infraestruturas capaces de darlles soporte.



Fig. 63. Avenida da Pasaxe e avenida de Lavedra.1957 co Barrio das Flores.
Fonte: elaboración propia. Ortofoto 56 IET

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

No que a crecemento se refire, a cidade realizará un proceso importante de reestruturación de espazos vacantes interiores, como por exemplo o baleiro deixado pola desaparición da primeira estación de ferrocarril da compañía Norte, produto dun incendio.



Figuras 64 e 65. O incendio da estación de Norte (1964) e demolición dos restos da estación
Fonte: arquivo La Voz de Galicia

Estes espazos vacantes converteranse en espazos de oportunidade e reestruturación da cidade, ben permitindo a apertura de novos viais que desconxestionen as zonas centrais, ou ben mediante a formalización de espazos cualificados por equipamentos, zonas de uso público ou a implantación de actividades capaces de dinamizar economicamente o ámbito en cuestión. A oportunidade xurdida das cinzas da antiga estación de norte permitiu a apertura da comunicación rodada, mediante un túnel que pasa baixo a avenida de Alfonso Molina, constituíndo a avenida de Salgado Torres, a saída en dirección suroeste da cidade.



Fig. 66. Desmantelamento de vías da estación de Norte e túneles da avda. Salgado Torres.
Fonte: arquivo La Voz de Galicia

Nesta zona, anos despois, será onde se implanten a estación de autobuses, o centro comercial de Catro Camiños e O Corte Inglés. O porto verá resoltas as súas necesidades de dar saída por ferrocarril ás súas mercadorías grazas á derivación da liña que finalizaba na estación de Norte ata unha nova estación, a de San Diego, que a finais da década se convertirá na terminal de carga portuaria.



Fig. 67. Estación de San Diego. Fonte: arquivo La Voz de Galicia

O aeroporto de Coruña, Alvedro, abriuse ao tráfico aéreo en 1963 cun voo de Aviaco a Madrid. Cunha pista de tan só 1.700 metros, considérase un aeroporto menor dentro da rede de aeroportos españois, centrándose a práctica totalidade dos voos en Santiago.

3.3.3 Vigo

O desenvolvemento de Vigo produciuse principalmente a partir dos impulsos da industria, en primeiro lugar, a industrialización dos produtos do mar e o comercio marítimo, tal e como se expuxo no punto 2 do traballo, e o segundo, na década de 1960, coa chegada da factoría da Citroën e unha nova etapa da industria naval.

Nos anos posteriores á guerra civil, a cidade experimentará un reforzo da súa situación. Os principais motivos desta circunstancia serán a modernización da industria pesqueira e a existencia dun potente sector conserveiro que, progresivamente, fomentaría que a cidade se fose convertindo nun polo industrial portuario cada vez máis importante. Os avances en materia conserveira esixiron a renovación da frota, o que impulsou tanto a actividade naval, como o desenvolvemento dos estaleiros, o que axudou á consolidación do porto como centro de comercio marítimo e motor urbano ata 1940, data na que se vería a chegada do ocaso da industria conserveira.

En materia de reestruturación da cidade centrarémonos no trazado e execución da rúa Gran Vía, inaugurada por Franco en agosto de 1945, sendo o su trazado orixinario de 1910, data na que se iniciou a planificación da mesma. Nas imaxes pódese observar como era a sección da vía, de 36 metros de ancho, e cun desenvolvemento lineal de aproximadamente 3600 metros.



Figuras 68 e 69. Fotografías da Gran Vía. 1945. Fonte: arquivo Faro de Vigo

Os obxectivos deste trazado serían a reestruturación dun primeiro tramo, bordeando a cidade cara As Travesas, e apertura de Vigo cara “as belísimas zonas rurais” periféricas que, con posterioridade, se verá como sucesivamente se irían transformado para dar resposta ás dinámicas necesidades urbanas. Neste sentido, a cidade viu mudar a súa sorte coa creación, en 1947, do Consorcio da Zona Franca de Vigo o que revitalizou de novo a actividade industrial e acto seguido a ofrecer solos industriais amparados en beneficios fiscais que farían da cidade unha localización atractiva para iniciativas industriais de certo calado.

É neste momento cando se entende con máis claridade a asociación de solos rurais e novas infraestruturas.

Tal e como se indicaba, o trazado da Gran Vía, ademais de reestruturar os crecementos a media aba, serviría para dar saída a Vigo cara novas zonas susceptibles de ser desenvolvidas como áreas industriais ou residenciais en dirección sur-suroeste.

No primeiro dos casos pódese apreciar a inmediatez á situación da estación de ferrocarril, mentes que no segundo, a grande oportunidade para a implantación de novas industrias expresada en forma de hectáreas de solo rústico.



Fig. 70. Plano de Otero Pedraio con trazo de Gran vía e Estación FF. CC. 1945.

Fonte: elaboración propia e Librería MIMO

Na década de 1950 Vigo contaba cos índices de poboación máis dinámicos de Galicia, e mesmo que moitas das principais cidades do país e, para demostralo, abonda contrastar os datos de poboación de mediados do século XIX, con 35.210 habitantes, cos de 1950, data na que se superarían amplamente os 130.000 efectivos. Neste contexto fixo a súa aparición a industria automobilística da man de Citroën coa intención de abrir unha gran planta en Balaídos cuxo proxecto esixía a ocupación da maior parte dos terreos situados na zona sur. A Zona Franca adquiriu o seu verdadeiro papel como dinamizador industrial de Vigo e Citroën Hispania non só ocupou fisicamente boa parte dos terreos, senón que pasou a ser en moi pouco tempo o principal centro de creación de emprego e facturación de Galicia.




Fig. 71. Ortofoto cos eixes de crecemento. 1956. Fonte: elaboración propia. Ortofoto 56 IET

A posta en práctica dos principios contidos na reforma administrativa do Estado estimulou, tal e como se pode comprobar, a chegada de investimentos externos que permitisen o inicio de novas actividades produtivas auxiliares, o que supuxo un forte impulso demográfico e, en consecuencia, cambios importantes na armazón urbanística e nas dotacións infraestruturais. A medida que se desenvolvía o proxecto de implantación da factoría, íanse xerando fortes expectativas de emprego entre a poboación rural. Unha vez iniciada a actividade, a planta converteuse definitivamente nun elemento dinamizador de primeira orde para a cidade e toda a súa periferia.



Fig. 72. Ortofoto da Zona Franca. 1956. Fonte: Ortofoto 56 IET

O inicio da década de 1960 é cando se producirá o auténtico despegue demográfico, se ben este período tan optimista desde o punto de vista poboacional e económico coincide cos anos máis negativos para o planeamento urbano e a construción de Vigo. Os Plans de desenvolvemento, nos que non só se formulaba a implantación de industrias, tamén prevían a oferta de parque inmobiliario promovido polo Ministerio da Vivenda que, no caso de Vigo, se verán formalizados no polígono de Coia, xurdido a partir do previsto no polo de desenvolvemento Vigo-Porriño, un dos sete que se puxeron en marcha, e en base ao establecido no Plan Parcial redactado por J. Gallego Fernández, aprobado o 23 de xuño de 1963, cunha extensión aproximada de 75,03 Ha e unha previsión de 8883 vivendas.



Fig. 73. Plan Parcial do Polígono de Coia. 1963. Fonte: ADPSXU, Exp. 420-0

En todos estes procesos de expansión da trama urbana e as súas estruturas pouco tivo que ver a estación do ferrocarril de Urzáiz, cuxo edificio e implantación continúan sendo os mesmos nestas datas. Neste sentido, unicamente se realizan cambios susceptibles en materia de trazados, construíndose na década de 1960 a terminal de carga de Guixar, no porto, o que ocasionou o cesamento da actividade da precaria conexión ferroviaria entre a estación de Urzáiz e os puntos de carga de peixe con destino Madrid.



Figuras 74-75. O incendio da estación de Norte (1964) e demolición dos restos da estación
Fonte: arquivo La Voz de Galicia

No caso de Vigo é relevante indicar que a estación de Urzáiz será desmontada e almacenada en dependencias de Redeondela a finais dos 90. No ano 1987 constrúese un novo edificio que substitúe á estación orixinal e que, na actualidade, tamén foi derrubado para dar paso á estación de alta velocidade.

Ao igual que nos casos anteriores rematarase cunha reflexión sobre as instalacións aeroportuarias indicando que o aeroporto de Vigo entrou en servizo en 1954 coa finalidade de comunicar o principal polo industrial de Galicia con Madrid e non verá incrementadas as súas capacidades ata a década dos 80 grazas á ampliación da súa pista.

4 Conclusións primeiras. As estacións de terceira xeración

Ao longo de todo o traballo tratouse de facer unha reflexión coordinada daquelas circunstancias que se consideran relevantes á hora de configurar o panorama territorial e urbano. Unha vez alcanzado este punto chega o momento de incorporar no discurso o trazado da autoestrada do Atlántico que como ben é sabido foi a dinamizadora da concentración de masa operativa urbana ao longo do seu trazado entre as cidades de Vigo e A Coruña. Os efectos desta vía de comunicación terrestre son os que son debido á interacción, necesaria, naqueles puntos habilitados a tal efecto coas vías de orde xerárquica menor e así sucesivamente, sendo a gran virtude desta malla a “permeabilidade” ofrecida aos usuarios.

A alta velocidade ferroviaria está pensada de forma similar ás autoestradas, no sentido de que se trata de vías cunhas especificidades concretas, pero no caso ferroviario cuns condicionantes exclusivos como son as paradas acoutadas, pola contra contraviríase o principio da alta velocidade: lograr o maior desprazamento no menor tempo (posible).

Outro dos aspectos importantes a tratar desde a óptica do ferrocarril é o relacionado cos transportes de mercadorías, claramente distanciados en termos porcentuais dos movementos que se realizan en países cunha rede ferroviaria comparable á española.

Na actualidade preséntasenos unha situación cun excedente de infraestrutura, ben sexa porque non é operativa nos novos termos, ou porque non interesa. O que se quere expoñer é que, con pouco, pódense acadar os obxectivos e anhelos que desde o principio se formulaban: a racionalidade aplicada á mobilidade. A continuación, e a modo de sentar un punto de partida para unha análise futura, formularanse unha serie de cuestións.

4.1 Os elos soltos ou a unión fai a forza: potenciais nodos de actividade?

A pregunta que se debe formular ao respecto dos excedentes da infraestrutura (apeadeiros ou trazados) é se xa deixaron de resultar operativos ou eficaces. Neste sentido enténdese que poderían integrarse gran parte deles nunha rede de proximidades complementaria á rede primaria, de modo que reforzase a comunicación entre as poboacións menores e se coordinase co resto de transportes públicos, configurando intercambiadores de carácter menor.

regap



ESTUDIOS E NOTAS

4.2 Redes capilares: eficacia e racionalidade

Ao longo da historia veuse constatando a efectividade das redes menores cando non funcionan as primarias. A posibilidade de levar a cabo unha planificación integral do que xa se ten, simplemente coa coordinación dos distintos modos de mobilidade, é unha oportunidade que, cando menos, non se debería desbotar á primeira de cambio. A transversalidade ás vías de altas prestacións, ou de carácter primario, só se pode achegar desde as de rango menor, no caso contrario, saturaríase o sistema por falta de permeabilidade.

A racionalidade e eficacia das formulacións parte dunha reflexión respecto á orde xerárquica en termos de conectividade e distribución.

4.3 Interconexión do sistema: a estación como condensador urbano

Os resultados máis claros no que á interconexión dos sistemas de mobilidade se refire pódense atopar nas formulacións das estacións con carácter terminal ou principal.

Nas principais poboacións o éxito deste tipo de actuacións depende en gran medida do grao no que se estimula á cidade para a súa reconversión, é dicir, un espazo destas características, lembremos que a gran maioría se producen no corazón da cidade ou nunha localización practicamente inmediata, ha de ser capaz de dinamizar, en primeiro lugar ao seu ámbito inmediato e, en segundo, converterse nun polo que atraia actividade.

A reordenación dos espazos primarios pertencentes ás estacións han de ser lidos en clave de cidade e en clave de cidade han de ser resoltos. Neste sentido, se atendemos aos proxectos gañadores en cada un dos exemplos que se foron estudando ao longo do traballo, pódese comprobar a vocación de cada proposta de converterse, desde distintos enfoques, nun condensador urbano que achegue centralidade e reestruture os espazos adxacentes, ben desde a propia presenza do novo, ou directamente con actuacións sobre o preexistente.

Nalgúns dos tres casos existen incertezas respecto á formalización definitiva.

Estación intermodal de Vigo. Thom Mayne



Fig. 76. Vista panorámica da nova estación de Vigo. Fonte: arquivo Faro de Vigo

A renovación das cidades hase de facer desde dentro e, para iso, a reordenación dos espazos e os fluxos ha de ir da man. A desocupación hase de realizar cunha finalidade, facer as cousas mellor do que estaban, resolver problemas e non crealos, dar novas oportunidades ou potenciar as existentes.

No caso de Vigo, cunha localización complexa, requírese dunhas accións técnicas importantes. Ao igual que nas estacións anteriores, o problema a resolver será a relación transversal e a permeabilidade dos espazos periféricos.

Estación intermodal da Coruña. César Portela-IDOM/ACXT

Pódese confirmar tamén que se pode facer con menos máis, aplicando o sentido común e a coherencia de formulacións, entendendo a escala de actuación e as aspiracións da proposta, a corto e a longo prazo, sen deixar de lado a consideración das lóxicas dos distintos tipos de mobilidade. A sobriedade non está reñida co formal, e o formal non contravén ao funcional.



Fig. 77. Vista panorámica da nova estación da Coruña. Fonte: César Portela + IDOM / ACXT

O entendemento do lugar, é fundamental, a súa memoria, a súa realidade, os seus condicionantes.

A forma na que se sitúa cada proposta evidencia unha actitude. A resposta aos espazos intersticiais, a forma na que se resolve a sección e se remata a fronte denota criterios urbanos.

Estación intermodal de Santiago. Rubio & Álvarez Sala e Juan Herreros arquitectos.

A escala nesta proposta é un aspecto importante. Pódese entender como o reflexo dunha postura arquitectónica decidida e sintética. A rotundidade xeométrica do conxunto significa máis do que simplemente aparenta ser, manifestando unha gran determinación por resolver



un dos problemas pendentes da implantación da estación: a sección e o seu “salto cara o outro lado”.



Fig. 78. Vista panorámica da nova estación da Coruña. Fonte: Herreros arquitectos + RAS

As novas estacións terán a obriga de asumir a condición inherente á súa función: ofrecer a oportunidade de conectar á cidade nun punto no que a existencia do ferrocarril deixou un territorio ocupado de maneira desigual e inconexa, deberán exercer o seu papel de porta, salón e imaxe primeira e última da cidade para unha cantidade notable de visitantes que accederán e saíran por ferrocarril, e por último, deberán ter capacidade de adaptación unha vez que a alta velocidade e a intermodalidade rematen a súa posta en servizo.

Estas cuestións só o tempo determinará en que medida foron resoltas e de que modo se terán integrado os novos espazos que as infraestruturas terán ocupado no día a día da cidade e se se terán podido compatibilizar estes nodos con portos e aeroportos.

Bibliografía

- BARREIRO, X. (2001): “O atraso económico e o sistema de transporte terrestre na Galicia do século XIX”. Revista Galega de Economía, X, nº 1, pp. 63-82.
- BELLET, C. (2002): “El impacto espacial de la implantación del tren de alta velocidad en el medio urbano”. Revista de Geografía, vol. 1, pp. 57-77.
- BERTOLINI, L. e SPIT, T. (1998): **Cities on rails: the redevelopment of railway station areas**. E & FN Spon, London.
- BURCKHART, K. (2007): **Análisis comparativo y evaluación cuantitativa de la intermodalidad del tren de alta velocidad. Una perspectiva europea de la interconexión e integración en estaciones ferroviarias de ciudades intermedias**. Tese Doutoral. Dep. de Xeografía e Socioloxía. Universitat de Lleida.
- CALVO, J. L. (1998): “Las llegadas del ferrocarril y ferrocarril de alta velocidad a las ciudades”. OP, nº 45, pp. 14-21.

- DALDA ESCUDERO, J.L. (1994): "As estradas e a urbanización do territorio de Galicia", U.I.M.P.
- DOPICO, F., BARREIRO, X. (1978): "Os camiños da provincia de Santiago. Introducción ao estudo do transporte na Galicia do Antigo Réxime". Revista do Museo de Pontevedra, XXXII, pp. 1-19.
- EIRAS ROEL, A. (2008): "O comercio de Galicia e con Galicia na economía mundial do século XVIII. Para un estado da cuestión. Obradoiro de historia moderna, nº 17, pp. 155-178.
- FARIÑA, J., LAMIQUIZ, F. e POZUETA, J. (2000): "Efectos territoriales de la implantación de infraestructuras de accesos controlados". Cuadernos de Investigación Urbanística, nº 29, Instituto Juan de Herrera, Madrid.
- GALEGO JORRETO, M. (1986): "O Burgo das Nacións. Santiago de Compostela", A Coruña.
- GARCÍA-FUENTES, M. (1995): **A rede viaria interior de Galicia no século XIX (1840-1865)**. Universidade da Coruña, A Coruña.
- GÓMEZ MENDOZA, A. (1982): **Ferrocarriles y cambio económico en España (1855-1913). Un enfoque de nueva historia económica**. Alianza, Madrid.
- GONZÁLEZ-CEBRIÁN, J. (1982): **A cidade a través do seu plano: A Coruña**. Tese Doutoral. Universitat Politècnica de Catalunya. Publicada polo Excmo. Concello da Coruña.
- (1994): "Transformación viaria en las ciudades gallegas", UIMP.
- HERCE, M. e MAGRINYA, F. (2002): **La ingeniería en la evolución de la urbanística**. Ed. UPC, Barcelona.
- HERCE, M. e MIRÓ, J. (2002): **El soporte infraestructural de la ciudad**. Ed. UPC, Barcelona.
- HERRERO, A. e LEIRA, E. (1985): "El ferrocarril en la ciudad: ¿problema u oportunidad?" Ciudad y Territorio. Estudios Territoriales, nº 18, pp. 83-108.
- LABRADA, J. L. (1804): **Descrición económica do Reyno de Galicia pola Xunta de Goberno do Real Consulado da Coruña**.
- LUENGO, L. A. (1980): **Los maragatos. Su origen, su estirpe, sus modos**. Nebrija, León.
- MADRAZO, S. (1984): **El sistema de transportes en España, 1750-1850**. Turner, 2 vols. Madrid.
- NÁRDIZ, C. (1992): **O territorio e os camiños en Galicia. Planos históricos da rede viaria**. Xunta de Galicia, A Coruña.
- RIBALAYGUA, C. (2003): **Evolución de las estrategias de incorporación de la alta velocidad ferroviaria y sus efectos urbanísticos en ciudades medias francesas. Aplicación a los casos españoles**. Tese doutoral, Escuela Técnica Superior de Arquitectura, Universidad Politécnica de Madrid.

— (2008): **“La nueva llegada del ferrocarril a la periferia urbana...”**. Ciudades, Valladolid, nº 11, pp. 81-104.

SANTOS Y GANGES, L. (2006): **“Áreas de nueva centralidad urbana y estaciones de ferrocarril de gran velocidad en España”**. Incluido na publicación González, J. e Castrillo, M. (coord.): Planificación territorial y urbana. Investigaciones recientes en México y España. Universidad de Valladolid, pp. 165-186.

VV.AA., Catálogo Exposición (1992): **Colección de postais da Coruña 1900-1940**. Arquivo do Reino de Galicia, Xunta de Galicia, A Coruña.

As augas termais en Ourense.
Fonte de desenvolvemento
urbanístico e renovación urbana

Las augas termales en Ourense. Fuente de desarrollo urbanístico y renovación urbana

The thermal waters in Ourense.
Source of urbanistic development
and urban renewal



MARCOS RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Alumno do Curso Superior de Técnico de Urbanismo (Galicia, España)
urbanismo.mrodriguez@ourense.es

Recibido: 30/10/03/2013 | Aceptado: 05/06/2014

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Resumo: *As augas termais de Ourense son un recurso natural de incalculable valor xa utilizado en tempos prerromanos. Ourense é a segunda cidade de Europa con maior número de emanacións e maior caudal.*

Neste traballo analizamos a transformación urbanística da cidade nos últimos anos, centrándonos principalmente nas zonas das Burgas e das Caldas, estudando o plan vixente en cada momento, as medidas de protección adoptadas, e as actuacións de renovación urbana que se levaron a cabo nestes ámbitos estreitamente relacionados coas augas termais. Así mesmo, analízase a estratexia a seguir tanto no desenvolvemento urbanístico da cidade ligado ás augas termais como na conservación e promoción destas.

Palabras clave: *auga, termalismo, desenvolvemento, posta en valor, protección, recurso, urbanismo.*

Resumen: *Las aguas termales de Ourense son un recurso natural de incalculable valor ya utilizado en tiempos prerromanos. Ourense es la segunda ciudad de Europa con mayor número de surgencias y mayor caudal.*

En este trabajo analizamos la transformación urbanística de la ciudad en los últimos años, centrándonos principalmente en las zonas de As Burgas y As Caldas, estudiando el planeamiento vigente en cada momento, las medidas de protección adoptadas, y las actuaciones de renovación urbana que se han llevado a cabo en estos ámbitos estrechamente relacionados con las aguas termales. Asimismo, se analiza la estrategia a seguir tanto en el desarrollo urbanístico de la ciudad ligado a las aguas termales como en la conservación y promoción de éstas.

Palabras clave: *agua, termalismo, desarrollo, puesta en valor, protección, recurso, urbanismo.*

Abstract: *Thermal springs of Ourense are a very valuable natural resource. They were yet enjoyed in pre-roman times. Ourense is the second city in Europe in number of springs and flow.*

This piece of work analyzes the urban transformation in the city during the last years. It focuses mainly in As Burgas and As Caldas areas, the planning applied in each time and the activities to protect and update these places closely

related to thermal springs. Another matter to deal it is the most adequate strategy for urban development connected with thermal springs and its preservation and promotion.

Key words: *water, Hydrotherapy, development, valorization, protection, resource, town planning.*

Índice: *Relación de abreviaturas. 1. Introducción 2. A importancia das augas termais nas orixes da cidade de Ourense e a súa evolución histórica. 2.1. Aproveitamento dos mananciais. Ámbito das Burgas. 2.2. Outros mananciais de importancia na zona norte. As Caldas. 3. Planeamento urbanístico e renovación urbana. 3.1. As Burgas e o seu ámbito de influencia. 3.2. As Caldas e o seu ámbito de influencia. 3.3. Outras emanacións e proxectos de interese relacionados coas augas termais. 4. Ourense termal. Lugar que ocupa. 5. Conclusións. 6. Bibliografía. 7. Anexos.*

Relación de abreviaturas

API	Área de Planeamento Incorporado
APR	Área de Planeamento Remitido
AR	Área de Reparto
BIC	Ben de Interese Cultural
CMATI	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
CPTOPV	Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda
DOG	Diario Oficial de Galicia
DOT	Directrices de Ordenación do Territorio
EHTTA	Asociación Europea de Cidades Históricas Termais («European Historic Thermal Towns Association»)
IDASA	Ingeniería del Atlántico, S.A.
IGVS	Instituto Galego da Vivenda e Solo
LOTG	Lei de Ordenación do Territorio de Galicia
LOUG	Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia
PERI	Plan Especial de Reforma Interior
PETOU	Plan Estratéxico de Termalismo do Concello de Ourense
PXOM	Plan Xeral de Ordenación Municipal
PXOU	Plan Xeral de Ordenación Urbana
SU	Sector Urbano
TS	Tribunal Supremo
UE	Unidade de Execución

1 Introducción

Ourense non só está relacionado coas augas termais, senón que a súa orixe e un dos motivos fundamentais da súa exacta ubicación, é a existencia das devanditas emanacións. As últimas descubertas arqueolóxicas dan fe da importancia que tiñan estas augas xa en épocas prerromanas, como lugar de culto e devoción. Ao longo dos séculos estas mesmas augas fóronse empregando e aproveitando con outros fins como os curativos e hixiénicos, tendo o seu máximo auxe a finais do século XIX, principios do século XX. Todo iso axudou a crear un patrimonio físico e cultural relacionado coas augas termais que se transmitiu ata os nosos días.

Na primeira parte deste traballo trataremos de describir dunha forma resumida este dilatado patrimonio relacionado coas augas termais e co seu aproveitamento, centrándonos en dous ámbitos moi concretos e significativos da cidade, que son “As Burgas” e “As Caldas”. Estes dous ámbitos, de vital importancia, non só polo carácter histórico e identificativo que trasmiten, senón porque son unha fonte para o crecemento dun novo modelo de cidade, unha cidade que a través dos recursos termais pode mellorar a calidade de vida dos cidadáns, poñendo en valor estes recursos e por que non, xerando novas oportunidades.

Estudaremos o planeamento vixente en cada momento ou a falta do mesmo e as actuacións de renovación urbana que se viñeron levando a cabo nos devanditos ámbitos. Indagaremos e examinaremos as medidas proteccionistas ou conservacionistas que se levaron a cabo sobre este patrimonio termal e se estas medidas foron eficientes, ou pola contra, permitiron nalgúns casos a destrución ou degradación do mesmo. Así mesmo, resumiremos as actuacións máis recentes para poñer en valor estes recursos termais como factor de atracción e activo básico da cidade.

Finalmente describiremos a importancia de potenciar e valorizar estes recursos termais, impulsando proxectos que melloren a calidade urbana e a capacidade competitiva da cidade, seguindo as recomendacións e instrucións que marcan as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Todo iso relacionado coa declaración do Parlamento Galego da cidade de Ourense como Capital Termal, e estar formando parte da Asociación Europea de Cidades Históricas Termais (EHTTA), recoñecida polo Consello da Unión Europea.

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

2 A importancia das augas termais nas orixes da cidade de Ourense e a súa evolución histórica

“A auga e a terra son elementos de vida clave en calquera espazo e en calquera época. O medio natural, as formas do relevo, a hidrografía ou o clima inflúen decisivamente e caracterizan o desenvolvemento de calquera cidade. No caso de Ourense a súa topografía, as terrazas fluviais, conxuntamente co val do Miño, a confluencia do río Lonia e Barbaña, proporcionarían un axeitado marco para un bo aproveitamento agrícola. Isto abundaría para xustificar un asentamento pero non para asegurar a súa continuidade. O feito diferenciador de Ourense xustifícase por dous factores que lle confiren a este lugar unha maior atracción respecto a outros similares”¹.

Primeiramente debemos dicir que Ourense é un nó crucial para a rede de comunicacións, sobre todo a partir da romanización, e o outro factor non menos importante é a existencia dunha gran cantidade de surxencias termais na zona, entre a que destaca sobre o resto “As Burgas”. No referente ás vías romanas hai que destacar que estas eran empregadas polo imperio para facilitar a ocupación e explotación do territorio, así como para garantir a mobilidade de tropas, persoas e mercadorías, moitas veces aproveitando e reutilizando camiños xa existentes na época prerromana. Ademais das principais calzadas romanas que atravesaban o territorio de Galicia² existían outras vías secundarias de grande importancia como a vía que pasaba por Ourense e que servía de comunicación directa entre a cidade

1 SOMOZA MEDINA, XOSÉ (2010). Historia de Ourense.

2 A vía XVIII de Braga a Astorga (vía nova), a vía XIX de Braga a Lugo e a vía XX de Braga a Astorga pola costa (“per loca marítima”).

de Braga e Lugo polo interior, convertíndose nun nó crucial para a rede de comunicacións entre a Galicia interior e a costeira e tamén entre a meridional e a setentrional.

Cada vez son máis abundantes os restos arqueolóxicos coñecidos na cidade que indican que Ourense debería ser, xa na época prerromana, un importante centro viario e económico que posuía terras moi fértils e auga para o desenvolvemento agrícola. Ao mesmo tempo moitas destas surxencias de augas fixeron deste lugar un espazo simbólico e de culto a esta auga desempeñando un papel moi relevante, xa antes da chegada romana.

Nos dous estudos históricos máis representativos e emblemáticos sobre a orixe de Ourense, realizados por Florentino Cuevillas³ en 1934 e por Xesús Ferro Couselo⁴ en 1955ponse de manifesto a importancia das vías de comunicación na orixe da cidade. Non obstante López Cuevillas defende a importancia do establecemento dun asentamento nas proximidades das Burgas para argumentar unha orixe indíxena relacionada coas fontes termais, e non romana, mentres que Ferro Couselo cre que o paso dunha importante vía militar faría necesario desde o principio a construción dunha ponte sobre o río Miño, de cuxa vixilancia se faría cargo unha pequena gornición asentada nun pequeno campamento situado onde actualmente se atopa o Museo Arqueolóxico Provincial. Ferro Couselo non nega a teoría de Cuevillas e sostén que nas proximidades deste campamento se atoparía un pequeno poboado formado por campesiños, mercadores, agricultores, pousadeiros e artesáns que atendían as necesidades das persoas que peregrinaban ás Burgas, pero que tamén habería persoas refinadas e cultas relacionadas coa existencia dun núcleo militar e político. As dúas teorías non son contrapostas senón que se complementan. Cuevillas concede toda a importancia á raíz indíxena na fundación do asentamento, aos mananciais das Burgas como lugar máxico de peregrinación dos habitantes dos castros próximos, pero non nega a relevancia da vía romana. Para el, o núcleo nace arredor da Burga e crece grazas ao impulso urbanizador que lle confire a vía secundaria da infraestrutura romana. Ferro Couselo confirma a existencia dun pequeno poboado indíxena pero xustifica que a existencia da vía imperial atraería persoas cultas e refinadas de orixe latina, que sería quen proporciona un carácter urbano ao asentamento.

Outros autores tamén fixeron novas achegas neste terreo, tal é o caso de Pérez Losada (2002)⁵, que sinala que Ourense constitúe un bo exemplo de aglomerado poboacional secundario de categoría media (probablemente un vicus ou unha civitas). Tamén formula a súa orixe romana na minaría do ouro, sinalando a posibilidade de que funcionase ben como centro de control administrativo e fiscal das minas, ben como canalizador do oro extraído, nas súas exportacións vía terrestre dirección Astorga. Entendemos con maior lóxica que Ourense funcionase a través da ponte como punto de saída do mineral extraído das diferentes minas do contorno, inmediateiros do Castro de Oira, San Miguel de Melias ou O Carballiño, onde se atoparía o xacemento de maior importancia. Para este autor a poboación do antigo núcleo ourensés débese especialmente ao trazado do sistema viario e ao aproveitamento dos nacementos termais con funcións hixiénicas, curativas e socioculturais. Tamén sinala que os recursos termais foron explotados en épocas prerromanas, funcionando como un centro

3 LOPEZ CUEVILLAS, FLORENTINO (1934). Como nasceu a cidade de Ourense.

4 FERRO COUSELO, XESUS (1955). Visión urbanística do Ourense antigo. A cidade nas súas orixes e o seu desenvolvemento ata o século XIX.

5 PEREZ LOSADA (2002) Entre a cidade e a aldea. Estudo arqueolóxico dos "aglomerados secundarios" romanos en Galicia, en *Brigantium*, vol. nº 13.

de peregrinación, hipótese avalada polas aras aparecidas nas Burgas dedicadas a Ninfas e a Reve. Os últimos achados das aras⁶ e da piscina romana⁷ poñen de manifesto a existencia deste centro relixioso, onde se manifestaba o poder curativo de Reve Anabaraeco, na época do alto imperio romano.

Independentemente do autor de que se trate, unha das bases fundamentais do nacemento de Ourense, ficando fóra a vía romana e o seu paso polo río Miño, é a importancia e significado máxico-relixioso-hixiénico-saudable dos distintos afloramentos termais existentes na zona e de forma moi especial as surxencias arredor da Burga. Arredor das Burgas xorde o núcleo da civitas Auriensis e a cidade romana vaise consolidando, cuxos límites extremos localizámoslos nas propias Burgas, o ámbito da Praza da Madalena-Museo Arqueolóxico Provincial e o xardín do Posío, compartindo todos eles a mesma antigüidade, segundo os datos das escavacións arqueolóxicas máis recentes⁸.

2.1 Aproveitamento dos mananciais. Ámbito das Burgas

A primeira referencia documental que localizamos sobre o aproveitamento dos mananciais data do ano 1208 (López Carreira 1998)⁹ momento no que se constata a existencia de dous edificios de baños nas inmediacións das Burgas aproximadamente no lugar que posteriormente ocuparon os “Baños de Outeiro” e a “Moderna Casa de Baños”, identificándoos pola súa localización, polos mananciais que as abastecen e pola pervivencia do topónimo dunha das rúas “Rúa do Baño”.

Durante a Idade Media e gran parte da Baixa practicamente non existen rexistros sobre a utilización destes mananciais e é a partir do século XIV cando aparecen referencias que documentan os distintos aproveitamentos.

No ano 1401, menciónase a existencia doutro baño preto do “camiño que vai da Burga para o Outeiro dos Porcos”, zona baixa da actual Alameda de Ourense¹⁰.

Referencias destacadas sobre as fontes das Burgas son as que fan no ano 1520, Fernando de Colón:

“No medio da praza hai un río que se chama As Burgas do que sempre sae auga fervendo”

Outra referencia destacada sobre estas fontes é a que fai Licenciado Molina, no ano 1551, nas súas descrições do Reino de Galicia:

6 Ata a data atopáronse seis aras na zona da Casa dos Fornos-Burgas, cinco delas recentemente, constituíndo polo momento o exemplo máis numeroso de dedicacións feitas a unha divindade, atopado nun contexto urbano en todo o noroeste peninsular. Trátase de votivos realizados a unha divindade hidronímica (REVE, de orixe indíxena), vinculada ao manancial mineiro-medicinal das Burgas. A estas hai que engadir unha ara dedicada ás ninfas nun soar contiguo.

7 A piscina romana, do século I d. C., de planta posiblemente rectangular e que estaría cuberta cunha bóveda de canón, atópase parcialmente escavada sobre a coñecida Casa dos Fornos. De pavimento interior granítico e con catro chanzos no lado menor, ocuparía un espazo central a través do cal, se accedería a outras dependencias onde se depositarían os exvotos epigráficos exhumados neste complexo.

8 EGUILLETA, JOSE MARIA (2012) Auga, Deuses e Cidade. Escavacións arqueolóxicas en As Burgas (Ourense). As Burgas na cidade galaicorromana.

9 LOPEZ CARREIRA, ANSELMO (1998). O Reino de Galiza.

10 (ACO, Escr. XVIII, 3).

“Falar das augas cálidas coma dalgúns baños que hai non é cousa tanto de admirar coma estas fontes que están no medio da cidade, que é tanta a súa forza e fervor natural que hai no mesmo nacemento da auga que saen dando fervores, saltando para arriba e con aquel son, coma se artificialmente estiveses sobre un lume, e así non pode sufrir ou dedo un só momento dentro da auga, a cal é tal que nesta cocése peixe e outras cousas que sofren en breve espazo, e nestas fontes fan as mulleresas as súas coladas e tódolos outros servizos que nas súas casas con augas ferventes soen facer, teñen un cheiro sulfúrico, polo cal se ten por certo que pasa por onde hai gran cantidade de pedra de xofre que lle causa aquel lume e furia”.

O lavadoiro da “Burga de Abaixo”, segundo figura na documentación de mediados do século XVI, era “algo que conviña moito para a limpeza da cidade”. A súa construción non rematou ata o ano 1584, despois de que en 1579 o procurador xeral da cidade obrigase ao mestre de cantería, Pedro da Vega, a rematar o lavadoiro da Burga. Este lavadoiro xunto co matadoiro municipal, levantado tamén nesta zona no século XVI e do cal aproveitaba a augas termais para distintas tarefas, mantivéronse ata mediados do século XX, aínda que con algunhas reformas, desaparecendo ambos os dous posteriormente.

En 1697 publícase a grande obra do médico Alfonso Limón Montero¹¹ na que hai unha alusión especial ás Burgas. Esta obra ha de considerarse como unha das grandes obras da medicina no barroco español. Trátase dun tratado sobre as augas medicinais da Península Ibérica que foi publicado a finais do século XVII. O seu autor empregou unha metodoloxía baseada na observación e a experimentación, seguindo as correntes racionalistas europeas. O resultado foi unha obra que se considera inaugurou a literatura hidrolóxica en España. Isto vainos permitir fixar nestas datas do século XVII o impulso na utilización dos balnearios, aínda que temos que agardar a anos posteriores, principalmente despois da Revolución Industrial, para percibir o verdadeiro crecemento destas instalacións.

No ano 1764 publícase a obra do médico Pedro Gómez de Bedoya “Historia Universal de las Fuentes Minerales de España” na que se fai unha referencia ás augas termais da cidade de Ourense.

Ao longo do século XVIII hai infinidade de citas bibliográficas, viaxeiros, cronistas e escritores que eloxian os mananciais máis representativos de Ourense e en especial o das fontes das Burgas.

Nos últimos anos do século XVIII xorde toda unha xeración de arquitectos vinculados na súa maioría á corte de Carlos III, grande impulsora da arquitectura balnearia, que realizarán diversos proxectos¹². Para Ourense, e enmarcados nunha segunda xeración de arquitectos con proxectos de balnearios, no século XIX e primeiras décadas do XX, temos a Daniel Vázquez-Gulías (o Gran Balneario de La Toja, de 1907, é a súa obra máis coñecida e prestixiosa) e Manuel Conde Fidalgo (Balneario de Baños de Molgas de 1873). Das obras de Vázquez-Gulías en Ourense debemos destacar a denominada Casa de “Baños de Outeiro”

11 LIMON MONTERO, ALFONSO (1697). Espejo Cristalino de las Aguas de España.

12 Entre eles Ventura Rodríguez co Balneario de las Caldas de Oviedo (1773) ou o Balneario de Carlos III en Trillo (1775) e Antonio López Augado autor dos Baños de la Reina en Solán de Cabras en (1817) e Real Sitio Balneario de la Isabela en Guadalajara, o primeiro proxecto coñecido de ordenación urbana dun territorio para o uso exclusivo como balneario.

Os “Baños do Outeiro” é outra das pezas urbanísticas referente neste sector, situada na rúa Baixa do Outeiro nº 6. A edificación e a zona dos mananciais mineiro-medicinais que existían e eran aproveitados, posiblemente desde época romana, quedaron unificadas baixo a denominación de Baños do Outeiro. Anteriormente á construción deste balneario de fins do século XIX, existe documentación do aproveitamento destes mananciais en forma de piscina ao aire libre asociados a unha pequena construción, como se pode observar no plano de 1841 realizado por A. Andrade Yáñez.

Da Casa de Baños de Outeiro dispoñemos de diversa documentación que nos vai indicando as reformas e modificacións que se foron realizando. De todos os expedientes destacamos o do ano 1857: “Expediente de remate a favor de Joaquín Pérez dunha casa e máis obras nos Baños do Outeiro”. Este documento contén o proxecto de reforma dos Baños do Outeiro, proposto ao Ilmo. Concello polo facultativo titular D. Juan José Cañizo. Incorporáanse planos do estado actual e a reforma que se pretende facer, orzamento e condicións para estas obras dos Baños do Outeiro, aprobadas polo Concello con data 31 de xaneiro de 1857.

Unha descrición completa destes Baños do Outeiro dánola Nicolás Taboada Leal, na súa obra Hidroloxía Médica de Galicia de 1877:

“Na rúa do Progreso, núm. 19 da cidade de Ourense, preto do cárcere público, están as augas e baños do Outeiro, que aínda que parecen ser da mesma clase que os das Burgas que deixamos descritas na primeira parte, non deixaran de ter, porén, aplicacións medicinais, así en forma de bebida como de baño. Este edificio, dunha regular capacidade, consta de dous pisos, en cuxo baixo existen dous departamentos pequenos ao aire libre, coa conveniente separación para ambos os dous sexos: unidas a estas habitacións atópanse catro pías de 24°, 25° e 27° R., nas cales poden bañarse quendas de seis persoas: hai dous píos ademais, un para un só individuo e outro máis angosto, no cal está a auga á temperatura de 35°, e serve para os baños locais das extremidades. Este manancial brota dentro do mesmo establecemento por entre penas firmes.

Polo uso destes baños, que son os xerais, satisfai cada enfermo 10 reais por toda a tempada. No resto do edificio e cara ao medio, están os particulares perfectamente independentes e con regulares comodidades, podendo cada bañista graduar ao seu pracer a temperatura da auga, desde 16° ata 40° R. Por cada un destes págase 4 reais. O número de concorrentes non excede de 250 cada ano. Ao pé das escaleiras do mencionado patio hai unha fonte, cuxa auga é igual á anterior, ten a temperatura de 28° R., e é a que xeralmente se usa como bebida medicinal.

Propiedades fisicoquímicas

As augas, tanto do interior do establecemento como da fonte que acabamos de citar, son incoloras, claras, transparentes e inodoras. Segundo un lixeiro exame que se practicou, resulta que os gases que desprenden son ácido carbónico e nitróxeno e que o seu principio predominante é o carbonato sódico, como nas das Burgas, e é indubidable que ademais conteñen outras sales de igual natureza que deixamos expresada ao falar destas. Por conseguinte, considerámolas indicadas nos mesmos casos en que o están as alcalinas termais. Ignórase a época da descuberta das augas do Outeiro, pero inferimos que é tan antiga como a das Burgas, e aínda ata hai poucos anos

regap



ESTUDOS E NOTAS

permaneceron no maior abandono tendo, os que acudían a usalas, que gornecerse da intemperie baixo un mal emparrado, ata que o seu actual dono fixo construír o edificio que someramente describimos”.

No ano 1898, vaise construír unha vivenda unifamiliar proxectada polo arquitecto Daniel Vázquez-Gulías por encargo de D^a Carmen Mileo Vázquez. A casa, que aínda se conserva, é contigua aos *Baños do Outeiro*. Prima na súa construción, seguindo a Fonseca Moretón (1999), a verticalidade responde con claridade ao gusto da época para este tipo de construcións como denotan o beirado apuntado no corpo da fachada e o remate da cuberta.

Esta casa, co transcurso dos anos, vai ter diferentes modificacións, como se pode apreciar pola lectura dos expedientes que albergan os arquivos municipais e provinciais da cidade. Así, temos que en 1940, sendo aínda dona da casa D^a Carmen Mileo Vázquez, realizáronse obras de reforma e ampliación do segundo piso. O proxecto, neste caso, é do arquitecto Mariano Rodríguez Sanz. O arquitecto municipal sería D. M. Conde Fidalgo.

Cara o poñente do edificio, entre o matadoiro e o río Barbaña, estaban situados uns lavadoiros e a Moderna Casa de Baños.

Outra das pezas referentes neste sector é “A Moderna Casa de Baños”, que se localiza xunto ao río Barbaña, na rúa Ferradoiro, ao sur da Praza de Abastos. A súa construción é de finais do século XIX e nela se explotaban os mananciais termais en forma de baños e bebida. Tamén dispoñía dun lavadoiro exterior para a roupa. O edificio contaba cun terreo de 2.100 m², no que se sitúan dous edificios, hotel e casa de baños. Por enriba da Moderna Casa de Baños e na esquina coa rúa do Rastro situárase o edificio, tamén propiedade de Rosendo Varela, como complemento do anterior.

Como se explicará máis detidamente no apartado 4 deste traballo, a Modificación Puntual da zona 6 do SU-6 do PXOU de 1986, aprobada no ano 2000, para levar a cabo a implantación dun complexo termal-hotel balneario privado neste ámbito, conxuntamente coa posterior aprobación dun proxecto de parcelación e dun proxecto de urbanización, posibilitaron a demolición dos restos deste antigo balneario.

2.2 Outros mananciais de importancia na zona norte. As Caldas e Mende

Na zona norte da cidade, na marxe dereita do río Miño atópanse distintas afloracións, entre as que destacan a denominada fonte do Tinteiro, cuxas orixes se remontan tamén á época romana. Estas fontes teñen dúas surxencias, unha pegada ao río que foi habilitada recentemente e outra pegada á N-120, antiga vía férrea Ourense-Vigo, moi danada polas obras desta estrada e onde se atopaba o antigo balneario de “Baños de Santiago das Caldas”, hoxe desaparecido.

O balneario de “Baños de Santiago das Caldas” foi un dos principais establecementos termais do entón Concello de Canedo e que froito das inapropiadas obras públicas da contorna aparece consumido baixo o viaduto de saída da autovía á altura da estación de autobuses. En 1877, D. Pablo Fábrega, un enxeñeiro catalán que vén a Ourense a realizar as obras do ferrocarril da liña Zamora-Ourense-Vigo, adquire os mananciais e constrúe os

primeiros edificios e piscinas, sobre a base de anteriores edificacións¹³. A familia Fábrega, vende os restos do balneario a D. Francisco Fernández del Prado no ano 1984, emigrante ourensán que coñeceu a balneoterapia nas cidades de Baden Baden e Friburgo, e que pretendía levar a cabo unha nova instalación balnearia¹⁴. O seu proxecto foi levado a cabo coa modificación do planeamento no ano 2000, pero as sucesivas obras de estradas, paseos e as obras de saneamento do río Miño, afectaron gravemente á parcela cada vez máis mermada, motivando a paralización do proxecto.

“Este balneario construído cara o ano 1878 era un edificio de tres plantas, rodeado de terreo dedicado a servidume e xardín. Na planta baixa hai tres depósitos de granito, colectores dos cinco mananciais de augas termais, cuartos de baño, oito pías de mármore e tres de granito, cun cuarto central de pulverizacións e outro cuarto de duchas. Na planta media estaban instalados a cociña, comedor, sala de espera, almacéns e despachos varios e na planta superior as habitacións dedicadas á hospedaxe”¹⁵.

“Dista 2 km da cidade, nas proximidades da estación de ferrocarril, na beira dereita do Miño. O edificio é de moderna construción, elegante e cómodo; ten 15 pías de baños, salas para duchas e pulverizacións, habitacións amobladas para alugar, fondas, xardíns, etc. Durante a tempada hai carruaxes para conducir aos bañistas desde a cidade ao establecemento”¹⁶.

Este balneario, aínda en mans da familia Fábrega e xa cando deixou de ser rendible, foi caendo no abandono e cos anos foi deteriorándose, ata que no ano 1971, un ano despois de pechar as súas portas para sempre, un grande incendio rematou por destruír totalmente o mesmo.

Destacamos aquí tamén o denominado “Balneario e mananciais de Mende”, cuxa situación como indica o seu nome está preto do núcleo de Mende, moi próximo ao curso do río Lonia. Aínda que os seus mananciais datan de máis antigüidade, o edificio construíuse a finais do século XIX e foi explotado durante anos ata que a mala xestión dos propietarios, conxuntamente cunhas instalacións deficientes, provocaron o seu peche a mediados do século XX.

3 Planeamento urbanístico e renovación urbana

Na primeira parte deste traballo describimos dunha forma resumida pero á vez detallada o rico patrimonio histórico termal que herdou a cidade de Ourense. Trataremos agora de centrarnos e analizar dous ámbitos moi concretos e significativos da cidade, que malia ter estado moito tempo de costas á mesma, son de vital importancia, non só polo carácter histórico e identificativo que trasmiten, senón porque son unha fonte para o crecemento dun novo modelo de cidade, unha cidade que a través dos recursos termais pode mellorar a calidade de vida dos cidadáns, poñendo en valor estes recursos e por que non, xerando novas oportunidades. Estas dúas zonas de vital importancia, como xa dixemos na intro-


13 O doutor Antonio Casares xa alertou sobre a presenza de piscinas romanas anteriores.

14 RODRÍGUEZ MÍGUEZ. Ourense Termal. Secretaría Xeral de Turismo. Xunta de Galicia.

15 Segundo datos extraídos da documentación que se reflicte na modificación puntual da zona 5 do SU46 do PXOM de 1986, aprobada definitivamente o 4 de febreiro de 2000.

16 VICENTE RISCO (1922). Geografía General del Reino de Galicia.

dución deste traballo, son por un lado as Burgas, englobando parte da zona histórica no seu ámbito máis inmediato e os distintos edificios e soares existentes ata o encontro co río Barbaña, e por outro lado o sector situado na marxe dereita do río Miño a partir da ponte que atravesa a N-525 e, máis concretamente, a zona das Caldas.



Vista aérea do ámbito das Caldas



Vista aérea do ámbito das Burgas

Para iso analizaremos o planeamento vixente en cada momento, as medidas proteccionistas que se levaron a cabo sobre os recursos termais existentes e as actuacións de renovación urbana que se realizaron nos devanditos ámbitos.

O desenvolvemento urbanístico de Ourense a partir da finalización da guerra civil foi moi caótico, algo xeneralizado en todo o territorio español. Unha das principais causas foi o crecemento demográfico, sobre todo a partir dos anos cincuenta, debido ao éxodo rural cara a cidade e o gran desenvolvemento das actividades emerxentes, con grande incidencia

no sector terciario e no transporte. As máis importantes transformacións xurdiron a raíz da terminación da liña de ferrocarril Ourense-Zamora no ano 1952, coa que se inaugura a actual estación de Ourense que substituíu á estación da Ponte, a apertura da estación de San Francisco no ano 1957, o despegue industrial e a política da Caixa de Aforros Provincial que actuou como impulsora na construción de vivendas en distintos barrios. O desenvolvemento trouxo consigo a necesidade dun plan de ordenación que non vería os seus primeiros pasos ata o ano 1944¹⁷ cando o concello encargaría o devandito traballo que remataría coa súa aprobación definitiva en abril de 1955. O longo período entre o encargo e a aprobación final, provocou a existencia de numerosas licenzas contra as directrices do Plan, e ademais a publicación da Lei do Solo en 1956, que obrigaba a revisar os plans realizados ata a data, impediron a súa execución. O crecemento demográfico da cidade a partir dos anos cincuenta triplicouse e provocou unha desorde urbanística de gran magnitude, en parte debida á accidentada topografía do terreo e en parte debida ao desequilibrio no mercado de soares, o cal motivou que distintas zonas apenas se desenvolveran, mentres que outras se desenvolveron extraordinariamente¹⁸, desbordando os límites da ordenación. No ano 1959¹⁹ iniciáronse os trámites para a redacción dun novo plan, o cal aprobase o 27 de xullo de 1961 pola Comisión Central de Urbanismo do Ministerio da Vivenda. Polo tanto, nos anos anteriores á aprobación do devandito plan, concedéronse licenzas, construíronse edificacións e marcáronse alineacións que afectarían en moitos casos ao axeitado crecemento da cidade, á protección do patrimonio e a correcta execución de novos viais; transgresións todas elas que baterían de cheo contra as propias directrices que marcaba este novo plan. Todo iso producíase pola existencia dunhas ordenanzas incompletas e mal orientadas, que non serviron de freo a un crecemento cun ritmo moi elevado, por circunstancias que xa se comentaron, tales como a existencia do ferrocarril, o auxe do comercio nese momento e o investimento de capitais foráneos procedentes da emigración.

Este mesmo efecto, pero en menor medida, tamén se viu reflectido na zona antiga da cidade. Hai que ter en conta que gran parte dos edificios que conforman a parte urbana son de finais do século XIX, principios do século XX pero gran número de edificacións foron construídas a partir de 1940 e outras moitas sufriron modificacións, reformas e adaptacións a partir desa época²⁰. Estas construcións e modificacións en moitos casos non gardan unha alineación, teñen distinto fondo de edificación e a altura en moitos casos, ao non estar perfectamente definida, queda a criterios tan arbitrarios como “o dominante” na zona de actuación.

Como se explicou máis arriba, ata a segunda metade do século XX Ourense non contaba cun planeamento axeitado ás necesidadees xurdidas naqueles momentos e podemos establecer o Plan Xeral de 1961 como o inicio da análise do noso traballo, aínda que as actuacións máis importantes e máis relevantes relacionadas cos recursos termiais se desenvolveron nos últimos 15 anos.

17 Foron formalmente encargados en sesión extraordinaria o 11 de marzo de 1944.

18 Sobre todo na periferia, onde había máis disposición de terreos e cun custo moito menor.

19 En 1957 inicianse os trámites para a redacción do novo Plan e en febreiro de 1961 o Pleno aproba o proxecto de ampliación e revisión do PXOU, presentado polos técnicos enviados pola Dirección Xeral de Urbanismo: Miguel Durán Loriga, Francisco Pérez Arbués e Francisco Navarro Roncal.

20 CONCELLO DE OURENSE (2004). Ourense un Proxecto común. Rehabilitación restauración e protección do patrimonio cultural e medio ambiental da cidade histórica.

3.1 As Burgas e o seu ámbito de influencia

As augas termais recóllense por primeira vez neste Plan de 1961. Na memoria de información faise referencia ás mesmas no apartado de hidrografía, destacando soamente tres puntos de surxencias: *"As Burgas: 3 mananciais dando entre os 3 máis de 300 l/minuto a unha temperatura de 67° C; As Caldas: similar ao anterior con máis caudal; Mende"*. Así mesmo, tamén aparecen As Burgas e as termas das Caldas como edificios singulares de carácter histórico-artístico, non obstante non se propón ordenanza de protección específica para as devanditas edificacións. Tamén se recollen As Burgas na devandita memoria informativa como formando parte da trama de Parques Públicos e Zonas Verdes.

Neste plan propoñíase unha zonificación do espazo urbano, diferenciando o solo residencial en cinco categorías: zona antiga, incorporación á zona, residencial en bloque, vivenda en cadea e vivenda unifamiliar illada. Na categoría da zona antiga, que é o que nos interesa describir, dise *"é a zona de edificación máis densa con aproveitamento máximo do solo, e en moitos casos de salubridade escasa. Cabe considerar unha remodelación das zonas máis afectadas e a posible valorización do solo. Esta remodelación que, apuntamos, cremos moi difícil a prazo curto pola imposibilidade do municipio de espallar esforzos, xa que ten problemas máis urxentes, por exemplo os relativos á rede viaria"* Así mesmo *"na reordenación, a través de obras illadas de renovación de edificios ou conxunto deles, débese buscar a harmonía e a escala existente"*. Como se pode deducir claramente, a zona antiga da cidade xa tiña graves deficiencias estéticas, carencias urbanísticas e, sobre todo, problemas de infraestruturas pero, neses momentos, os propios redactores do Plan e a administración local consideraban prioritario a concentración de esforzos en temas tan importantes como unha axeitada rede viaria de comunicación da cidade²¹ e o control do crecemento urbanístico noutros ámbitos. A renovación urbana na zona antiga da cidade ocupa un lugar secundario na escala de valores a potenciar. Así mesmo, nas ordenanzas da zona antiga, non existen normas específicas de aplicación, remítese ás delimitacións indicadas nos planos.

O Plan Xeral de 1961 foi desenvolvido polo Plan Parcial do ano 1964. Ao igual que o Plan que desenvolve, o Plan Parcial describe distintos edificios singulares de carácter histórico-artístico, entre os que aparecen As Burgas e as Termas das Caldas. Non obstante, non se propón unha ordenanza de protección específica para este tipo de edificacións. Malia iso, debemos ver no artigo 11 das ordenanzas deste Plan uns inicios proteccionistas, ao obrigar aos propietarios a *"conservar as fachadas dos edificios, tanto públicos como privados, en bo estado de limpeza, efectuado nelas labores de recebo, pintura e branqueo sempre que así se requira por parte da administración. Así mesmo, os propietarios de edificios de valor artístico-arquitectónico ou simplemente histórico, están obrigados ao coidado e conservación dos mesmos, por constituir estes edificios un verdadeiro patrimonio nacional ao coidado dos seus donos"*.

Este plan considera a zona antiga como espazo consolidado sen determinacións concretas de volumes, rematando as zonas de bordo con edificacións en bloque pechado e permitindo prolongacións de baixo no interior destes. A propia Ordenanza da Zona Antiga *"parte da cidade onde as edificacións definiron xa por completo a estrutura urbana, non quedan bloques libres, tan só algúns soares"* non sinala fondos nin alineacións e as alturas das

21 Necesaria a desviación da estrada de Villacastín a Vigo mediante unha vía de circunvalación, novo trazado do acceso da estrada de Ourense a Ponferrada, estreitezas da estrada de Portugal e outros problemas varios.

edificacións serán fixadas para cada caso particular, ao arbitrio dos técnicos municipais de urbanismo, en función da altura dominante da zona.

Estas ordenanzas pouco definidas non eran propias da zona antiga senón que eran comúns no resto da cidade, o que obrigaba a unha interpretación gráfica e directa das determinacións do propio planeamento como única forma de intentar facer operativo o planeamento, polo que podemos falar dun plan moi flexible na súa execución. Este plan tampouco contemplaba unha previsión razoable de dotacións e equipamentos, fronte unha proposta de densidades excesiva, o cal agravábase con infraccións urbanísticas que mesmo achegaban na realidade máis habitantes que as previsións do propio planeamento.

Estamos falando dun plan moi flexible na súa execución e no que só se reflicten “As Burgas” no apartado de hidrografía da memoria de información e dentro dos edificios singulares de carácter histórico-artístico, pero sen ordenanza de protección específica para as devanditas edificacións. Como conclusión fundamental para o estudo que estamos realizando, podemos afirmar que existe unha protección global das Burgas ao estar incluídas dentro dos edificios singulares de carácter histórico-artístico, pero non se reflicte ningún tipo de protección para as augas termais e o aproveitamento das mesmas.

En 1972 ponse en marcha a elaboración dun novo plan que se lle encarga á empresa Eyser e que foi aprobado pola Dirección Xeral de Urbanismo o 22 de xaneiro de 1976. Non obstante, a primeira corporación democrática de 1979 tomou a decisión de revisar o devandito plan e adxudicoullo á empresa IDASA, aprobándose este plan o 18 de xaneiro de 1984. Este plan estivo en vigor pouco tempo, despois da presentación dalgúns recursos de reposición que prosperaron e fixeron retrotraer o expediente ao momento da súa aprobación inicial²².

Malia o seu curto período de vixencia, debemos destacar este Plan Xeral, xa que permitiu que se iniciasen os trámites para a obra de remodelación do ámbito das Burgas, un proxecto que se iniciou no ano 1984 coa declaración de interese social, por motivos histórico-turísticos, do ámbito das Burgas. En 1985 realízase un concurso de ideas a nivel nacional para realizar a devandita remodelación, debido ao abandono da zona. Na exposición de motivos das bases do concurso sinalábase o abandono da zona e a necesidade de atopar os medios que devolvan a plenitude a este espazo:

“As Burgas constitúen un dos elementos máis significativos da cidade de Ourense. Ubicadas nas marxes da Zona Histórica sufriron unha progresiva deterioración. A trituración do espazo entre a Burga de Arriba e a de Abaixo, a progresiva degradación do medio e unha certa marxinación física respecto á cidade, son algunhas das características actuais do lugar. A Consellería de Educación e Cultura, en cumprimento da súa misión de protección do patrimonio histórico-artístico e a Corporación Municipal, ambas as dúas conscientes do significado das Burgas para a cidade, propuxéronse a recuperación e dignificación do espazo en que se atopaban situadas. Para iso convócase o seguinte concurso de ideas coa intención de dar unha solución arquitectónica a este problema urbano”.

²² Ademais, e durante gran parte do seu período de vixencia, houbo unha suspensión preventiva de moitos dos seus ámbitos.

O xurado, despois de distintas deliberacións, acordou por unanimidade adxudicar os traballos de remodelación ao arquitecto Xosé Manuel Casabella²³, ao que se lle encarga un proxecto que posteriormente se materializou. O devandito proxecto, tal e como o describe o autor, pretende poñer en valor a “Burga do Medio” que ata agora permanecera descoñecida para a maioría da poboación da cidade de Ourense.

“O ámbito divídese en tres partes, cuxa compartimentación faise coincidir coas zonas de influencia de cada unha das tres Burgas, localizadas espacialmente na parte baixa, media ou alta do soar. Conceptualmente as tres zonas do soar estarán unificadas pola tapia proxectada no bordo do mesmo, que o separa do xardín do colexio de relixiosas e que o percorre en toda a súa lonxitude. Esta tapia foise convertendo, a medida que avanzaba o traballo, no soporte físico e conceptual do proxecto, pois a súa presenza serviu non só para equilibrar e regularizar xeometricamente a área de intervención, senón que se converteu no elemento que pecha e organiza o espazo conferíndolle unha orde e consistencia da que carecía.

Na parte central do terreo é onde se efectuará unha maior transformación xa que cómpre realizar unha importante escavación para deixar accesible o manancial existente e convertelo na nova Burga do Medio de características e formas actuais.

A imaxe que se pretende dar a esta Burga debe de estar en consonancia coa estética actual e cos gustos e modas dos nosos días, por cuxo motivo non debe estrañar o feito de que para afianzar os seus aspectos representativos e simbólicos non se recorre a un elemento arquitectónico procedente da linguaxe clásica e que, no seu lugar, se pensase en adoptar elementos escultóricos e literarios que amosan máis directamente a súa mensaxe”.

Tras a anulación do Plan de 1984, tal e como comentamos anteriormente tívose que retrotraer o expediente ao momento da súa aprobación inicial e, tras os distintos trámites, aprobouse o Plan Xeral de Ordenación Urbana o 16 de setembro de 1986²⁴.

Dentro dos obxectivos xerais do devandito Plan establécese: “a detención do proceso desordenado de crecemento en base a unha remodelación interior da zona, co fin de evitar a deterioración do patrimonio cultural e histórico-artístico; manter e sanear edificacións e espazos non só co criterio de protección e defensa do patrimonio senón tamén baixo un planeamento económico; creación de áreas peonís”.

A zona antiga de Ourense á declarada conxunto histórico-artístico por decreto de 12 de setembro de 1975²⁵ e é o que alberga gran parte do patrimonio cultural que se herdou. Neste punto témonos que deter e analizar a situación do Centro Histórico no devandito momento. Durante eses últimos anos a elevada edificabilidade doutras zonas, como o ensanche, fai que o solo sexa máis apetecible para os promotores, que ao centrar nel as súas actuacións, desprazan as actividades dos sectores de rendas máis elevadas. O fraccionamento do parcelario, o gran custo da execución e a gran tutela que se exerce nesta zona,

23 O primeiro xurado estimou que ningún dos traballos era merecedor do premio e tivo que reunirse un novo xurado, o 22 de abril de 1986, para adxudicar por unanimidade os traballos de remodelación das Burgas ao arquitecto Xosé Manuel Casabella.

24 Aprobouse inicialmente o 26 de abril de 1986 e a Consellería aprobouno definitivamente o 16 de setembro de 1986.

25 BOE de 23 de outubro de 1975.

dificultan tamén o investimento. A estrutura da zona vella deixa de ser unha estrutura de mesturas sociais e comezan a aparecer actividades marxinais, procesos de segregación e de inseguridade cidadá. Isto leva consigo unha incapacidade para a conservación dos inmobles, convertendo moitos deles en estado semirruinoso e favorecendo un estado de degradación progresivo. A patoloxía edificatoria é moi complexa e de difícil e custosa solución, con infraestruturas deficientes, falta de dotacións, envellecemento e baixa densidade de poboación, destrución de actividade comercial, espazos urbanos degradados, con falta de accesibilidade e mobilidade.

Un dos piares fundamentais que deixaba entrever a memoria do Plan de 1986 é a necesidade da intervención da Administración como elemento corrector do sistema de mercado, ampliando o concepto dos elementos ou zonas a conservar e protexer e, primordialmente, potenciando a devandita conservación mediante a implantación de medidas económicas (subvencións, exencións fiscais) e outras medidas (mestura de usos e actividades) para revitalizar e potenciar os devanditos ámbitos.

O propio Plan, dentro do Catálogo do Patrimonio Cultural, Tradicional e Histórico do Municipio de Ourense e para garantir a conservación, mellora e protección deste patrimonio, xa clasificaba dentro do grupo de Zonas e Monumentos Histórico-Artísticos Nacionais A *Zona Antiga de Ourense* “Declarada oficialmente ben cultural de 1ª categoría a nivel estatal; polo tanto, a súa vixilancia, protección total e conservación, está a cargo do organismo competente creado a tal efecto, sen cuxa expresa autorización non se poderá actuar xa non só sobre estes bens, senón mesmo sobre os seus arredores” e dentro dos mananciais mineiro-termais e fontes tradicionais os seguintes: *Complexo hidrotermal das Burgas; Balneario e mananciais de Mende; Balneario e mananciais das Caldas; Manancial do “Campo de Reza”; Manancial e pías do “Tinteiro”; Mananciais do “Pozo Maimón”; Mananciais das Burgas, (Chavasqueira de abaixo) co seu edificio; Mananciais do Porto*. “Neste caso, prohibese toda actuación ou edificación, nun radio de 150 m arredor dos mananciais, sen a autorización expresa da Comisión Municipal previo informe favorable da de Patrimonio Provincial”.

Non obstante, e malia estas medidas proteccionistas sobre a zona histórica, o propio plan establece a necesidade de elaborar un Plan Especial, como figura de planeamento axeitada, para resolver a problemática urbanística e arquitectónica deste conxunto e a fin de garantir a preservación, conservación e posta en valor do mesmo²⁶. Así, o 13 de setembro de 1996 apróbase definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior da Zona Histórica de Ourense. A protección establecida na declaración de conxunto histórico-artístico de 1975 céntrase na preservación e conservación do patrimonio, en canto ás características físicas e tipolóxicas dos edificios, pero non entra no establecemento de disposicións necesarias para resolver a problemática urbanística existente no devandito contorno delimitado.

Os principais obxectivos deste Plan son: garantir a protección do patrimonio urbano, delimitando as obrigas dos propietarios e establecendo axudas para frear a súa deterioración, establecer as normas para establecer o proceso de renovación urbana e garantir que esta renovación se efectúe de maneira coherente co carácter da Zona Histórica, regular as activi-

26 No apartado 4.3 da normativa sinálase que “O PXOU non é capaz, en función das limitacións que a propia entidade legal lle impón, das devanditas disposicións, suficientemente precisas e detalladas, como para completar a totalidade dos problemas creados nestes conxuntos de valor. Por iso faise necesaria a redacción dun Plan Especial, que é a figura de planeamento máis apropiada para a preservación e fomento de moitos elementos edificados, urbanos e naturais xustamente apreciados”.

dades que se desenvolven na área protexida, en orde a corrixir posibles desaxustes de usos predominantes que poidan influir ou alterar as súas características medioambientais, evitar o desarraigamento da poboación residente.

Na análise urbanística deste PERI, detállase como elemento visual a corrixir, para potenciar o ámbito das Burgas, o pano que conforman as fachadas traseiras da rúa Cervantes, ao estar estas moi deterioradas e transmitir unha imaxe pouco acorde cun dos conxuntos históricos máis representativos e máis visitados da cidade.

Este documento, que segue estando en vigor a día de hoxe, establece unhas condicións xerais para todo o ámbito, pero tamén establece unhas condicións particulares e un grao de protección para cada un dos edificios mediante fichas individualizadas. Polo tanto, para cada un dos edificios que engloban o ámbito das Burgas, tamén se establecen unhas condicións particulares. Así mesmo, este PERI establece no ámbito máis próximo ás Burgas, unha unidade de execución, denominada UE-2, formada pola prolongación de terreos dos edificios que conforman as rúas Cervantes, Villar, Burga e Baño, e delimitados polo oeste polo muro do colexio das Josefinas. Nesta unidade de actuación, que se executará mediante expropiación, prográmase unha zona verde de uso público, mediante a urbanización e axardinamento deste espazo, conectando de forma peonil a rúa do Baño coa rúa da Burga²⁷.

Como xa comentamos na páxina anterior, a administración debe ser o motor fundamental para renovar e potenciar estes ámbitos a través de distintos instrumentos ao alcance da súa man. No caso da zona antiga, e moi particular no contorno das Burgas, debemos sinalar distintos proxectos levados a cabo polo Concello de Ourense e distintas administracións públicas, que amparados neste Plan Especial, serviron para acometer actuacións de renovación urbana, mellorando o espazo urbano neste ámbito tan degradado:

- Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Ourense e a Xunta de Galicia para a rehabilitación e recuperación das infraestruturas e mellora medioambiental dos espazos da Zona Histórica (anos 1997-1999).
- Convenio para a rehabilitación das infraestruturas e construción de vivendas para mozos (ano 1998).
- Convenio entre o Concello e o Colexio de Arquitectos, para a rehabilitación de vivendas para fixar poboación na Zona Histórica (ano 2002).
- Programa AGORA para a rehabilitación da zona histórica de Ourense, dentro da iniciativa URBAN da Comunidade Económica Europea (2001-2006).
- Compra e rehabilitación de distintos edificios da zona histórica para albergar dependencias municipais (distintos anos).
- Convenio entre o Concello de Ourense e o IGVS para a recuperación do contorno da zona das Burgas (ano 2002).
- Anteprojecto bulevar, musealización e axardinamento das Burgas de César Portela (ano 2004).

27 Este ámbito delimita perfectamente o que logo se traducirá na obra de urbanización, musealización e axardinamento das Burgas.

De entre eles debemos destacar os dous últimos por estar moi relacionados co ámbito máis próximo ás Burgas e por estar recollidos dentro dos obxectivos do PERI.

O convenio asinado entre o Concello e o IGVS, o 18 de novembro de 2002, permitiu rehabilitar distintos edificios na rúa Villar, cuxo fin último é a obtención de vivendas para mozos, pero que serviu tamén, conxuntamente con outras obras de promoción privada na mesma banda edificatoria, para a mellora visual da fachada que conforma o pano de fondo das fontes das Burgas. Así mesmo, a través deste mesmo convenio, o Concello adquiriu distintos baixos onde se situou o Centro de Interpretación das Burgas, que conxuntamente coa obra de urbanización, musealización e axardinamento do ámbito existente nas traseiras dos edificios das rúas Cervantes e Villar, e a execución da piscina termal na Burga do Medio, conformaron un espazo que potencia e dinamiza todo o contorno das Burgas.

A estas actuacións débese engadir o impulso que se realizou desde a administración local para rexenerar o espazo urbano, a través da rehabilitación de distintas prazas e edificacións nun radio moi próximo, mesmo dentro da área de protección das Burgas, para crear novos espazos e zonas verdes e albergar distintas dependencias municipais (edificio de Urbanismo, Centro de Iniciativas Empresariais, Facenda, Centro Cívico, Centro de Novas Tecnoloxías, Casa da Maxia...)²⁸, creando, desta maneira, un tecido comercial e social que permita atraer novos investimentos, tanto públicos como privados, para seguir avanzando na rexeneración urbana deste ámbito tan simbólico.

A delimitación do PERI, marcada no Plan Xeral de 1986, deixou fóra un ámbito, que malia a segregación física que sufriu coa execución da antiga estrada Vigo-Villacastín (hoxe rúa Progreso), está intimamente ligado ás Burgas, tal e como se detallou na memoria histórica inicial deste traballo. Trátase do espazo comprendido entre a Ponte Murallón e o leito do río Barbaña, dentro da área protexida do Catálogo de Patrimonio Cultural do PXOU de 1986, onde se situaba a antiga “Casa de Baños La Moderna” e os edificios ligados a esta explotación, así como os xa descritos “Baños do Outeiro”. A Modificación Puntual do PXOU de Ourense para posibilitar a implantación dun complexo termal-hotel balneario privado neste espazo, foi aprobada definitivamente o 28 de xullo de 2000, derivada dun convenio urbanístico entre o Concello de Ourense e a empresa Xardín das Burgas, S. A.²⁹. Esta modificación puntual, conxuntamente co desenvolvemento e actuacións posteriores realizadas, influíron negativamente neste ámbito e xeraron un grave conflito urbanístico.

O PXOU de 1986 propoñía para esta zona un solo urbano consolidado de execución directa, axustándose a edificación ao deseño gráfico existente (nos planos indicábase un inmoible de cinco plantas e outro inmoible cunha zona de tres plantas e outra dunha planta, este último correspondíase coa antiga Casa de Baños). A edificación reflectida nos planos non ocupaba a totalidade da parcela e a edificabilidade era bastante baixa. Na modificación puntual aprobada ocupábase a totalidade da parcela con dúas alturas e unha gran parte da mesma con sete alturas máis, co que se obtiña unha edificabilidade moi elevada³⁰.

28 Algúns deles incluídos dentro do Programa AGORA para a rehabilitación da zona histórica de Ourense, dentro da iniciativa URBAN da Comunidade Económica Europea (2001-2006).

29 Convenio ratificado polo Pleno Municipal o 4 de febreiro de 2000.

30 Pasouse dunha edificabilidade recoñecida inicialmente no PXOU de 1986 de 2.330,56 m² c. (0,56 m²/m²), a unha edificabilidade na modificación puntual de 19.274 m² c. (4,65 m²/m²).

Posteriormente este documento posibilitou a autorización dun proxecto de reparcelación³¹, dun proxecto de urbanización³². Posteriormente presentouse un anteproxecto básico dun edificio para hotel, apartahotel e complexo termal e un proxecto para a impermeabilización lateral e tapón de fondo para a construción deste edificio.

O proxecto de urbanización anteriormente citado contemplaba a demolición da antiga Casa de Baños³³ e polo tanto esta demolición levouse a cabo, non obstante, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural incoou un expediente por considerar que esta demolición debería ter contado cun informe favorable da mesma, xa que as devanditas actuacións se realizaban dentro do contorno de protección dun ben protexido³⁴. Ademais da demolición da antiga Casa de Baños, que consideramos que nunca se debería ter producido, o caudal das Burgas e outras surxencias termaltes próximas como a Casa de Baños e Outeiro, víronse gravemente afectados³⁵ polas sondaxes non autorizadas que se levaron a cabo no mes de xaneiro de 2005 pola empresa Xardín das Burgas, S.A. O Concello actuou paralizando os traballos e procedeu ao selado dos devanditos pozos, realizados ilegalmente, para recuperar novamente o caudal.

Se podemos sacar algo positivo de toda esta “sucesión de despropósitos”, é que a polémica xurdida, non só desde un punto de vista urbanístico, senón desde un punto de vista social e popular, ao tratarse de actuacións que danaban a un ben que forma parte do patrimonio de todos os ourensáns, fixo que o devir desta actuación se retardase. O 3 de maio de 2006 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia incoou un expediente para a declaración de BIC da zona. Isto implicou a suspensión de licenzas³⁶. A declaración concrétese no Decreto 17/2007, de 8 de febreiro, polo que se declara Ben de Interese Cultural, con categoría de Sitio Histórico, ao conxunto das fontes termaltes de “As Burgas” e ao seu contorno delimitado. Deste Decreto 17/2007, debemos reproducir os seguintes parágrafos:

“Sendo as fontes termaltes das Burgas un elemento diferenciador da cidade xa desde a súa orixe, cun valor testemuñado desde fai séculos, era conveniente adoptar as medidas necesarias para a recuperación deste ámbito profundamente ligado á historia e á identidade propia dos ourensáns, como símbolo da cidade de Ourense e referente singular dos viaxeiros que a visitan”.

“... a delimitación proposta ten unha clara significación por canto supón un mínimo control das actuacións próximas que poidan afectar a un ben tan sensible como o conxunto das fontes termaltes das Burgas, precisamente porque xa sufriu numerosas intervencións, xustificadas en beneficio dun pretendido e mal entendido progreso ou ben por intereses económicos ou falsamente culturais”.

31 En data 8 de novembro de 2001, a Comisión Municipal de Goberno adoptou o acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Reparcelación de terreos na zona ó do SU 6.

32 En data 26 de febreiro de 2004 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do complexo termal “As Burgas”.

33 Como xa explicamos na primeira parte deste traballo, a súa construción levouse a cabo a finais do século XIX e nela explotábanse os mananciais termaltes en forma de baños e bebida.

34 Prohibese toda actuación ou edificación nun radio de 150 m. arredor dos mananciais, sen a autorización expresa da Comisión Municipal previo informe favorable da de Patrimonio Provincial.

35 Un descenso grave do caudal das Burgas só se producira no terremoto de Lisboa de 1755.

36 Artigo 35 da Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia.

“Debe apuntarse que a extensión da área afectada pola declaración sobre o territorio que ocupa a depresión situada ao poñente do núcleo antigo da cidade, busca a unificación dun espazo secularmente vinculado á vida da cidade, ás termas e ao río, así como a adaptación á verdadeira área territorial de influencia das propias Burgas”.

“Todo este conglomerado ten unha identidade que irá cambiando pero que dalgún xeito debe ser precavida polos organismos legalmente implicados na conservación e mantemento do noso legado cultural, co fin de transmitilo ás xeracións futuras”.

“Os límites mínimos para que esa supervisión sexa efectiva veñen dados por unha simple lóxica visual e espacial, como é o caso da antiga Prisión Provincial (máxime cando o que se proxecta é a instalación dun establecemento vencellado ao aproveitamento da auga), ou ben pola adaptación a sectores urbanos que xa están recollidos no propio Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ourense e que resultaría difícil de seccionar nunha liña abstracta e que, así mesmo, non prevé aproveitamentos urbanísticos, como sucede coa zona unitaria e de espazos libres incluídos dentro dos sistemas xerais do PXOM, marxes esquerda e dereita do río Barbaña ata o camiño de Portocarreiro”.

“Por último, coa delimitación proposta, trátase de poñer en valor un espazo degradado, especialmente a zona existente entre o límite do núcleo histórico e o río Barbaña, evidentemente mal protexida, e que precisa dun tratamento conxunto e homoxéneo, procurando mellorar a imaxe das Burgas”.

A declaración de BIC, con categoría de Sitio Histórico, ao conxunto das fontes termais de “As Burgas” e ao seu contorno delimitado, obriga, en aplicación do artigo 48 da Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia, á redacción do correspondente Plan Especial de Protección.

O PXOM de 2003, aprobado definitivamente pola CPTOPV con data de 29 de abril de 2003, clasificaba o ámbito como unha Área de Planeamento Incorporado API-04-O, o que significaba que incorporaba a “Modificación puntual do PXOU 86”. Este plan contemplaba dentro do Inventario de Bens do Patrimonio Cultural do Termo Municipal de Ourense, un apartado destinado a “Balnearios e Mananciais” onde se catalogan entre outros: os Baños de Outeiro, As Burgas e o Balneario e Mananciais das Caldas. Chama a atención a non inclusión neste Inventario da ficha correspondente á “Casa de Baños”, que estaba reflectida na aprobación provisional do Plan Xeral e que permitiu que non se tomasen as medidas de protección axeitadas para impedir a súa desaparición. O Plan do 2003 contempla unha ficha característica para As Burgas, catalogadas con protección integral.

Tras a anulación do PXOM de 2003, tras a sentenza do TSX de Galicia de data 17 de abril de 2008 confirmada pola TS en data 9 de marzo de 2011, entra en vigor novamente o PXOU do 1986. Nese momento existen distintos ámbitos de vital importancia para o desenvolvemento da cidade, que se reflectían no plan do 2003 e que estaban en tramitación. Por iso, mediante Decreto 187/2011, de 29 de setembro, a CMATI da Xunta de Galicia, suspéndese parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense e apróbase a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento



en distintos ámbitos³⁷. Un deses ámbitos de vital importancia, relacionado co tema que estamos a tratar, é o ámbito nº 30 “As Burgas”, onde a ordenación se difire ao que estableza o Plan Especial de Protección do BIC. Este Plan Especial, despois de distintos trámites, foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Ourense o 20 de xaneiro de 2012.

O Plan Especial ordena o ámbito delimitado, no que hai tres zonas de grande interese, que co mandato do BIC precisan acadar un tratamento conxunto e homoxéneo: a continuación da zona histórica no contorno dos mananciais das Burgas, o conxunto dotacional do mercado de abastos e o de Rianxo, e o que deberá de ser a implantación balneario-hoteleira-termal ao lado do río.

O Plan Especial, propón actuacións concretas para cada unha das áreas definidas:

- Na Zona Histórica, rúa Cervantes, rúa Villar e contorno da Praza da Ferrería propónse preservar o valor ambiental da zona e revitalizala no seu uso urbano. Para o cal se elaboraran as fichas de valoración e catalogación de cada unha das edificacións existentes así como do espazo público e fórmulanse as ordenanzas que regulen as edificacións.
- Para a Praza das Burgas e o seu contorno propónse crear un espazo continuo desde a rúa Cervantes ata a ponte Fervedoira, integrando e resolvendo os diversos episodios urbanos que van aparecendo. No espazo das hortas traseiras das rúas Cervantes e Villar incorpórase a proposta de confección dun espazo libre e unha construción para protección dos achados arqueolóxicos e primando a protección dos achados arqueolóxicos nas escavacións. Propónse a demolición dos elementos necesarios para proseguir coas escavacións: local de panadería e fornos. Para poñer en valor a riqueza arqueolóxica e termal do conxunto propónse a redacción futura dun Proxecto Director para o conxunto da Praza das Burgas, a zona das traseiras das rúas Cervantes e Villar e a área libre da parcela do colexio San José. Nesta revisión de conxunto ten especial interese a posibilidade de conectar o plano da Burga de Arriba co dos achados recentes da piscina termal, dada a coincidencia de cotas, e ao mesmo tempo estudar a posible recuperación da posición exenta da devandita fonte. Ao mesmo tempo, reformular o muro do colexio das Josefinas que delimita este espazo e que resulta unha liña pouco sensible coa realidade do espazo.
- Para a Praza de Abastos e o seu contorno contéplase o tratamento do conxunto como unha soa peza. Revitalizar-ordenar o uso de mercado-comercio como equipamento da cidade. Converter o mercado en elemento de conexión da cidade decimonónica apoiada na rúa do Progreso co plano inferior das Burgas e mercados. Dotar de aparcadoiro ao conxunto e eliminar o tráfico rodado do contorno do mercado. Propónse a substitución da pasarela peonil existente sobre o río Barbaña por outra de novo trazado, que conecte desde o parque do Barbaña ata a zona de mercado.
- Para o cárcere, Casa de Baños, soar “Xardín das Burgas” contéplase converter unha zona degradada, nun equipamento urbano de “cidade”, co termalismo como motor do mesmo. Recuperar para a vida urbana as pezas e couzas históricas que aparecen nesta zona: cárcere, Casa de Baños, Canella do Rastro, Ponte Pelamios, e aproveitar a

37 DOG de 3 de outubro de 2011.

riqueza da auga termal que se prevé atopar neste conxunto. Propóñense como usos principais os relacionados co termalismo e os que axuden a potenciar e xestionar esta riqueza natural. En concreto: usos termal, hoteleiro, lúdico, comercial e oficinas.

- Tamén se contempla a recuperación da ría Barbaña como elemento natural e convertido, no seu tramo urbano, en eixe vertebrador de áreas libres e equipamentos.

Polo tanto, e como resumo que se pode extraer deste Plan Especial, futuro inmediato deste ámbito, o que se propón é redefinir e recualificar os espazos existentes, recuperar outros que se perderon en actuacións anteriores e xerar outros novos, creando un sistema conectado, fluído e accesible. Así mesmo, propónse a protección e a posta en valor da riqueza arqueolóxica e termal de todo o conxunto e a creación do novo e estratéxico equipamento urbano, co termalismo como motor fundamental. Este equipamento urbano, está contemplado no Plan Especial, como un proxecto conxunto, que engloba os terreos da antiga Casa de Baños La Moderna e os Baños de Outeiro.

3.2 As Caldas e o seu ámbito de influencia

Outro ámbito que estamos analizando con detalle neste traballo, é o ámbito situado na zona norte da cidade, na marxe dereita do río Miño a partir do ponte que atravesa a N-525, e máis concretamente na zona das Caldas, “Campo da Feira” e “Campo de Santiago”, así como o seu ámbito de influencia máis próximo, onde existen distintas emanacións de augas termais³⁸. Esta zona, cuxo uso principal desde mediados dos anos sesenta está relacionado co uso industrial e terciario, como lugar de celebración da feira de gandos, pasou posteriormente a albergar distintos equipamentos municipais tras a desaparición dos tránsitos comerciais de gando e, nos últimos anos, pretende ser un espazo de ocio onde se implanten distintos equipamentos vinculados co uso e desfrute das augas termais. A vinculación termal a este ámbito outórgalla a existencia de distintas emanacións termais con moita tradición e moi arraigadas nun radio moi próximo, como son as termas de “A Chavasqueira”, “Baños de Santiago das Caldas” e “O Tinteiro”. Para iso, como xa fixemos nas Burgas e o seu contorno máis inmediato, debemos analizar a transformación urbanística que sufriron nos últimos anos, estudando a planeamento vixente en cada momento, ou falta do mesmo, e as actuacións de renovación urbana que se levaron a cabo. Así mesmo, haberá que indagar e examinar sobre as medidas proteccionistas ou conservacionistas que se levaron a cabo sobre este patrimonio termal e se estas medidas foron eficientes, ou pola contra, permitiron nalgúns casos a destrución ou degradación do mesmo.

Se analizamos este ámbito atopámonos que ata os anos sesenta esta zona á beira do Miño, estaba totalmente erma e diáfana. Abonda con observar os planos de información do Plan Xeral do ano 1961 para apreciar a non existencia de edificación ou construción nesta zona, agás a desaparecida Casa de Baños de Santiago das Caldas na parte noroeste do devandito ámbito³⁹ e algunha pequena edificación. Cabe destacar que segundo se desprende dos mesmos planos de información, a feira de gandos non se desenvolvía nesta zona do río senón que estaba situada nunha explanada artificial entre a confluencia do río Barbaña e do río Miño, o que hoxe coñecemos como Campo dos Remedios. O Plan Xeral de 1961

38 Baños de Santiago das Caldas, A Chavasqueira e O Tinteiro.

39 Xa descrita e estudada no apartado 2.2 deste traballo.

clasificaba este espazo como unha zona industrial, concretamente a denominada “Zona Industrial de Ribeira”.

Amparados neste Plan Xeral e coa necesidade de trasladar a feira de gando desde o campo dos Remedios⁴⁰ a esta zona, lévase a cabo, arredor do ano 1966, a construción do edificio onde se ubica o matadoiro municipal, que aínda se mantén a día de hoxe con algunhas ampliacións, e os pavillóns de forma rectangular distribuídos en ringleira, para a celebración desta feira de gando, dos cales parte tamén se conservan a día de hoxe, para albergar distintos servizos municipais⁴¹. Tamén amparada neste Plan Xeral ou por falta de control do mesmo levouse a cabo a execución de distintas naves industriais e vivendas unifamiliares⁴² no que hoxe delimita o ámbito nº 6 da ordenación provisional “Área de Reparto 36-N Campo de Santiago”.

Como xa comentamos anteriormente, as augas termais recóllense por primeira vez en memoria de información deste Plan de 1961 e faise referencia ás mesmas no apartado de hidrografía, destacando soamente tres puntos de surxencias, estando As Caldas dentro destes tres puntos, conxuntamente coas Burgas e Mende: “As Caldas: similar ao anterior con máis caudal”. Tamén aparecen as Termas das Caldas como edificio singular de carácter histórico-artístico, non obstante non se propón ordenanza de protección específica para as devanditas edificacións.

O Plan parcial do ano 1964 só describe distintos edificios singulares de carácter histórico-artístico, entre os que aparecen as Termas das Caldas pero sen protección específica. Vemos aquí como este Plan, ao cualificar esta zona como industrial, e permitir levar a cabo a construción de distintas naves, non contempla de ningún modo a protección das augas termais así como do aproveitamento das mesmas, polo que podemos afirmar que se trata dun Plan pouco proteccionista ao respecto.

O Plan Xeral de 1984, que se aprobou o 18 de xaneiro deste mesmo ano, e que como lembramos estivo en vixencia moi pouco tempo, clasificaba este espazo como SU-23. Este sector urbano á súa vez dividíase en 8 bloques, dentro dos cales os que nos interesan estudar para este traballo, serían o bloque nº 2, que se correspondería co actual APR 02-N, os bloques nº 1, 7 e 8 que se corresponderían co actual AR 36-N, e o bloque nº 6 que se correspondería coa actual zona 5 do SU-46.

No referente ao bloque nº 2 xa se especificaba que se trata dun bloque totalmente consolidado por un equipamento (Campo da Feira).

No bloque nº 1 sería necesaria a realización dun estudo de detalle para a ordenación do mesmo e dentro das condicións do devandito estudo marcábanse entre outras: edificación de bloque aberto, alturas PB+3P e soamente uso residencial. No bloque nº 7, tamén sería necesaria a realización dun estudo de detalle e as condicións máis destacables eran: a altura PB+2P, edificación mixta (vivenda e industria). E no bloque nº 8 indicábase unha banda de edificación segundo deseño gráfico de 14 metros de fondo e PB+2P, sendo o resto de terreo para zona verde de uso público. No referente ao bloque nº 6, especificábase que está total-

40 Co fin de implantar neste espazo novos equipamentos deportivos que posteriormente se chegan a materializar.

41 Algúns destes pavillóns foron demolidos na década dos anos oitenta para a implantación do edificio destinado ao parque de bombeiros.

42 Cando falamos de falta de control, é que se levou a cabo a execución de distintas vivendas unifamiliares cualificado como industrial.

mente ocupado por un equipamento “Balneario das Caldas” e ocupando unha superficie mínima de 10.000 m² e un volume edificable de 3.000 m³⁴³.

Cómpre aclarar que durante a curta vixencia deste Plan Xeral, moitos ámbitos foron suspendidos debido a distintos recursos contencioso-administrativos que prosperaron⁴⁴. Na zona que estamos estudando soamente se salvaron desta suspensión preventiva o bloque nº 2 que era un solo urbano totalmente consolidado por un equipamento e o nº 7, o cal non se chegou a desenvolver. É de destacar o cambio radical de uso que se produce respecto ao Plan de 1961, xa que se pasa dun uso meramente industrial a un uso residencial e de equipamentos. A curta vixencia deste Plan, unida á suspensión preventiva de distintos ámbitos nesta zona, logrou protexer a mesma dun desenvolvemento urbanístico residencial en bloque, que tería comprometido esta de cara ás propostas presentes relacionadas co termalismo como eixe principal.

No PXOU de 1986, aprobado o 16 de setembro, o ámbito que estamos a analizar está englobado dentro do “Plan Especial de Protección das Ribeiras do Río Miño”. Este Plan recolle por primeira vez a importancia que ten para a cidade a recuperación da marxe dereita do río Miño, ordenando este espazo de cara a obter un enorme lugar de recreo e entretemento e á súa vez potenciando e garantindo a conservación do seu enorme valor paisaxístico e natural.

Nas directrices do devandito Plan Especial e dentro do apartado de Parques e xardíns está a de programar unha zona verde de protección das fontes termais e tamén se establece un equipamento comercial no actual Campo da Feira e nas súas inmediacións. Observamos claramente que estamos ante un cambio de visión completa respecto a planeamentos anteriores, con medidas de conservación e potenciación do ámbito do río e das fontes termais, así como un cambio ou introdución de novos usos nos terreos do Campo da Feira, de cara a mellorar e valorizar este espazo.

Así mesmo, o propio Plan de 1986, dentro do Catálogo do Patrimonio Cultural, Tradicional e Histórico do Municipio de Ourense e para garantir a conservación, mellora e protección deste patrimonio xa clasificaba dentro dos mananciais mineiro termais e fontes tradicionais os seguintes, que se engloban dentro deste ámbito: “Balneario e mananciais das Caldas e Manancial e pías do Tinteiro”; Mananciais do Porto. “Neste caso prohibese toda actuación ou edificación nun radio de 150 m arredor dos mananciais, sen a autorización expresa da Comisión Municipal previo informe favorable da de Patrimonio Provincial”.

No ámbito da parcela onde se situaba o antigo Balneario de Santiago das Caldas, cunha superficie de 10.000 m², identificado como Zona 5 do SU-46 o Plan Xeral de 1986 fixaba unhas condicións urbanísticas para a reconstrución do mesmo, como uso exclusivo de balneario, precisando a aprobación dun estudo de detalle para ordenar os volumes e a distribución das zonas. Non obstante, realízase unha modificación puntual do Plan Xeral

43 Extraído das páxinas 300-302 da memoria de ordenación do Plan Xeral de 1984.

44 No Plano de Ordenación deste Plan Xeral de 1984 que se acompaña no anexo destácanse en cor amarela algúns destes ámbitos suspendidos.

no ano 2000⁴⁵, a solicitude do propietario da finca⁴⁶, xustificada por unha maior cabida da mesma e polo tanto unha maior edificabilidade do devandito balneario e polo traslado do balneario a una cota máis próxima ao río debido á execución da bifurcación da estrada N-120 que afectaba á ubicación primitiva do balneario⁴⁷. O promotor amparado na devandita modificación puntual, presentou un proxecto para a realización dun novo balneario, pero as sucesivas obras de estradas, paseos e as obras do saneamento do río Miño, afectaron gravemente á parcela, cada vez máis minguada, motivando a paralización do proxecto.

No Plan Xeral do ano 2003, a zona que estamos a estudar distribúese en tres ámbitos diferenciados, API 01-N (Área de Planeamento Incorporado, denominada “Balneario das Caldas”), AR 36-N (Área de Reparto, denominada “Campo de Santiago”) e APR 02-N (Área de Planeamento Remitido, denominada “As Caldas”) todas elas clasificadas como solo urbano non consolidado.

No referente ao API 01-N soamente comentar que este ámbito recolle a modificación puntual da Zona 5 do SU-46 do PXOU do 86 comentada anteriormente e polo tanto, mantense o uso para poder implantar nos devanditos terreos un Balneario Termal, recuperando a esencia do xa desaparecido “Balneario de Santiago das Caldas”, pero do que aproveitaría as súas surxencias termais.

O AR-36 N “Campo de Santiago”, ámbito que se debe desenvolver mediante un sistema de equidistribución de iniciativa privada ou mixta, establece unha ordenación na que prima sobre todo a obtención de solo para crear un gran parque público recuperando as beiras do Miño e a implantación dun grande equipamento de catro alturas, con carácter asistencial, terciario e hoteleiro, cunha gran superficie deste equipamento dedicada a balneario termal. A problemática para poder desenvolver este ámbito radica na existencia de distintas vivendas unifamiliares e naves industriais, o que supón un grande aumento das cargas dentro do sistema de equidistribución. Non obstante, o Concello adquiriu no ano 2009 unha nave industrial de aproximadamente 1.000 m² de superficie e procedeu á súa demolición para albergar dentro da parte clasificada dentro deste ámbito como ZV-SG, unha construción tamén vinculada coas augas termais. Trátase dun pavillón termal ao aire libre, dentro do Parque Termal do Campo de Santiago, seguindo a tipoloxía das “Bouvettes” e salvando a cota entre o Paseo do Río e do Paseo do Tinteiro. Este pavillón alberga unha fonte de auga mineiro-medicinal semicuberta, para o seu uso como auga en bebida, espazos estanciais e instalacións para o funcionamento e control sanitario e hidroxoloxico⁴⁸.

En canto ao APR 02-N “As Caldas”, denominado coloquialmente Campo da Feira, está delimitando un espazo onde se desenvolvía o mercado de gando de Ourense, constituído por distintos pavillóns e polo matadoiro municipal, que sufriu unha ampliación na década dos oitenta. Posteriormente e ao desaparecer a feira de gando o lugar deixou paso a outro tipo de instalacións municipais albergando o parque de bombeiros e un polideportivo multiusos. Polo tanto, trátase dun ámbito cun uso dotacional de carácter industrial e terciario. Cabe

45 Aprobada en Pleno Municipal o 4 de febreiro do ano 2000.

46 Don Francisco Fernández del Prado e D^a María del Carmen Fernández Reigada que adquiriron o terreo en 1984 a José Luis Fernández Fábrega e outros.

47 Froito das inapropiadas obras públicas do contorno aparece consumido baixo o viaduto de saída da autovía á altura da estación de autobuses.

48 A data de hoxe o Concello está pendente da recepción definitiva da obra.

destacar que recentemente se levou a cabo unha renovación do espazo destinado a festas e feiras para dotalo de maior versatilidade e maior comodidade para o desenvolvemento destes eventos⁴⁹.

O PXOM de 2003 delimitaba este ámbito como APR 02-N (As Caldas), clasificado como un solo urbano non consolidado a desenvolver mediante un sistema de compensación. A ordenación detallada do devandito ámbito remítese a un PERI, que se aproba definitivamente en sesión plenaria o 4 de febreiro de 2011 e que mantén a súa vixencia, tras a anulación do PXOM de 2003, xa que está incluído dentro dos ámbitos que recolle a Ordenación Urbanística Provisional. No devandito PERI contémpase a inclusión dentro deste ámbito de novos usos, como son distintos equipamentos dotacionais e asistenciais relacionados co termalismo e previstos no PETOU. Mantendo un uso fundamental e moi arraigado neste ámbito, que é o de celebración de festas e feiras, propónse trasladar o matadoiro municipal e ubicar no devandito espazo un equipamento dotacional-asistencial e hoteleiro vinculado ao termalismo⁵⁰. Así mesmo, a nova ordenación elimina distintas edificacións municipais, estéticas e funcionalmente deficientes, para poder obter novas zonas de aparcamento e un vial interior principal.

A propia ficha do APR que contempla o Plan Xeral de 2003 para a elaboración do PERI, indica: “a vocación pública da zona por medio do seu destino para festas e feiras potenciarase coa dos balnearios e fontes termais”. He aquí a importancia que o propio Plan lle outorga ás augas termais para potenciar e recuperar un espazo residual cun uso principalmente industrial, que a día de hoxe lle outorga a existencia do matadoiro e distintas naves-taller, e obter novos espazos e equipamentos vinculados a actividades lúdicas.

A premisa principal para poder levar a cabo este Plan especial é poder trasladar o matadoiro municipal, xa non só porque o seu uso é totalmente incompatible cos equipamentos termais que se pretenden localizar neste ámbito, senón porque, esteticamente e funcionalmente, é un edificio obsoleto⁵¹ xa que na súa orixe se elixiu esta situación por ser unha zona ben comunicada e periférica pero a día de hoxe trátase dun ámbito próximo ao centro, en auxe e a potenciar. Para poder levar a cabo esta operación, propónse a obtención de solo industrial na zona de Santa Cruz de Arrabaldo, próximo aos terreos onde está ubicado o matadoiro de Coren, elaborando un Plan de Sectorización do devandito ámbito, que se aprobou inicialmente.

No que se refire á protección e catalogación do patrimonio existente, o Plan Xeral de 2003 contemplaba dentro do Inventario de Bens do Patrimonio Cultural do Termo Municipal de Ourense, que se mantén vixente a día de hoxe por estar incluído dentro da Ordenación Provisional, un apartado destinado a “Balnearios e Mananciais” onde se catalogan entre outros: Balneario e Mananciais das Caldas, Burga da Chavasqueira e Manancial do Tinteiro. Todos incluídos no ámbito a estudar ou no seu contorno máis próximo. No caso do Balneario das Caldas está recollido na ficha 23.03 cun grao de protección ambiental.

Dos dous ámbitos de vital importancia, relacionado co tema que estamos a tratar e recollidos dentro da ordenación provisional, tras a anulación do PXOM de 2003, son os xa

49 Esta obra rematouse no mes de maio do ano 2010.

50 Hotel de Congresos (previsto no PETOU), ocupando o soar do matadoiro municipal e Hotel Ryokan vinculado á zona da Chavasqueira.

51 O edificio orixinal do matadoiro data do ano 1966, posteriormente nos anos oitenta ampliouse.

descritos anteriormente, “ámbito nº 6 AR 36-N. Campo de Santiago” e ámbito nº 7 “APR 02-N. As Caldas”, onde se establece como ordenación provisional a do PXOM de 2003, con todas as determinacións incluídas no Planeamento de desenvolvemento, neste caso o Plan Especial de Reforma Interior do APR 02-N aprobado definitivamente en data 4 de febreiro de 2011 (DOG nº 48, de 10 de marzo). Así mesmo, no ámbito do Balneario das Caldas segue vixente a día de hoxe a Modificación Puntual da Zona 5 do SU-46 do PXOU do 86, aprobada en data 4 de febreiro de 2000.

Como podemos comprobar nos parágrafos anteriores é a partir do Plan Xeral de 1986 cando se empeza a ter conciencia da importancia da protección das fontes termaltes e do cambio de usos que se debe levar a cabo para substituír o uso industrial, predominante na zona, por outros usos máis acordes e que protexan e dean valor ás augas termaltes. Non obstante, é o Plan Xeral de 2003 o que percibe a potencialidade desta zona, vinculada coa existencia de distintos mananciais dentro dun marco incomparable como é a beira do Miño, para tratar de implantar aquí distintos equipamentos enfocados a usos dotacionais, asistenciais e hoteleiros vinculados ao termalismo, así como obter grandes espazos de ocio e desfrute para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Ourense. O concepto é ordenar axeitadamente desde o propio planeamento, para obter novos espazos e equipamentos que potencien un recurso “inesgotable” e realizar aquelas operacións de renovación e adecuación de usos, para acondicionar os espazos existentes aos novos espazos a implantar.

3.3 Outras emanacións e proxectos de interese relacionados coas augas termaltes

Neste traballo centrámonos en dous ámbitos determinados, que como xa comentamos, consideramos que son os epicentros do futuro desenvolvemento termal sobre os que pivota o desenvolvemento da cidade de Ourense, como son As Burgas e As Caldas. Non obstante, existen outros puntos de interese relacionados coas augas termaltes, que non tendo a consideración do que podemos denominar establecementos balnearios⁵² están formados por outro tipo de instalacións situadas principalmente en espazos abertos, nas cales o uso principal da auga é con fins lúdicos e de ocio e que non cumprirían estritamente a lexislación sanitaria actualmente aplicable nesta materia. No caso de Ourense estaríamos falando das denominadas Pozas de Outariz, Burgas de Canedo, Muíño da Veiga e A Chavasqueira (tamén poderíamos incluír neste apartado a Piscina Termal das Burgas).

Estes espazos lúdicos contribuíron a crear un circuito termal ao longo da marxe dereita do río Miño, desde o extremo oeste da cidade de Ourense ata Outariz, que conxuga dous factores, por un lado un aproveitamento axeitado e comfortable destas augas que en moitos casos vertían directamente ao río e por outro lado a recuperación das marxes do río, gravemente deterioradas, ata que se realizaron estas actuacións.

A realización das distintas obras de adecuación destes puntos de afloramento, co fin de obter estes espazos, marcou o punto de inflexión no que se refire á posta en valor das augas termaltes na cidade de Ourense.

52 Sendo de aplicación o establecido na Lei 5/1995 de 7 de xuño de regulación das augas minerais, termaltes, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A primeira actuación realizouse no ano 2001, na “Chavasqueira”, cunha construción de inspiración xaponesa para albergar vestiarios, cafetería e distintas piscinas termais de pedra ao aire libre. Ademais deste centro termal existen unhas termas exteriores moi próximas ao leito do río. A través do paseo peonil do río atopámonos co denominado “Muíño da Veiga” cunha gran piscina termal ao aire libre e unha grande área recreativa aberta ao público desde o 2006. No ámbito de Outariz, destacamos as “Pozas de Outariz”, abertas desde abril de 2006, compostas por tres áreas diferenciadas, cada unha cunha terma de pedra natural, a diferente temperatura. Próximas a estas e abertas desde o ano 2007 atópanse as “Burgas de Canedo”, tamén compostas por tres pozas diferenciadas. Ambas as dúas pozas están situadas dentro dunha grande área recreativa.

A maiores, aínda que non entrarían dentro do grupo que denominamos instalacións de ocio e con fins lúdicos, debemos salientar a Estación Termal Balneario de “A Chavasqueira”, aberta desde o ano 2008 e tamén inspirada na arquitectura xaponesa.

Outro futuro proxecto a destacar, que entendemos que complementaríase o desenvolvemento formulado na zona das Caldas ligado cos distintos ámbitos do río que acabamos de comentar, é a denominada “Ronda Termal”. A devandita ronda, unirá a cidade co futuro Centro de Interpretación dos Parques Naturais, actualmente paralizado, pasando por todas as áreas termais da marxe dereita do río Miño. Crearase unha vía-parque cun tráfico limitado e a velocidade moi restrinxida e vías peonís, para mellorar o fluxo cara as termas, hoxe cortado pola barreira da N-120.

Esta ronda termal será posible tamén grazas á elaboración, por parte do Ministerio de Fomento, dos estudos necesarios para a remodelación do ramal norte da estrada N-120 e a súa reconversión nunha travesía urbana (ao seu paso polo barrio do Pino), contemplando mesmo a posibilidade de retomar o dobre sentido de circulación por este tramo. Todo iso pasa por transferir ás competencias municipais o tramo urbano da N-120.

O compromiso para a execución da ronda termal asinárono en novembro de 2011 o Concello de Ourense e o ministro de Fomento. O Concello xa aprobou o anteprojecto e encargou a redacción do proxecto.

4 Ourense termal. Lugar que ocupa

Como xa se veu explicando ao longo deste traballo, Ourense non só está relacionado coas augas termais, senón que a súa orixe e un dos motivos fundamentais da súa exacta ubicación, é a existencia das devanditas emanacións. Os últimos descubrimentos arqueolóxicos dan fe da importancia que tiñan estas augas xa en épocas prerromanas, como lugar de culto e devoción. Ao longo dos séculos, estas mesmas augas fóronse utilizando e aproveitando con outros fins, como os curativos e hixiénicos, tendo o seu máximo auxe a finais do século XIX, principios do século XX. Todo iso axudou a crear un patrimonio físico e cultural relacionado coas augas termais que se transmitiu ata os nosos días.

Se ben é certo que todo ese patrimonio sufriu un estado de abandono e desprotección ata hai relativamente poucos anos. É a partir dos anos oitenta cando se empeza a ter conciencia do verdadeiro potencial que teñen estas augas, xa non só desde un punto de vista histórico e patrimonial, senón como fonte xeradora de riqueza en todos os aspectos.



Nos últimos anos, a conciencia de que as augas termais son unha oportunidade de desenvolvemento ambiental e económico deu lugar a varias iniciativas neste sentido na cidade de Ourense. Este traballo viuse recoñecido polo Parlamento Galego, que o 14 de maio de 2008 declarou Ourense Capital Termal.

O Plan Estratéxico de Termalismo do Concello de Ourense, PET.OU, aprobado polo Pleno do Concello de Ourense no ano 2007, ten como obxectivo o deseño dun novo modelo de cidade, a partir dos recursos termais, para conseguir unha mellor calidade de vida dos seus cidadáns e un desenvolvemento sostible e viable. Propón a conservación deses recursos, a súa posta en valor con outros recursos asociados, naturais e culturais, articulando todo isto cos servizos e equipamentos axeitados para crear unha marca diferenciadora. Así mesmo, o devandito Plan non só se centra en Ourense senón que contempla unha vista territorial máis ampla, con relacións con outros puntos estratéxicos que gardan relación con este ben endóxico.

O Plan Estratéxico Termal indica na memoria a grande importancia dos mananciais existentes e a súa potencialidade, enumera os mananciais por áreas e sinala: Área de Outariz, de Alongos-Reza, do Tinteiro-A Chavasqueira, das Burgas, de Mende, e a área Sur. Dentro da área das Burgas: As Burgas Alta e Baixa, Casa de Baños, Outeiro Balnario, Cárcere, Colexio HH Josefinas, Rúa Villar e Pombeiro.

Este gran potencial acuifero e de mananciais ofrece unha oportunidade de transformación arredor da área central das Burgas, como motor do cambio que como figura nunha das conclusións do Plan Estratéxico será a “renovación urbana, cidadá, social e económica, con rehabilitación e reciclaxe territorial como estratexia prioritaria..., coa aptitude de buscar unha identidade”.

Desde o ano 2003 vense celebrando en Ourense o encontro de Cidades Termais, co obxecto de crear unha rede de urbes que poidan traballar conxuntamente a prol dunha visión do Patrimonio Balneario Europeo como instrumento de cohesión e desenvolvemento sostible.

Ourense forma parte da Asociación Europea de Cidades Históricas Termais (EHTTA), recoñecida polo Consello da Unión Europea e integrada nunhe orixe polas cidades de Vichy, Spa, Bath, Acquiterme, Salsomaggiore e Ourense (sendo esta a única cidade española dentro desta asociación). Ao mesmo tempo tamén está formando parte do Itinerario Cultural Europeo das Cidades Históricas Termais desde o ano 2010. A ruta cultural europea das cidades termais está composta por Techirghiol (Rumanía), Karlovy Vary (República Checa), Bath (Reino Unido), Spa (Bélgica), Chaves, Vichy e as italianas Acqui Thermi, Salsomaggiore e Bagni di Lucca. O termalismo continental, partindo dos recursos naturais e culturais, crea espazos arquitectónicos e urbanos de gran valor cultural, que hoxe se converteron no Patrimonio Balneario Europeo.

Destacar tamén o futuro proxecto entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense, que suporá a posta en marcha dun Plan Estratéxico de Promoción do Turismo Termal. Nunha primeira fase, a iniciativa consistirá no inventariado dos recursos e axentes termais existentes en toda a provincia. En base a eses datos redactarase un plan director que, detallará propostas concretas en materia de instalacións, equipamentos e actividades e finalmente, ese documento presentarase aos distintos operadores públicos e privados en prol de involucrar aos distintos axentes no impulso do termalismo.

As propias DOT, instrumento de carácter global, creado e regulado pola Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia (LOTG), establecen dentro dos seus obxectivos principais os de *“consolidar a identidade e singularidade das cidades e vilas de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva”* así como *“activar procesos de renovación e dinamización de espazos deteriorados ou en declive e de ámbitos singulares como os centros históricos”*. Cando se describe Ourense nas DOT destácase a importancia desta cidade como centro termal, un dos elementos con maior potencial de atracción da cidade, podendo incrementar este potencial creando unha oferta máis unificada que incorpore outros espazos balnearios da súa área de influencia. Polo tanto, son as propias Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, as que establecen o desenvolvemento termal como un dos eixes principais sobre o que pivotar o desenvolvemento da cidade de Ourense.

Todo o que comentamos ata agora, a estratexia a seguir no desenvolvemento urbanístico da cidade, ligado ás augas termais como novo modelo de cidade, a conservación e posta en valor destes recursos termais, relacionándoos con outros bens patrimoniais de carácter histórico e cultural, a renovación das áreas de influencia dos devanditos recursos e estar formando parte dun itinerario ligado a un Patrimonio Balneario Europeo, colocan á cidade de Ourense nun camiño acertado, ao noso entender, e que pode dar os seus froitos nun período curto de tempo.

5 Conclusións

As augas termais de Ourense son un recurso natural dun valor incalculable que xa se explotaban en tempos prerromanos e que ao longo da súa historia crearon un patrimonio histórico e cultural que se transmitiu ata os nosos días. A explotación destas augas tivo o seu esplendor a finais do século XIX, principios do século XX, pero posteriormente sufriron un estado de aletargo e de abandono que non se corresponde coa potencialidade que delas emanan. Centrémonos en dous ámbitos moi concretos por considerar que son os máis importantes, As Burgas e o seu contorno máis inmediato, no que destacamos principalmente As Burgas, a Casa de Baños do Outeiro e a Moderna Casa de Baños, e a zona das Caldas e o seu contorno máis inmediato, onde destacamos a Fonte do Tinteiro e a Casa de Baños de Santiago das Caldas xa desaparecida.

Durante este traballo quixemos ter unha visión de como se recolleu e que tratamento se lle deu a este rico patrimonio termal ao longo dos distintos planeamentos que estiveron vixentes, tanto no que respecta ás propias emanacións de auga como ás edificacións que foron xurdindo ao longo dos anos para o aproveitamento destas. Así mesmo, detivémonos en analizar as actuacións que se levaron a cabo nestes dous ámbitos tan significativos respecto a este patrimonio termal e ás distintas edificacións que conforman a súa área de influencia, e sacamos as seguintes conclusións:

- Tanto no Plan Xeral de 1961 como o Plan Parcial que o desenvolveu, o de 1964, só recollía as augas termais na memoria de información no apartado de hidrografía como puntos de surxencia e aparecen as Burgas e as Termas das Caldas como edificios singulares de carácter histórico-artístico, pero sen unha ordenanza específica para estas edificacións e sen ningún tipo de protección para as augas en si e para o

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

aproveitamento das mesmas. Ademais, ao clasificar o ámbito das Caldas como unha zona industrial, permitiuse levar a cabo a construción de distintas naves industriais e equipamentos sen ter en conta en ningún momento a protección ou conservación das augas termaltes e o seu aproveitamento, polo que podemos afirmar que estamos ante un Plan moi pouco proteccionista e moi flexible ao respecto.

- O Plan Xeral de 1984 tivo moi pouca influencia nestes dous ámbitos, debido principalmente á curta vixencia deste Plan unida á suspensión preventiva de distintos sectores, durante parte da súa vixencia. Isto permitiu a protección do ámbito das Caldas dun desenvolvemento urbanístico residencial, que de terse producido, o tería comprometido de cara a propostas presentes relacionadas co termalismo como eixe principal. Non obstante, e amparado neste Plan Xeral, destacamos o proxecto de remodelación do ámbito das Burgas, que permitiu revalorizar este espazo tan degradado nese momento.
- É a partir do Plan Xeral de 1986 cando se empeza a ter conciencia da importancia da protección e da posta en valor dos recursos termaltes e das súas áreas de influencia. O propio Plan xa recolle dentro do Catálogo de Patrimonio Cultural, As Burgas e As Caldas como mananciais mineiro-termaltes e dótaas dun grao de protección ao prohibir toda actuación ou edificación nun radio de 150 m. arredor dos mananciais, sen a autorización expresa da Comisión Municipal previo informe favorable da de Patrimonio Provincial.
- Así mesmo e por estar As Burgas dentro da delimitación da zona antiga de Ourense, o propio Catálogo clasifícaaas como Zonas e Monumentos Histórico-Artísticos Nacionais coa protección que iso leva consigo. Non obstante, e malia estas medidas proteccionistas sobre a zona histórica, onde se atopan situadas As Burgas, é o propio Plan o que establece a necesidade de elaborar un Plan especial como figura de Planeamento axeitada para resolver a problemática urbanística e arquitectónica deste conxunto a fin de garantir a preservación, conservación e posta en valor do mesmo.
- Este Plan de 1986 tamén recolle a zona das Caldas dentro do “Plan Especial de Protección das Beiras do Río Miño”, dándolle a importancia que ten para a cidade a recuperación da marxe dereita do río Miño, ordenando este espazo de cara a obter un enorme lugar de recreo, potenciando e garantindo a conservación do seu enorme valor paisaxístico e natural. Así mesmo, programa unha zona verde de protección das fontes termaltes e tamén se establece un equipamento comercial no actual Campo da Feira e nas súas inmediacións. Observamos claramente que estamos ante un cambio de visión completa respecto a planeamentos anteriores e empézase a ter conciencia da importancia da protección das fontes termaltes e do cambio de usos que se debe levar a cabo, para substituír o uso industrial, predominante na zona, por outros usos máis acordes e que protexan e dean valor ás augas termaltes.
- A aprobación e entrada en vigor do PERI de 1986 supuxo a protección do patrimonio urbano, establecendo normas e fórmulas para os procesos de renovación urbana e evitar a degradación da zona antiga. Concretamente na zona de influencia das Burgas, estes procesos de renovación víronse amparados por distintos proxectos levados a cabo mediante convenios entre Administracións, que permitiron a mellora do espazo urbano deste ámbito, dando así cumprimento á necesidade da intervención da

Administración como motor fundamental para renovar e potenciar estes ámbitos, a través de distintos instrumentos ao alcance da súa man.

- A modificación puntual do PXOU de 1986 para posibilitar a implantación dun complexo termal-hotel balneario privado no ámbito comprendido entre a Ponte Murallón e o leito do río Barbaña, onde se localizaba a antiga “Casa de Baños La Moderna” e os edificios ligados a esta explotación, conxuntamente co desenvolvemento e actuacións posteriores realizadas, consideramos que supuxo un grave dano a este ámbito, sobre todo porque posibilitou a demolición dos restos deste balneario tan emblemático.
- O Plan Xeral de 2003 non supuxo un cambio no ámbito de influencia das Burgas xa que incorporaba a ordenación desta modificación puntual, mediante un API, pero si supuxo un cambio no aproveitamento das augas termais na zona das Caldas xa que este Plan percibe a potencialidade desta zona, vinculada coa existencia de distintos mananciais dentro dun marco incomparable como é a beira do Miño, para tratar de implantar distintos equipamentos enfocados a usos dotacionais, asistenciais e hoteleiros vinculados ao termalismo, así como obter grandes espazos de ocio e desfrute para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Ourense. Este enfoque mantense neste ámbito malia a anulación do PXOM DE 2003, debido a que se establece como ordenación provisional a do mesmo PXOM de 2003, con todas as determinacións incluídas no Planeamento de desenvolvemento.
- A declaración de Ben de Interese Cultural, con categoría de Sitio Histórico, ao conxunto das fontes termais de “As Burgas” e ao seu contorno delimitado mediante o Decreto 17/2007, de 8 de febreiro, marca un punto de inflexión en todo este ámbito tan estreitamente relacionado coas augas termais. O Plan Especial de Protección deste BIC, aprobado no ano 2012, é o instrumento que ordena e establece a protección e a posta en valor da riqueza arqueolóxica e termal de todo este conxunto e que propón a creación de novo e estratéxico equipamento urbano como proxecto conxunto da Antiga Casa de Baños la Moderna e os Baños de Outeiro, co termalismo como motor fundamental.

Como conclusión de todo o anteriormente exposto, podemos dicir que os primeiros plans foron moi flexibles e moi pouco proteccionistas no referente ás augas termais e ao aproveitamento das mesmas e que é a partir do Plan de 1986 cando se empeza a captar a verdadeira potencialidade que teñen os recursos naturais e culturais relacionados coas augas termais e que cómpre protexelos e poñelos en valor como fonte xeradora de riqueza. Non obstante, observamos como tamén houbo lagoas, que permitiron levar a cabo actuacións que danaron unha pequena parte deste patrimonio termal.

Tamén podemos extraer como conclusión que unha política proteccionista e conservacionista do patrimonio e dos recursos naturais relacionados coas augas termais, dentro dos ámbitos expostos neste traballo, así como unha restrición dos usos que deles se poden facer, permitiría salvagardar e manter estes recursos no tempo, pero a non valorización destes ámbitos, íntima e inseparablemente ligados coas augas termais, impediría ordenar e xestionar os mesmos en prol de obter un novo modelo de cidade, que cree novas oportunidades e maior capacidade competitiva respecto a outros centros de interese.

Regap



ESTUDOS E NOTAS

Debemos saber cara onde queremos ir e ordenar a cidade e o territorio, recoñecendo a identidade do lugar, protexendo os seus valores intrínsecos. Por iso entendemos que é imprescindible poñer todos os medios dispoñibles na elaboración dunha axeitada ordenación da cidade e do territorio, establecendo as prioridades para levar a cabo as correctas actuacións, protexendo e potenciando os recursos, co fin de obter espazos que sexan atractivos e vitais e melloren a calidade de vida dos cidadáns e da cidade. É imprescindible o desenvolvemento mediante propostas que recuperen e revaloricen o patrimonio natural e cultural relacionado coas augas termais, como factor de atracción global do territorio e activo básico da cidade.

Na actualidade a estrutura socio-económica está moi danada e polo tanto os impulsos e actuacións que se están levando a cabo na cidade de Ourense para ordenar o espazo, protexendo e potenciando o patrimonio natural e histórico relacionado coas augas termais co fin de obter os máximos beneficios, tanto desde un punto de vista urbanístico como social, é un camiño acertado. Agora ben, debemos facer unha reflexión e analizar se estas actuacións, que contribúen a mellorar a vida dos cidadáns e a potenciar a cidade, pero que á vez son altamente custosas tanto desde o punto de vista da administración como das empresas privadas, son co tempo actuacións sostibles. Non só se debe ordenar a cidade para obter estes espazos, senón que hai que saber como se xestionarán e contar cos recursos necesarios para que sexan sostibles no tempo. Harmonizar a conservación e o desenvolvemento destes ámbitos é un obxectivo fundamental para acadar un crecemento axeitado e sostible, xestionando axeitadamente os recursos naturais e valorizando a riqueza natural de Ourense.

As administracións comezaron a descubrir o verdadeiro valor dos recursos mineiro-medicinais, ligados ao patrimonio termal, como instrumento para a creación de riqueza. A estratexia a seguir no desenvolvemento urbanístico da cidade, ligado ás augas termais como novo modelo de cidade, a conservación e posta en valor destes recursos termais, relacionándoos con outros bens patrimoniais de carácter histórico e cultural, a renovación das áreas de influencia dos devanditos recursos e estar formando parte dun itinerario ligado a un Patrimonio Balneario Europeo, colocan á cidade de Ourense nun camiño acertado, ao noso entender, e que pode dar os seus froitos nun período curto de tempo.

6 Bibliografía

CONCELLO DE OURENSE (1999). Ourense, Casco Histórico. Onte e hoxe 1996-1999.

CONCELLO DE OURENSE (2003). Ourense, o Casco Histórico. Un Proxecto común 1996-2003.

CONCELLO DE OURENSE (2004). Ourense un Proxecto común. Rehabilitación restauración e protección do patrimonio cultural e medio ambiental da cidade histórica.

CONCELLO DE OURENSE (2011). As Burgas, Ourense, Ben de Interese Cultural.

EGUILETA, JOSE MARÍA (2012). Auga, Deuses e Cidade. Escavacións arqueolóxicas nas Burgas (Ourense). As Burgas na cidade galaicorromana.

FERRO COUSELO, XESÚS (1955). Visión urbanística do Ourense antigo. A cidade nas súas orixes e o seu desenvolvemento ata o século XIX.

- GÓMEZ DE BEDOYA, PEDRO (1764). Historia Universal de las Fuentes Minerales de España.
- LIMÓN MONTERO, ALFONSO (1697). Espejo Cristalino de las Aguas de España.
- LÓPEZ CARREIRA, ANSELMO (1998). O Reino de Galiza.
- LÓPEZ CUEVILLAS, FLORENTINO (1934). Como nasceu a cidade de Ourense.
- MARTÍNEZ RISCO, VICENTE (1922). Geografía General del Reino de Galicia.
- MINISTERIO DE HACIENDA (2001). Programa iniciativa comunitaria URBAN, Ourense 2001-2006.
- PEREZ LOSADA (2002) Entre a cidade e a aldea. Estudo arqueohistórico dos “aglomerados secundarios” romanos en Galicia, en Brigantium, vol. nº 13.
- PRECEDO LEDO, ANDRÉS (1991). Orense, Centro de Equilibrio.
- RODRÍGUEZ CAO, CELSO (2012). Auga, Deuses e Cidade. Escavacións arqueolóxicas nas Burgas (Ourense). As Burgas de Ourense, Contexto Histórico-Arqueolóxico.
- RODRÍGUEZ MÍGUEZ. Ourense Termal. Secretaría Xeral de Turismo. Xunta de Galicia.
- SOMOZA MEDINA, XOSÉ (2002). Ourense, a cidade no tempo e no espazo.
- SOMOZA MEDINA, XOSÉ (2010). Historia de Ourense.

regap



ESTUDOS E NOTAS

7 Anexos

Anexo ao apartado 2.0



A piscina romana, do século I d. C., de planta posiblemente rectangular e que estaría cuberta cunha bóveda de canón, satópase parcialmente escavada sobre a coñecida Casa dos Fornos. De pavimento interior granítico e con catro chanzos no lado menor, ocuparía un espazo central a través do cal, se accedería a outras dependencias onde se depositarían os exvotos epigráficos exhumados neste complexo.



Alguns dos epígrafes dedicados a Revve Anabaraego





Fotografía xeral das Burgas e das fachadas da rúa Villar e Cervantes


Regap




ESTUDOS E NOTAS



En 1697 publicase a grande obra do médico Alfonso Limón Montero “Espejo Cristalino de las aguas de España” na que hai unha alusión especial ás Burgas e en 1764 publicase a obra do médico Pedro Gómez de Bedoya “Historia Universal de las Fuentes Minerales de España” na que se fai unha referencia ás augas termais da cidade de Ourense



Proxecto do “Gran Balneario das Burgas “. Pedro García Faria (Obras Municipais 1925. AMOu).



regap




ESTUDIOS E NOTAS

Plano do Proxecto do arquitecto Daniel Vázquez Gulías da Casa de Baños do Outeiro



Fotografía da Casa de Baños do Outeiro



Baños do Outeiro (AHPOu. Municipal)

Casa de Baños El Outeiro

ORENSE, Calle del Progreso, núm. 29; Teléfono núm. 343

Propietario: Patricio Martín Sánchez

Estas aguas medicinales gozan de un crédito limitado, siendo recomendadas por toda la clase médica por sus maravillosos efectos en la curación del REUMA ARTICULAR, CRÓNICO Y AGUDO, ARTRITISMO EN TODAS SUS FORMAS y múltiples ENFERMEDADES DE LA PIEL.

Las habitaciones de los baños, chorros y duchas, además de ser amplias y ventiladas, están completamente cerradas, estando el baño aislado de toda mirada indiscreta.

El edificio de estas TERMAS cuenta con jardines, bosque y amplios salones de descanso y lectura para el servicio de los señores visitantes.

Los baños de aseó de EL OUTEIRO producen verdadero deleite, porque solamente se emplean las aguas minerales de sus manantiales, estando esto bien probado debido a que en este edificio NO EXISTEN MOTORES NI TUBERÍA PARA EXTRAER AGUA DE LA BURGIA, siendo ello una garantía para el público, y debido a esto lo más selecto de la sociedad orensana, concurre a curarse con las célebres aguas de sus manantiales y disfrutar de las comodidades que ofrece la

CASA DE BAÑOS DE EL OUTEIRO

Situada en ORENSE, calle del Progreso número 29.

Publicidade de Baños do Outeiro (La Región 1926-1927)



En primeiro termo, ao lado da ponte Murallón, antigo edificio do matadouro, lavadoiro e Casa de Baños. Fotografía da fachada da Casa de Baños La Moderna

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Casa de Baños "La Moderna,"
 TEMPERATURA DE 25 A 26 GRADOS
 Calle del Progreso, Puente de las Burgas
 Teléfono número 355 - ORENSE
 Propietario: **ROSENDO VARELA**



Estas aguas medicinales gozan de crédito muy antiguo y son recomendables por toda la clase médica y pacientes por sus maravillosas efectos en la curación del Reuma articular, crónico y agudo, Artrismo en todas sus formas y múltiples enfermedades de la piel. Este Establecimiento, construido para este especial objeto, ha sido dotado de todos los adelantos modernos que la ciencia médica aconseja.
 Baños; los cuartos de las Damas y Niños son amplios y muy ventilados.
 Las aguas de este Establecimiento empleadas también como baños de asiento no tienen rival siendo dadas a que no se emplean más que las propias de sus manantiales que se bailan a la vista del público.

VISITE ESTA CASA Y SALDRA ALTAMENTE SATISFECHO


Casa de Baños "La Moderna,"
 TEMPERATURA DE 25 A 26 GRADOS
 Calle del Progreso, Puente de las Burgas
 Teléfono número 355 - ORENSE
 Propietario: **ROSENDO VARELA**



Estas aguas medicinales gozan de crédito muy antiguo y son recomendables por toda la clase médica y pacientes por sus maravillosos efectos en la curación del Reuma articular crónico y agudo, Artrismo en todas sus formas y múltiples enfermedades de la piel. Este Establecimiento, construido para este especial objeto, ha sido dotado de todos los adelantos modernos que la ciencia médica aconseja.
 Construido además con sus salas, baños y amplios salones para recreo de los señores Baños; los cuartos de las Damas y Niños, son amplios y muy ventilados.
 Las aguas de este Establecimiento empleadas también como baños de asiento no tienen rival siendo de las que no se emplean más que las propias de sus manantiales que se bailan a la vista del público.

VISITE ESTA CASA Y SALDRA ALTAMENTE SATISFECHO

Anuncio da Casa de Baños La Moderna na Región de 1926



Distintas fotografías do lavadoiro das Burgas, situado preto da Moderna Casa de Baños



Gravado na Ilustración Española y Americana, 1878



Imaxe do Balneario das Caldas


Regap




ESTUDOS E NOTAS




Plano de Información nº VI. Plan parcial de 1964



Plano de ordenación. Pan Xeral de 1984




Proxecto de remodelación do ámbito das Burgas do ano 1986 do arquitecto Xosé Manuel Casabella



Plan xeral de 1986 onde se delimita o PERI do Casco Antigo de Ourense



Área protexida do Catálogo do Patrimonio Cultural do PXOU de 1986. Neste caso prohibese toda actuación ou edificación nun radio de 150 m. arredor dos mananciais, sen a autorización expresa da Comisión Municipal previo informe favorable da de Patrimonio Provincial



Na análise urbanística deste PERI de 1986, detállase como elemento visual a corrixir, para potenciar o ámbito das Burgas, o pano que conforman as fachadas traseiras da rúa Cervantes



Así mesmo, este PERI establece no ámbito máis próximo ás Burgas, unha unidade de execución, denominada UE-2, formada pola prolongación de terreos dos edificios que conforman as rúas Cervantes, Villar, Burga e Baño, e delimitados polo oeste polo muro do colexio das Josefinas



Regap




ESTUDOS E NOTAS



Centro de Interpretación das Burgas, urbanización, musealización e axardinamento do ámbito existente nas traseiras da rúa Villar



Piscina Termal na Burga do Medio



regap




ESTUDIOS E NOTAS

Plano de Ordenación do Plan Especial de Protección do BIC con categoría de sitio histórico do conxunto “Fontes Termiais das Burgas e o seu contorno delimitado”



Vista aérea de ámbito do Plan Especial de Protección do BIC


Anexo ao apartado 3.2



Planos de información e de ordenación do Plan Parcial de 1964. Obsérvase a zona das Caldas, clasificada como zona industrial



Plan Xeral de 1984, que clasificaba este espazo como SU-23 dividido en 8 bloques, dentro dos cales os que nos interesan estudar para este traballo, serían o bloque nº 2, que se correspondería co actual APR 02-N, os bloques nº 1, 7 e 8 que se corresponderían co actual AR 36-N, e o bloque nº 6 que se correspondería coa actual zona 5 do SU-46




regap



ESTUDIOS E NOTAS


Plano de Ordenación de P.X.O.U de 1986, onde se engloba a zona das Caldas dentro “Plan Especial de Protección das Beiras do Río Miño”. Este Plan recolle por primeira vez a importancia que ten para a cidade a recuperación da marxe dereita do río Miño, ordenando este espazo de cara a obter un enorme lugar de recreo e pasatempo e á súa vez potenciando e garantindo a conservación do seu enorme valor paisaxístico e natural. Así mesmo programárase unha zona verde de protección das fontes termais



Modificación Puntual da Zona 5 do SU-46 do Plan Xeral de 1986, realizada no ano 2000. Ámbito onde se situaba o antigo balneario de Santiago das Caldas



Plano de Ordenación do Plan Xeral do ano 2003. API 01-N (Área de Planeamento Incorporado, denominada “Balneario das Caldas”), AR 36-N (Área de Reparto, denominada “Campo de Santiago”) e APR 02-N (Área de Planeamento Remitido, denominada “As Caldas”) todas elas clasificadas como solo urbano non consolidado



Ordenación do PERI do A.P.R. 02-N. Clasificado como un solo urbano non consolidado a desenvolver mediante un sistema de compensación. No devandito PERI contéplase a inclusión dentro deste ámbito de novos usos, como son distintos equipamentos dotacionais e asistenciais relacionados co termalismo e previstos no PETOU



Regap




ESTUDOS E NOTAS

Fotografías de distintas pozas existentes ao longo do circuito termal na marxe dereita do río Miño: Chavasqueira, Muíño da Veiga, Burgas de Canedo



Balneario de Outariz



Vista do Proxecto da futura Ronda Termal

Plan Boloña e estudos de dereito:
reflexións xurídicas e metaxurídicas
sobre un artificio político

Plan Bolonia y estudios de derecho: reflexiones jurídicas y metajurídicas sobre un artificio político

Plan Bologna and studies
of law: legal and metalegal
reflections on a political artifice

45
Regap

MANUEL J. SARMIENTO ACOSTA
Profesor titular da Universidade de
Dereito Administrativo da ULPGC (España)
msarmiento@ddp.ulpgc.es

Recibido: 07/05/2012 | Aceptado: 05/06/2014

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Resumo: O chamado Proceso de Boloña supón unha modificación moi importante para o ensino universitario. Tanto a metodoloxía docente coma os contidos das materias víronse modificados. Tamén se incrementou a burocracia. No caso da carreira de Dereito, a súa aplicación práctica xera serios problemas que o lexislador non resolveu coa eficacia necesaria. Estes problemas, ademais, agraváronse con ocasión da forte crise económica que azouta o país.

Palabras clave: Universidade pública, Proceso de Boloña, Grao en Dereito, Crise económica.

A iniciativa lexislativa non governamental atribúese aos deputados e aos grupos parlamentarios en clara confrontación co texto do artigo 13 apdo. 1º do Estatuto de Autonomía que a fai residir nos deputados e o Parlamento. Esta discordancia ten sido posta de manifesto pola doutrina que demanda a necesidade dunha modificación regulamentaria para facer coonestables ambos os dous textos. Algún autor entende tamén que sería preciso atribuír iniciativa lexislativa ás entidades locais dun xeito similar ao que se prevé noutras comunidades autónomas, desde o meu punto de vista a práctica autonómica non botou de menos esta iniciativa que non parece por outra banda estritamente necesaria desde o punto de vista da “enxeñería estatutaria”, e que podería provocar problemas pola configuración territorial do poder político na nosa Comunidade.

A xurisprudencia constitucional (STC 124/1995 entre outras) destacou a dobre natureza das proposicións de lei:

1. como participación na potestade lexislativa da Cámara e
2. como instrumento ao servizo da función representativa característica de todo Parlamento.

Este “carácter bifronte” fai que, con independencia de que a iniciativa prospere ante o Pleno, o seu só debate cumpra unha función moi importante, a de permitir aos cidadáns representados ter coñecemento do que os seus representantes pensan sobre unha determinada materia.

Ao carón da iniciativa parlamentaria atópase a coñecida como iniciativa lexislativa popular. Trátase dunha modalidade que no actual “estado de partidos” non conta cunha aplicación excesiva e que máis ben atopa numerosos obstáculos para obter os seus obxectivos. O seu marco atópase

1. na Lei orgánica 3/1984 do 28 de marzo e
2. na Lei autonómica 1/1988 do 19 de xaneiro que se ven completadas coa referencia contida no artigo 124 do Regulamento parlamentario no tocante á participación da Mesa do Parlamento nese trámite lexislativo.

Limitándonos agora aos aspectos estritamente parlamentarios debemos de subliñar que a participación da Mesa da Cámara na cualificación das iniciativas lexislativas populares ten

sido obxecto de decisións por parte do Tribunal Constitucional nas que se subliña o carácter de control meramente formal da cualificación da Mesa superando pois a concepción tradicional que defendía a valoración sobre a constitucionalidade ou non da iniciativa por parte do órgano reitor da Cámara (así a STC 76/1994 do 14 de marzo recaída sobre a lei vasca de iniciativa legislativa popular). En uso destas previsións constitucionais e estatutarias a actividade legislativa da Cámara achega un resumo estatístico dos procedementos legislativos no ano 2013 seguinte:

Leis aprobadas	14
-----------------------	----

Proxectos de lei	
Presentados	15
Aprobados	14
Retirados	-
En tramitación	1

Proposición de lei	
Presentadas	15
Aprobadas	-
Rexeitadas	6
Retiradas	-
En tramitación	9

Proposicións de lei de iniciativa legislativa popular	
Procedentes da anterior lexislatura	5
Presentadas	4
Aprobadas	-
Rexeitadas	3
En tramitación	4
Non admitidas a trámite	2

Proposicións de lei ante o Congreso	
Presentadas	4
Aprobadas	-
Rexeitadas	3
En tramitación	1

Os proxectos de lei presentados son os seguintes:

- Proxecto de lei do transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.
- Proxecto de lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.
- Proxecto de lei de estradas de Galicia.
- Proxecto de lei do sistema universitario de Galicia.
- Proxecto de lei de fomento da investigación e a innovación de Galicia.
- Proxecto de lei de modificación da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.
- Proxecto de lei da galeguidade.
- Proxecto de lei de garantías de prestacións sanitarias.
- Proxecto de lei de inclusión social de Galicia.

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

- Proxecto de lei de caza de Galicia.
- Proxecto de lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Proxecto de lei de racionalización do sector público autonómico.
- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.
- Proxecto de lei de accesibilidade.

Dos quince foron aprobados catorce, o único proxecto de lei que está en trámite a decembro de 2013 é o Proxecto de lei de accesibilidade. Presentáronse quince proposicións de lei, das cales non foron tomadas en consideración seis, estando en tramitación en decembro de 2013 as seguintes:

- Proposición de lei, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular.
- Proposición de lei, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, de consultas populares en Galicia.
- Proposición de lei, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma de lei de eleccións ao Parlamento de Galicia.
- Proposición de lei, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais en Galicia.
- Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA) de modificación da Lei de ordenación da minaría de Galicia, relativa á prohibición do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro en Galicia e a constitución de garantías suficientes fronte ás indemnizacións por danos.
- Proposición de lei, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica a lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Bloque Nacionalista Galego, de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento.
- Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Bloque Nacionalista Galego, galega de fomento da corresponsabilidade.
- Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, do Consello Consultivo de Galicia.

Neste período de tempo tiveron entrada no Rexistro Xeral da Cámara catro proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular:

- Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, de medidas de prevención da corrupción política.

- Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia.
- Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galiza.
- Proposición de lei por iniciativa lexislativa popular para a reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, co fin de garantir a igualdade de voto dos cidadáns con independencia do lugar no que residan e para garantir o dereito de sufraxio pasivo, en igualdade de condicións, de todas as candidaturas.

Non foron admitidas a trámite dúas: a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, de medidas de prevención da corrupción política e a Proposición de lei por iniciativa lexislativa popular para a reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, co fin de garantir a igualdade de voto dos cidadáns con independencia do lugar no que residan e para garantir o dereito de sufraxio pasivo, en igualdade de condicións, de todas as candidaturas.

As proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular procedentes da anterior lexislatura foron cinco:

- Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a creación e regulación da Área Metropolitana de Vigo.
- Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, para a defensa e a promoción da sanidade pública.
- Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a confluencia do programa Preescolar na Casa e o ensino público galego.
- Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.
- Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galicia.

Destas proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular só foron tomadas en consideración dúas: a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a creación e regulación da Área Metropolitana de Vigo e a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, que xunto coa Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia e a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galicia son as catro proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular que están en trámite.

Tamén se presentaron catro proposicións de lei perante o Congreso dos Deputados:

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

- Proposición de Lei perante o Congreso dos Deputados, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de medidas urxentes en materia de execución hipotecaria.
- Proposición de Lei perante o Congreso dos Deputados, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, sobre a racionalización do réxime das deputacións provinciais.
- Proposición de lei perante o Congreso dos Deputados, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, relativa á tributación das pensións públicas percibidas por persoas emigrantes retornadas de Estados cos que existe convenio sobre dobre imposición.
- Proposición de lei perante o Congreso dos Deputados, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantir a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira.

Está en trámite esta última, as outras tres non foron tomadas en consideración.

IV Procedementos de impulso

Non existe no Regulamento parlamentario galego unha definición das proposicións non de lei. Serve para aproximarse ao seu concepto o artigo 160 que di que a través delas os Grupos Parlamentarios poden formular propostas de resolución á Cámara. Esta caracterización non as diferencia nidiamente das interpelacións senón por dous aspectos explicitados noutros lugares do Regulamento: os suxeitos que poden presentalas (exclusivamente os grupos parlamentarios) e o lugar no que se substancian (tanto no Pleno coma nas distintas comisións da Cámara).

Un paso máis adiante no perfil deste instrumento parlamentario vén dado polo contido da resolución da Mesa do Parlamento do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do Regulamento da Cámara que establece como propias das proposicións non de lei aquelas propostas de resolución formuladas, que conteñan declaracións de vontade dirixidas ao Goberno galego.

O resumo estatístico correspondente é o seguinte:

Proposicións non de lei en Pleno	
Presentadas	1.255
Rexeitadas	96
Aprobadas con modificacións	12
Aprobadas sen modificación	28
Retiradas	0
En tramitación	1.043

Proposicións non de lei en Comisión	
Presentadas	1.427
Rexeitadas	270
Aprobadas con modificacións	14
Aprobadas sen modificación	34
Retiradas	9
En tramitación	964

Mocións	
Presentadas	57
Rexeitadas	45
Aprobadas con modificacións	4
Aprobadas sen modificación	0
Retiradas	3
En tramitación	2

V Procedementos de control e información

O tratamento das interpelacións e preguntas presenta numerosos aspectos equiparables que as fan merecentes dunha análise conxunta. Primeiramente, a totalidade da Cámara non participa na substanciación destes instrumentos parlamentarios que, comunmente se desenvolven na dialéctica bilateral entre un deputado e o responsable gubernamental de que se trate.

O Regulamento do Parlamento galego atribúe tamén a esta unicidade procedemental unhas consecuencias semellantes previstas nos artigos 158 e 159. Neste sentido introdúcese a existencia da “questiontime” obrigando a que, nas semanas nas que exista sesión ordinaria do Pleno, se dediquen dúas horas como tempo mínimo ao tratamento das preguntas e das interpelacións.

Nunha orde de cousas similar facúltase aos órganos rectores da Cámara (presidente e Mesa) para dar un tratamento especial a certas preguntas e interpelacións. No caso do primeiro dos suxeitos, existe a posibilidade da acumulación e debate simultáneo destas iniciativas que, tratando do mesmo tema ou temas conexos entre si, se atopen incluídas nunha orde do día. No segundo dos supostos é a Mesa da Cámara a que, oída a Xunta de Portavoces, pode declarar non admisibles aquelas preguntas ou interpelacións que incorresen no previsto polo Regulamento da Cámara no seu artigo 105; a saber, que se conteñan palabras ou se manifesten conceptos ofensivos ao decoro da Cámara ou dos seus membros, das institucións do Estado e de Galicia ou de calquera outra persoa ou entidade.

O resumo estatístico correspondente é o seguinte

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Solicitudes de comparecencia	
En Pleno	
Presentadas	133
Tramitadas	30
Retiradas	0
En tramitación	103
En Comisión	
Presentadas	108
Tramitadas	88
Retiradas	1
En tramitación	79

Interpelacións	
Presentadas	596
Tramitadas	53
Retiradas	1
Aprazadas	1
En tramitación	542

Preguntas	
Orais en Pleno dirixidas aos membros da Xunta	
Presentadas	2.020
Tramitadas	85
Retiradas	0
Aprazadas	1
En tramitación	116
Orais en Pleno urxentes	
Presentadas	79
Tramitadas	56
Retiradas	0
Aprazadas	0
En tramitación	2
Orais en Pleno dirixidas ao Presidente da Xunta	
Presentadas	53
Tramitadas	51
Retiradas	0
En tramitación	2
Orais en Comisión	
Presentadas	3.186
Tramitadas	748
Aprazadas	24
Retiradas	14
En tramitación	159
Con resposta escrita	
Presentadas	1.916
Tramitadas	2.563
Retiradas	0
En tramitación	2.237

VI O Parlamento nas claves da formación e promoción do capital humano: as leis de universidades e de emprendemento

Sinalaba Darío Villanueva⁶¹ co gallo do estudo da relación entre estudos universitarios e empregabilidade que a Universidade non é responsable da empregabilidade dos seus estudantes e que cando se pon énfase niso estase deturpando o sentido xenuíno da institución universitaria como “casa de estudos e templo do saber”. Aínda recoñecendo a validez desa afirmación non cabe tampouco descoñecer a correlación que se adoita establecer

61 *No seu traballo introdutorio da monografía incluída no número 3 da Revista Galega de Emprego, Ed. Xunta de Galicia.*

entre a preparación e formación do capital humano e o bo funcionamento en termos de emprego da economía. Así podemos atopar durante o ano 2013 varias leis que vinculan estes tópicos e poñen de manifesto o relevo que o lexislador galego dá a esta temática nas súas actuacións.

A base competencial e os antecedentes legislativos

A lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema Universitario de Galicia define ás universidades como entidades, públicas ou privadas, con personalidade xurídica de seu dotadas de autonomía polo artigo 27.10 da Constitución española. O seu fin, de acordo co artigo 1 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, é prestar o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do artigo 31 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, asumiu a competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, consonte o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado a alínea 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

**A EDUCACIÓN:
COMPETENCIAS ADMINISTRATIVAS**

STC 184/2012 17 DE OUTUBRO: O ESTADO DEBE:

- DESEÑAR O MODELO DA EDUCACIÓN
- TODA A NORMATIVA SOBRE TÍTULOS É ESTATAL
- DESENVOLVEMENTO DO ART. 27 CE
 - PRINCIPIOS NORMATIVOS XERAIS e UNIFORMES
 - COMPETENCIA ESTATAL

ASPECTOS QUE GARANTAN:

- O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DOS PODERES PÚBLICOS
- A IGUALDADE DOS ESPAÑOIS NO EXERCICIO DOS DEREITOS

*Ver cadro conceptual Competencias Educativas
Cadro elaborado por Patricia Murias Gil, técnico de orientación CSHG-USG*

Tendo como referencia a daquela vixente Lei orgánica 11/1983, de reforma universitaria, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 11/1989, de ordenación do sistema universitario de Galicia, que transformou por completo o panorama do ensino universitario na nosa comu-

nidade coa creación das universidades públicas da Coruña e de Vigo e baseou o modelo na descentralización e regulou a distribución dos diversos centros universitarios, preexistentes e de previsible creación, nun total de sete campus repartidos entre as catro provincias.

O Parlamento de Galicia aprobou con posterioridade:

- a Lei 7/2001, do 2 de xullo, de control en materia de creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- a Lei 1/2003, de consellos sociais do sistema universitario de Galicia.
- a Lei 2/2003, do Consello Galego de Universidades.

O marco normativo a nivel estatal viuse completado nos últimos tempos con novos textos relevantes cuxos contidos foron considerados ao elaborar o presente texto, como é o caso da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, ou do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.

O capital humano e a formación universitaria

Di a exposición de motivos da lei de universidades que a educación, e en concreto a educación universitaria e a súa relación coa investigación e a innovación, desempeña, ademais, un papel fundamental:

- para o progreso tanto a nivel individual coma da sociedade no seu conxunto.
- para proporcionar o capital humano altamente cualificado e a cidadanía formada que Galicia necesita para xerar emprego, crecemento económico e prosperidade. Neste marco, as universidades son os axentes fundamentais para impulsar e manter o crecemento da nosa sociedade. Como sinala García-Montalvo⁶² o crecemento da nosa sociedade debe superar a idea estendida entre parte do noso empresariado acerca do exceso de universitarios e a enorme falta de titulados de FP.

A lei galega proclámase convencida de que en pleno século XXI débense aproveitar as vantaxes transformadoras das TIC (tecnoloxías da información e a comunicación) e outras novas tecnoloxías que enriquecen o ensino, melloran as perspectivas de aprendizaxe, apoian a aprendizaxe personalizada, facilitan o acceso mediante a aprendizaxe a distancia e a mobilidade virtual, racionalizan a administración e crean novas oportunidades de investigación. Trátase dunha asunción de ideas comúns na doutrina que reitera a comprobación de que, en case o 85% dos traballos revisados, o simple incremento dos orzamentos educativos non ten ningún impacto sobre os resultados obtidos polos estudantes⁶³.

Un aspecto destacado pola norma galega é a mobilidade, entendida como un dos piares en que se asenta o concepto de Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), leva consigo unha maior riqueza e a apertura a unha formación de máis calidade, por iso a lei defende que:

62 "Part II: Resultats de l'enquesta", en Generalitat de Catalunya (Ed.) *Catalunya futur: impulsem l'economia catalana*.

63 *Así o recolle Hanushek: "The failure of imput-based schooling policies". Economic Journal, 113, 2003.*

- debe fomentarse a nivel nacional e internacional.
- debe asentarse sobre unhas bases enraizadas no propio SUG.

Partindo desta premisa, a lei pon as bases para o fomento da mobilidade no propio sistema autonómico, tanto do estudiantado coma do persoal das universidades, facilitando o mellor aproveitamento dos recursos humanos con que conta a nosa comunidade, co fin de beneficiar o conxunto da comunidade universitaria galega, finalidade para a cal se contará coa vontade de colaboración das universidades integrantes do SUG.

Na lei o SUG mantén o compromiso da transformación do coñecemento xerado a través da investigación académica en valores sociais e económicos mediante accións que levan consigo unha actividade económica no proceso de relación coa sociedade ou a empresa. Pero tamén se destaca o compromiso coa responsabilidade social e o desenvolvemento sustentable mediante actividades universitarias que supoñen unha contribución social respecto de ámbitos como a cooperación ao desenvolvemento, a sustentabilidade ambiental, a integración e a accesibilidade, entre outras.

A educación superior mellora as posibilidades individuais e debería dotar aos titulados e ás tituladas dos coñecementos e das competencias transferibles básicas que necesitan para desempeñar con éxito profesións altamente cualificadas. Mais os programas de estudos moitas veces tardan en adecuarse ás demandas da sociedade, o que incide nos niveis de empregabilidade das persoas egresadas. A propia Comisión Europea recomenda a participación dos empregadores e das institucións do mercado de traballo na concepción e posta en práctica dos programas, o apoio aos intercambios de persoal e a inclusión da experiencia práctica nos cursos, para contribuír a adaptar os programas de estudos ás necesidades actuais e emerxentes e fomentar a empregabilidade e o emprendemento. Trátase en definitiva como sinalaron Tsang e Levin⁶⁴ de evitar situacións de sobrecualificación que derivan nunha menor produtividade respecto dos traballadores que teñen postos de traballo axustados ás súas cualificacións.

A cultura da avaliación da calidade, na cal xoga un papel esencial a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), que, desde a súa creación no ano 2001, desenvolveu o seu labor de garante da calidade no noso sistema universitario é un aspecto esencial para a nova lei galega.

As competencias de ordenación e coordinación das universidades integrantes do SUG.

Define o marco en que se desenvolverá o ensino superior universitario no territorio da comunidade para procurar, con escrupuloso respecto á autonomía universitaria, adecualo ás demandas do noso tempo e xerar maiores niveis de desenvolvemento e benestar.

A norma destaca, así mesmo, o protagonismo de órganos imprescindibles para facer posible o Sistema Galego de Universidades, en concreto:

- o Consello Galego de Universidades.
- a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

64 "The economics of over education", *Economics of Education Review*, 4, 2, 1985, páxinas 93 a 104.

- os consellos sociais de cada unha das universidades.

Todos eles, actuando en exercicio das funcións que a lei lles confire, contribúen á construción dun sistema forte, moderno, competitivo e de calidade.

Pero o fortalecemento do sistema non será posible sen o labor das propias universidades, que, coa autonomía que lles é propia, en exercicio da súa corresponsabilidade deberán crear un contorno de colaboración mutua, unificando esforzos para acadar obxectivos que lles son comúns⁶⁵. Neste senso, a lei prevé a creación dunha nova figura xurídica, o consorcio interuniversitario, que afonda no papel impulsor das universidades, comprometidas coa sociedade da que forman parte indisoluble.

O SUG aspira a mellorar os seus niveis de calidade e internacionalización, nun continuo proceso de modernización, o que esixe contar cunha regulación global e sistemática no eido do ensino universitario da nosa comunidade autónoma.

O concreto contido normativo da lei

O título I, «Da ordenación do Sistema Universitario de Galicia»:


- define e potencia os principios aos que responden a actividade e a organización universitarias.
- reflicte as estruturas que poderán integrar as universidades.
- fixa os criterios para a creación e a implantación de novas titulacións e centros, tendo en conta principios de descentralización e equilibrio territorial.

A lei estrutura un sistema de ordenación en catro niveis: un para a creación⁶⁶ ou o recoñecemento de novas universidades públicas ou privadas, outro para que universidades de fóra do Sistema universitario galego poidan impartir títulos oficiais en Galicia, un terceiro para que universidades de fóra do Sistema universitario galego poidan ofrecer no noso territorio títulos non oficiais debidamente configurados de acordo coa normativa vixente nos seus lugares de orixe, e o último, que establece a fórmula para autorizar a impartición de titulacións oficiais na modalidade non presencial.

Así mesmo, a lei recolle a regulación da autorización de centros de universidades do SUG no estranxeiro, así como de centros de universidades estranxeiras en Galicia, en liña coa cada vez maior internacionalización dos estudos universitarios. Igualmente, contén previsións garantistas dos dereitos das posibles persoas beneficiarias do sistema, mediante a regulación da oferta de prazas e o distrito único ou o cesamento de actividades, encamiñadas a garantir os dereitos do alumnado afectado, e a reserva de denominación e publicidade, protexendo o sistema ante posibles abusos neste eido. Remata este título regulando un sistema de control no que se tipifican infraccións e as súas correspondentes sancións.

65 *Fenómeno, o da necesaria colaboración, sobre o que chamou a atención Teichler, U. no seu traballo: "Research on the relationships between higher education and the world of work: past achievements, problems and new challenges", Higher Education, 38, 169-190.*

66 *Hazelkorn, E.: "Growing Research-Challenges for Latedevelopers and Newcomers, Higher Education Management in Higher Education, OECD, Paris, 2003.*



Ver cadro conceptual sobre os niveis de actuación universitaria
 Cadro elaborado por Patricia Murias Gil, técnico de orientación CSHG-USG

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

O título II, «Da coordinación e da colaboración»:

- establece os mecanismos de fortalecemento destas logo de residenciar a competencia de coordinación na Xunta de Galicia.
- continúa coa regulación das funcións, da composición e do funcionamento do Consello Galego de Universidades, órgano fundamental para o seu exercicio. Para incrementar a calidade do asesoramento, intégrase nel a representación dos departamentos da Administración autonómica con competencias directamente relacionadas coa actividade universitaria, así como as figuras das persoas xerentes das universidades.
- prevese unha nova fórmula de colaboración entre as universidades públicas integrantes do SUG, que se articulará mediante o sistema dun consorcio interuniversitario.

O título III, «Da garantía da calidade universitaria», contén a regulación do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de modo que o exercicio das súas actividades se realice coas garantías axeitadas de independencia e profesionalidade que caracterizan as principais axencias de avaliación europeas. Complétase este título coa regulación da inspección de universidades, instrumento complementario como garante do efectivo cumprimento das disposicións legais que farán posible acadar os niveis de calidade desexados. Todos son aspectos de notable relevancia de cara a obter un bo rendemento institucional do ensino universitario pero non empecen en absoluto as investigacións que

teñen posto de manifesto os condicionantes persoais cara ao éxito da empregabilidade dos estudantes⁶⁷.

O título IV, «Dos consellos sociais das universidades públicas», incorpora e revisa contidos da Lei 1/2003, do 9 de maio, incidindo no fundamental papel deste órgano de goberno das universidades, mediante o cal a sociedade participa na institución universitaria a través de representantes das principais forzas sociais.

O título V, «Da comunidade universitaria», establécese e concrétase un amplo catálogo de liberdades, dereitos e deberes do persoal docente e investigador, do persoal de administración e servizos e máis do estudantado. Esta regulación, que complementa o disposto na Lei orgánica de universidades e no Estatuto do estudante universitario, incide, ademais, na promoción da mobilidade dos membros da comunidade universitaria como instrumento de fortalecemento do sistema, que poderán utilizar as institucións en exercicio da súa autonomía.

No título VI, «Da actividade universitaria: a docencia, a investigación e a transferencia de coñecementos», está dedicado á regulación dalgúns aspectos de planificación, fomento e calidade respecto das tres misións que, xunto coa actividade de estudo que as precede e sustenta, constitúen o fundamento da institución universitaria.

O articulado da lei péchase cun título VII, «Do financiamento das universidades do Sistema universitario de Galicia», establece un marco sólido para a necesaria planificación económica e financeira das universidades galegas, fixando os principios que rexerán o principal instrumento para este, que non é outro que o plan de financiamento.

Pola súa banda a lei 9/2013 do 19 de decembro de emprendemento e competitividade económica de Galicia establece a necesidade de que as administracións públicas traballen a prol de medidas concretas para fomentar o emprendemento e apoiar as persoas emprendedoras como axentes dinamizadores da economía en Galicia. Esta esixencia vén dada polo alto grao de representatividade das pequenas e medianas empresas, determinantes do crecemento económico e soporte para a creación de emprego.

A lei lembra que o acordo adoptado pola Mesa 2ª do diálogo social de Galicia establece que actualmente a sociedade galega padece unha tendencia progresiva á redución na creación de empresas e do autoemprego, agravada, con toda seguridade, pola presente crise. Esta redución no número de novas empresas e autoempregos entenden os seus membros que pode verse compensada en calidade no caso de que se aborden con éxito determinadas actuacións, entre outras as seguintes:

- Orientación dos esforzos emprendedores cara aqueles sectores onde exista un maior potencial para a creación de empresas, ben polas súas elevadas taxas de crecemento sectorial (sectores biotecnolóxicos, das novas tecnoloxías, etc.), ben polo seu carácter representativo da economía galega (sector da automoción, do naval, do turismo, etc.), ben por abordar actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego, das novas tecnoloxías ou de actividades de especial interese público, económico ou social.

67 Así o sinalan Frese e Fay, "Personal initiative and job change in a radical change situation". Poster presented at the 41 congress of Psychology, Dresden Germany, 1998.

- Fortalecemento da consideración da persoa emprendedora e do autoemprego nuns tempos difíciles en que o perfil da persoa que emprende un proxecto empresarial se converte, máis que nunca, no aspecto esencial do éxito da nova empresa.
- Resolución da problemática do acceso ao financiamento, especialmente na etapa de xestión da empresa a través de fórmulas como o capital semente e a posta en marcha a través do capital risco, etc.
- Dotación aos plans de negocios emprendedores e autoempregos dunha visión estratéxica que estableza como prioridade os mercados exteriores e a innovación.
- Mellora da coordinación entre as diversas entidades que traballan no eido do emprendemento e o autoemprego, provocando sinerxias que redunden positivamente nos servizos prestados ás persoas emprendedoras.

A Mesa propón mesmo determinadas actuacións como a creación dun programa integral de fomento do emprendemento e do autoemprego e da consolidación de novas empresas, consolidación e reforzo da Rede de Mentoring, servizos avanzados de financiamento para o emprendemento, rede de coordinación do fomento do emprendemento en Galicia.

A Comunidade Autónoma, coa presente lei, ofrecerá ao tecido produtivo galego unha resposta inmediata ás súas necesidades máis perentorias, a posta en marcha de novos mecanismos con medidas que, a curto ou a medio prazo, muden o panorama actual, e un conxunto de medidas que fomenten o espírito emprendedor, individual e colectivo, impulsen a posta en marcha e a consolidación de novas iniciativas emprendedoras e permitan a reestruturación de empresas que necesiten posicionarse en mellores condicións. En definitiva, apoio aos colectivos emprendedor e empresarial para que poidan actuar como catalizadores do crecemento da nosa economía.

A norma reflicte especificamente a contribución do emprendemento colectivo á dinamización económica, unindo obxectivos empresariais e sociais, e reforza o compromiso coa creación dunha maior conciencia pública sobre a súa realidade e potencialidades, a través do labor de fomento do cooperativismo e da economía social liderado pola Rede Eusumo.

As propostas recollidas na lei teñen en conta que o apoio ao emprendemento debe ser integral, é dicir, debe manterse durante todas as fases da actividade emprendedora: o emprendemento potencial, o nacente, a implementación e a consolidación.

En cada fase do emprendemento enfróntanse diferentes retos e dificultades. Nas fases previas á posta en marcha da empresa cómpre ofrecer capacitación empresarial, básica e avanzada, así como obradoiros de maduración de ideas e reflexión metódica. Posteriormente, será conveniente realizar unha análise seria do proxecto empresarial mediante a preparación dun plan de empresa rigoroso e serio que analice os produtos/servizos e o mercado para contrastar a priori a viabilidade do proxecto emprendedor, elixindo tamén a forma xurídica máis conveniente para o exercicio da actividade.

Pero o proxecto emprendedor, unha vez fundada a empresa e iniciada a actividade, non debe carecer de posibilidades de apoio, dado que as seguintes fases son as menos coidadas habitualmente polas administracións públicas; nas fases iniciais da actividade as persoas emprendedoras, malia o traballo previo, afrontan formas de decisión e situacións moitas


Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

veces inesperadas, polo que será interesante dispoñer de apoio específico neste período, como as redes de mentores ou programas de profesionalización básica en materias empresariais.

Os instrumentos que se propoñen son, polo tanto, multidisciplinares:



Ver cadro conceptual sobre os instrumentos de actuación multidisciplinares

Cadro elaborado por Patricia Murias Gil, técnico de orientación CSHG-USG

A Lei de fomento do emprendemento en Galicia baséase en dez principios e en medidas prácticas, que pretenden orientar e definir as políticas comunitarias e nacionais, entre os cales cabe salientar:

- Establecer un marco en que os empresarios e as empresarias poidan consolidar os seus negocios.
- Garantir que os empresarios e as empresarias que non fosen condenados por incumprimento da lexislación fiscal, penal, laboral e medioambiental que fixesen fronte a unha quebra teñan rapidamente unha segunda oportunidade.
- Elaborar normas conforme o principio de pensar primeiro a pequena escala.
- Facilitar o acceso das pemes ao financiamento e desenvolver un marco xurídico e empresarial que propicie a puntualidade dos pagamentos nas transaccións comerciais.
- Promover a actualización das cualificacións nas pemes e toda forma de mellora da súa competitividade, e favorecer a colaboración entre o mundo empresarial, as universidades e os centros de coñecemento.

Antecedentes

A Comunidade Autónoma, a través da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia e o seu desenvolvemento regulamentario, efectuou un profundo proceso de adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, proceso complementado coa simultánea tramitación telemática dos procedementos e a creación da sede electrónica. O resultado desa adaptación é a xeneralización da comunicación previa ou a declaración responsable como medio de control administrativo nos procedementos da Xunta de Galicia, de xeito que a autorización previa é excepcional e case residual.

O proceso non pode culminar sen que as administracións locais eliminen as pexas administrativas previas ao exercicio de actividades. Nese proceso é destacable, por unha banda, a introdución da comunicación previa ao inicio de actividades comerciais, introducida pola Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e, por outra banda, a decidida intervención do Estado con normas como a Lei 25/2009, do 22 de decembro; a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que introduce novos artigos 84 bis e ter na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e suprime a licenza de actividade, e a Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos. Cómpre subliñar tamén a actividade de moitos dos entes locais que establecen ordenanzas que introducen a comunicación previa ou declaración responsable nas actividades. Neste último caso, o labor non se pode completar sen que a Comunidade Autónoma estableza un réxime xurídico único e estable nas actividades que regula pero que non autoriza, ao ser competencia exclusivamente municipal e estar sometida a licenza de actividade. Son as denominadas actividades inocuas, as clasificadas e as actividades recreativas e os espectáculos públicos.

A regulación común do réxime de control administrativo das actividades

A regulación existente, ou é estatal e aplícase supletoriamente —caso das actividades inocuas co Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955—, ou debe ser actualizada para adaptala ao novo marco normativo —caso do Decreto 133/2008—, ou atópase fragmentada —caso dos espectáculos públicos, regulados por un regulamento estatal de 1982 e por un catálogo aprobado por decreto da Xunta de Galicia.

O novo texto establece un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia, eliminando de xeito pleno e efectivo a licenza de apertura previa á instalación e ao inicio da actividade (licenzas de actividade ou instalación e de apertura ou funcionamento). Neste sentido, a lei dá cumprimento en Galicia ao disposto no artigo 41 da Lei de economía sustentable, que determina que, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo.

Principais modificacións:

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Atopámonos ante un elenco de medidas que avanza nas ideas de potenciación da dimensión local do emprendemento, valorizando a actividade das institucións e dos axentes locais⁶⁸.

- Para que a liberalización de actividades sexa efectiva é preciso modificar a regulación das licenzas de obra, de xeito que se establece un réxime xeral que é o de comunicación previa xunto cunha reserva para a licenza naqueles casos en que unha norma estatal así o esixe, singularmente a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e o máis recente artigo 23 do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.
- En prol de que a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial poida realizarse no menor tempo posible axilizando os procedementos de control, pero ao tempo dar seguridade xurídica ao interesado, a terceiros e á propia administración, créanse nesta lei as entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom), que se configuran como as que avaliarán a conformidade daquelas respecto da normativa aplicable en cada caso no ámbito municipal.
- A intervención das entidades de certificación de conformidade municipal será facultativa, e non substituirán en ningún caso as potestades de comprobación, inspección ou calquera outra da Administración, pero serán as responsables fronte a ela dos extremos obxecto de certificación.
- Tendo en conta que o labor das entidades de certificación da conformidade debe levarse a cabo cun elevado nivel de calidade e de profesionalidade, que se deben rexer conforme os principios de imparcialidade, confidencialidade e independencia, que o seu labor terá efectos administrativos para os cidadáns e máis que o seu funcionamento e actos estarán baixo o control da Administración, está xustificada que por razóns de interese xeral a súa actividade estea sometida a autorización administrativa previa nas condicións recollidas no artigo 5 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, establecéndose para iso requisitos obxectivos que garantan a non discriminación e a proporcionalidade.

68 *Ideas todas elas defendidas por Marginson & Rhoades cando pediron un marco conceptual máis alá do estado nación, os mercados nacionais e os sistemas e institucións nacionais de educación universitaria para considerar as axencias organizativas e humanas a diferentes niveis. "Beyond national states, markets, and systems of higher education: a glonacal agency heuristic". Higher Education, 43, páxinas 281 a 309, 2002.*

Xurisprudencia contencioso-administrativa

Jurisprudencia
contencioso-administrativa

Contentious-administrative
jurisprudence

45
Regap

FRANCISCO DE COMINGES CÁCERES

Maxistrado (Galicia, España)
francisco.cominges@vigo.org

Recibido: 15/05/2014 | Aceptado: 05/06/2014

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Índice: I. Administración local II. Contratos públicos III. Estranxeiría IV. Persoal V. Tributos VI. Urbanismo e ordenación do territorio

I Administración Local

1 Procedemento sancionador contra habilitados nacionais. Competencia para a suspensión provisional de funcións do Secretario dun Concello

A **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** —TSXG—, S^a do Cont.-Ad., Secc. 1^a, do **24 de outubro de 2013** (rec. apel. 253/2013), confirma a anulación da resolución do Alcalde do Concello de Palas de Rei de suspensión provisional das funcións do Secretario-Interventor municipal con motivo da incoación contra este dun procedemento sancionador pola posible comisión dunha infracción moi grave. Considera o TSXG, en primeiro lugar, que consonte co disposto no artigo 150.1.b) do Texto Refundido da lexislación do réxime local (RDLex. 781/1986, de 18 de abril), correspóndelle en exclusiva á «Dirección General de Administración Local» a competencia para incoar expedientes disciplinarios contra os funcionarios habilitados nacionais que poidesen finalizar con sanción de destitución ou separación do servizo. E, en segundo lugar, que polo tanto carece o Alcalde da posibilidade de adoptar medidas cautelares nesos procedementos sancionadores, como a suspensión provisional do secretario-interventor.

2 Procedemento de aprobación dos orzamentos e do cadro de persoal municipais. Omisión de negociación colectiva. Nulidade

O **TSXG**, S^a do Cont.-Ad., Secc. 1^a, na súa Sentenza do **19 de febreiro de 2014** (rec. apel. 84/2012, relator: Ilmo. Sr. Díaz Casales), anula os orzamentos e cadro de persoal do Concello de Verín do ano 2011 por incumprimento da obriga de negociación colectiva previa, coas seguintes consideracións:

«Pues bien, es evidente que la convocatoria no responde a la petición del sindicato recurrente que vista la composición de la mesa, tiene representación mayoritaria en el Consistorio, al triplicar a las otras 2 organizaciones sindicales. Además resulta que el Ayuntamiento desatendió la obligación impuesta en el Art. 34.6 del EBEP, con arreglo al cual la mesa habrá de convocarse, a falta de acuerdo entre sus componentes, en el plazo máximo de un mes desde que una de las partes legitimadas la promueva, salvo que existan causas que lo impidan.(...) Pues bien, si como decíamos más arriba negociar significa proponer cuestiones, modificar criterios, apuntar soluciones o problemas, detallar elementos, plantear y tratar todo el amplio abanico de opciones que puedan plantearse, y tratarse ante un concreto punto de debate, en el presente caso el principio de buena fe negocial, impuesto en el número 7 del Art. 34 del EBEP, hubiese exigido que al menos se detallara en el acta las razones esgrimidas por la administración para no tratar las cuestiones planteadas, cuando todas ellas se encuentran incluidas en el catálogo de materias que deben ser objeto de negociación, contenido en el Art. 37 de la misma ley y, en su caso, la remisión a posteriores reuniones o, incluso, específicas mesas sectoriales».

II Contratos públicos

Na **Sentenza do 12 de febreiro de 2014** (rec. 7197/2011, relator: Ilmo. Sr. Cambón García) o **TSXG**, S^a do Cont.-Ad., Secc. 2^a, desestima a reclamación indemnizatoria presentada por varios arquitectos fronte á Xunta de Galicia polos traballos que realizaron para ela por un encargo verbal non precedido de procedemento de contratación. O Tribunal considera que prescribiu o prazo establecido para reclamar. E insiste tamén en que:

